

A OBSESIÓN ARMAMENTÍSTICA

O día 26 de febreiro unha representación do I.E.S. Melide foi invitada ao pleno extraordinario polo día da paz. O noso representante, David García Mella, leu o seguinte discurso:

«En primeiro lugar, falar da forza da palabra e os seus dous camiños: o camiño da paz e o camiño da guerra.

Porque, frecuentemente, a palabra é unha arma ao servizo duns poucos, utilizada:

- para enganar, involucrándonos en guerras con fins sempre lucrativos,
- para disfrazar situacións de inxustiza,
- para gañar audiencias que, recreándose no morbo, afúndennos nunha espiral de violencia que fai que esta sexa algo normal nas nosas vidas.

Palabras que feren, que insultan, que acosan, que discriminan...; tamén aquí, nas nosas casas, nas nosas rúas, nos nosos institutos.

Palabras que acaban por se converter en navallas, en pistolas, en bombas.

A nosa vontade, é, sen embargo, utilizar a palabra para construír a paz. E así, dende aquí, quixéramos dar a palabra:

- Aos refuxiados angoleños, mortos de fame nun país rico en petróleo e diamantes,
- Ás mulleres que, en países como Afganistán, non teñen dereito á educación nin ao traballo,
- Aos esquecidos e discriminados indíxenas de Chiapas,
- Aos habitantes da República Democrática do Congo, teñen a desgraza de vivir nunha das rexións máis ricas do planeta, o que esperta a avaricia das grandes potencias mundiais, interesadas en potenciar o conflito que sofren. O seu coltán, co que fabricamos os nosos preciosos teléfonos móbiles, está bañado no sangue do seus mil mortos diarios, dos nenos soldados.

Quixéramos dar a palabra a tantos e tantos millóns de seres sen voz! É dicir, que preferimos alimento a bombas en acio, ambulancias a carros de combate, mestres a soldados, xoguete a minas antipersoas, medicamentos a bombas biolóxicas, libros a avións de combate.

En segundo lugar, e sobre todo, quixéramos denunciar a tremenda hipocrisía dos nosos fermosos discursos sobre a paz; espertar as consciencias das grandes potencias mundiais, que miran para outro lado mentres enchen os seus petos con cartos manchados co sangue doutros seres humanos; chamar a atención sobre a ineficacia da ONU («garante a paz, a seguridade e o respecto dos dereitos humanos»); esixir aos que teñen poder para facelo, un compromiso real para procurar a paz.

Para rematar con palabra de Gandhi: «apuramos xa todos os nosos recursos en canto a oratoria e discursos se refire; xa non basta con regalarnos os oídos, con regalarnos a vista, senón que é preciso que cheguen a tocar os nosos corazóns, facer que mans e pés se movan».

A nosa visita constou dun curto paseo polo edificio do parlamento, a estancia no propio parlamento onde escoitamos os distintos discursos de políticos e membros doutros institutos de Galicia e, para rematar, un pequeno aperitivo no que tivemos a oportunidade de coñecer os membros da cámara, os nosos representantes, e compañeir@s doutros institutos.

Despois desta experiencia sentimos un gran agradecemento pola invitación.

IRIS PARRADO B1C, MARIANA RODRÍGUEZ E LAURA VÁZQUEZ B1B





4º DE ESO FALA

Teñen o pensamento fluído no seu interior. escoitemos a súa expresión liberada das cadeas dos formatos tecnocráticos que constrúen a vida escolar. Orden-caos, dinamismo grupal en constante recreación de zoas de desenrolo próximo, converxencias de informacións, intereses, textos e emocións que dotan o rapaz dos recursos necesarios para a produción dun pensamento situado dende a ruptura das rutinas esclerotizantes que a vida académica propicia. Procesamento secuencial e simultáneo da información, planificación conxunta e implicada das actividades, traballo cooperativo, estéticas que falan e diversos estilos de aprendizaxe atendidos. Estratexias que investigacións e distintos estudos das ciencias correspondentes ao saber do comportamento humano (antropoloxía cultural, etoloxía, neurofisioloxía, sociobioloxía, ciencias da educación...) propio da profesión de ensinante, fai moito tempo que constataron, e que moitas veces non só son ignoradas, senón tamén convertida tal ignorancia case nun valor, e cando non, manifestándoa cunha tranquilidade e desfachatez que nos poñería os pelos de punta si o víramos noutras profesións. E o diagnóstico exclusor é para o rapaz...e nós reproducindo dende a escola as bases dun sistema que dicimos rexeitar...

Démoslles a palabra, nos xa falamos dabondo...

...Tamén me parece que o racismo ten que ver coa política, porque se no mundo todos os países fosen iguais non habería racismo e desigualdade, porque todo isto se debe a que nos países menos desenvolvidos a xente vive a duras penas e se atopan a primeira saída fan o que sexa para logralo. Cando o conseguen a xente desconfía e discrimina pola forma de vida...

IGNACIO FERNÁNDEZ

...unha cousa polo que se producen estas mortes é pola sida. Os fármacos que os poden salvar da morte soamente chegan ao 28 por cento dos que os necesitan... Se todas as persoas fósemos racionais solucionaríamos o problema da desigualdade...

XISELA FUCIÑOS

...A culpa é nosa, a culpa da

súa pobreza, debemos rectificar, porque rectificar é de sabios, temos que axudar á xente acolléndoa ben, para solucionar os erros pasados... Como non estar de acordo coa inmigración cando nós hai uns anos tamén tivemos que facelo...? Porque cando alguén morre de fame desaparecen as diferenzas entre un español e un marroquí...

SERGIO GARCÍA

...a maior parte deles son menores e hai tendas que lles venden alcohol...o peor é que a policía o ve e non se preocupa por impedilo... para facerse o chulo diante dos demais, porque parece que se non bebes es unha merda...

DIEGO RAMOS

Cada vez é máis preocupante o consumo de alcohol... cada vez comezan máis cedo ...o peor é que teñen



moi fácil o acceso ás bebidas alcohólicas... en moitos casos os pais non os informan adecuadamente...

JAVIER YÁNEZ

...a causa do accidente foi a gran cantidade de alcohol que tiña o condutor... viñan de facer botellón e ían a gran velocidade...A gran razón pola que beben os mozos galegos é para que pensen que son máis fortes e crese que xa son adultos...

ANÍBAL MEJUTO

...estudantes da ESO consumen drogas habitualmente...

4º DE ESO FALA



....todo isto que agora non notamos acabaranos pasando factura... ..a xente máis maior xeneraliza moito, engloba a todos os mozos por igual, consumamos ou non... ..Ás veces tamén poden ser os adultos os que provoquen esas situacións, non?... ..por que moitas veces non se inmutan en intentar entendernos?

EDURNE SUÁREZ

Hai moitas series, «as mellores series» sempre utilizan a violencia. O primeiro que habería que cortar serían ese tipo de programas. Outra cousa sería internet que se queres facer algún masacre como a de Finlandia, tes páxinas nas que se di como debes facelo e todos os pasos... ..os videoxogos que son para maiores de 18 anos e pódenos comprar os de 10. ...os videoxogos tan violentos poden causarlles aos rapaces «traumas» e meter a violencia neles.

JUAN MANUEL AGRA

...Os robots poderíanse usar para cometer delitos e matar a xente. Tamén a través de iso poderíase controlar máis á xente e iso non é bo, porque a xente tan que ter privacidade e no futuro o máis seguro é que haxa cámaras por todos lados...

ALEX RODRÍGUEZ

...A violencia aos maiores poderíase evitar axudándolles a pasar máis tempo con eles... ..as persoas maiores protestan dicindo que eles tamén son persoas... ..centos de miles de anciáns están a sufrir esta violencia...

IVAN MEJUTO

«chicos ebrios eluden o hospital para evitar que informen aos seus pais.» ... os nenos creñen máis guais, están máis soltos, pero teñen as súas consecuenciasaquí en Melide non hai control de se se vende ou non alcohol a menores...

ALFONSO FREIRE

...e sempre se repite o mesmo sistema un agresor, un agredido e un neno que grava os feitos... En toda pelexa sempre hai testemuñas que non queren declarar por medo a que se vaian meter en problemas...

ISMAEL LÓPEZ

...O cambio climático causa variacións xenéticas e migratorias nalgúns animais. Por culpa do cambio climático, ás aves xa non lles fai falla emigrar porque entre o verao e o inverno xa non hai tanta variación de temperaturas. Así as aves se amontoan e escasean os alimentos e o espazo. Por iso hai que reducir a contaminación...

DIEGO FERNÁNDEZ VÁZQUEZ





4º DE ESO FALA

...O cambio climático aféctalle tanto ao planeta como a todos os seus habitantes... ..afecta a todo tipo de seres vivos, cambia a migración dalgunhas aves, varían xeneticamente, algunhas como o ferreirolo ou o ferreiriño real baixan de peso... Para min é o tema máis importante, a xente mátese e é grave, pero se non temos a terra non existimos...

MARTÍN AGUIÓN



...As drogas fanche outra persoa distinta, porque fas outras cousas distintas ás que estás acostumado a facer, eu penso que a maioría das pelexas que hai son pola culpa das drogas...

CARLOS MOSTEIRO



...A xente consume drogas, eu creo que para facerse máis chulo, pero agora vendo o que lle pasa á xente, pois algúns déixano e outros xa non o proban... ..nas escolas hai violencia porque uns nenos péganlles a outros ou aos seus pais, isto pode estar provocado polos pais, se un pai lle pega á súa muller dende que o rapaz é pequeno, o rapaz aprende do seu pai...

CRISTIAN MARTÍNEZ

...As drogas quítanche a túa personalidade cando as tomas, porque fan que teñas un comportamento diferente ao de todos os días... ..O cannabis triplica o risco de sufrir trastorno mental... ..no botellón podes coller un coma etílico e quedar deitado por aí nunha beirarrúa...

IVAN VÁZQUEZ

..A anorexia é un trastorno alimentario que afecta a moita xente, a maioría mozas novas... ..o 10% morren e o 30% nunca se cura... ..algunha delas usa internet para propagar a teoría de que forman unha comunidade que comparte un estilo de vida, o que aumenta o seu risco e dificulta aínda máis a súa recuperación...

RAQUEL CONDE

...Nunca hai un eu sen ti. Cando marxinamos a unha persoa da sociedade moitas veces convértese nunha persoa violenta... ..A ciencia en teoría non podería deducir todo o que di, non todo $4 + 4 = 8...$

ALBA FERNÁNDEZ

Ás veces podemos chegar a pensar que nos encantaría saber todas as cousas, sabelas deducir, ... ao mellor non é tan bo deducir e com-

prender todo, se todos o fixésemos chegaría un punto no que seríamos iguais, e a min gústame ser como son distinta e única, cada un ten as súas cousas, todos somos distintos, pensamos desigual; se non houberse cousas diferentes neste universo a min non me gustaría estar nel. Todos temos dereito a pensar diferente!!!!

SILVIA SUÁREZ



...ás veces os nenos ven películas violentas e despois imitan o que ven cos amigos e se lles gusta facelo mal vano seguir facendo e a culpa é dos adultos por permitir que os nenos vexan este tipo de programas... ..coñezo varios rapaces que ven preshing-catch e imítano... e pónense a pelexar. Se algún día alguén se mete con eles, van aplicar o que practican no xogo e ao pegarlle ao rapaz poden facerlle feridas graves...

AITOR VÁZQUEZ

...Hai persoas que están obsesionadas con outras persoas, como por exemplo a desaparición de tantos nenos e nenas, nunca máis eses nenos aparecen e se aparecen é mortos; o sufrimento

4º DE ESO FALA



dos pais é moi duro, ver como os seus fillos desaparecen é moi duro...

ANA SANCHEZ

...a moral é o que rexe por exemplo que os días con choiva son tristes, pero a razón di que un día é como outro, ese día certo é que se non te queres mollar non podes saír da casa, isto é de lóxica...

...que pasa coas cousas que che pasan na vida?, como pode explicar a química o que sufrimos cando nos morre un ser querido, cando un amigo nos abandona...? non hai maneira de saber ese sufrimento ate que che ocorre...(Patricia Vázquez)

...O cambio climático está moi avanzado xa, e se en lugar de estudar tanto o que pasa, fixeran por intentar cambialo, sería moito mellor...Hai moitos científicos que fan estatísticas sobre algo malo que pase no mundo e non intentan buscarlle solución...

LIDIA RODRIGUEZ

...Opino que o mundo natural está formado por moitas cousas, pero especialmente polas relacións entre elas. Por exemplo, fálase de que a violencia é causada entre outras cousas polas relacións

sociolóxicas, pola xenética de cada persoa ou polo que el ou ela desexa... ..Pero, como pode ser posible que alguén poida saber o que desexa, é dicir, ser libre para escoller se estamos influídos constantemente pola sociedade e o que poidan pensar de nós? ...

ANDREA VÁZQUEZ



As xeracións de rapaces procuraron formas de romper e diferenciarse do resto. Un rapaz cando bebe está proxectando a imaxe de ser maior. Pensa que sabe o que fai cando bebe, pero é do revés. Non se imaxina o que pasa...

CRISTINA VÁZQUEZ

...o rapaz de Nigrán que lle deron unha malleira mentres o gravaban co móbil. As vítimas habituais soen ser rapaces pacíficos, tímidos, introvertidos e sobre todo vulnerables. Porque sexan diferentes aos outros rapaces non por iso deben ser maltratados. Os maltratadores soen ser personaxes inseguros e provocadores que non maduraron a capacidade de sentir ao sufrimento alleo...

XURXO PAZOS

...Tamén me preocupa que haxa xente moi nova

drogándose e emborrachándose tanto como para chegar a comas etílicos..., por exemplo poñen titulares no xornal de que o consumo de cannabis triplica o risco de sufrir trastornos mentais, e ese montón de rapaces consumidores están xogando a vida cando aínda lles queda moito por vivir e descubrir...

XAQUIN CARRIL

...Porque a min danme pena rapaces de 12 anos ou menos aínda que anden cheos polas rúas adiante, e non saiban onde están pola causa do alcohol. ... moitos venden alcohol a menores de 18 anos e isto está prohibido, polo tanto deben multar ou ir encima deles que o que fan é ilegal...

ALEXANDRE SANCHEZ



...Por que algo ten de ocorrer dunha maneira e non doutra? A razón científica razoa as cousas como as ve, non como as sente... ..sempre haberá algo que nos impida facer outro algo, co que sempre estaremos atados á escravitude da nosa existencia.

UXIA PARRADO



4º DE ESO FALA

....Como se pode falar de prosperidade facéndoo exclusivamente en termos de posesións materiais? Esta é unha pregunta que cada persoa debería facerse....
 ...Ningún se cuestiona que a nosa forma de vida estea a converterse nunha realidade sen sentimentos e sen capacidade de comprensión. Nada se cuestiona mentres as estatísticas de economía nos sigan asegurando un ritmo maior. O benestar mídese segundo a posesión de bens materiais...

JUDITH RAMOS



Intres

8

Xuño 2008

...O racismo é algo que invoca á violencia... ...Todos temos dereitos pero non se cumpren. Por que as leis son diferentes en cada país se todos somos humanos? Por que non podemos ter unha lei común? Fágome moitas preguntas, creo que sen resposta e sen solución.

MARGA LÓPEZ

...O peor de todo é que sufran todo isto en silencio, pois eles non din nada, e os adultos non se dan de conta, porque é o típico de preguntar: «que che pasa? «E dinlles: nada, e pensan: «estará cansado, sairálle un exame mal e por iso está triste...e moitas máis, estas son as típicas cousas que pensan, e

pode ser que os rapaces estean recibindo acoso escolar...

SILVIA GARCÍA

...haberá que tomar algunha medida para que non sexa tan necesaria a existencia desas fábricas que nos fan tanto dano, xa que é tan perigoso, por que é tan necesario?, para que se descontrole máis o cambio climático?... ...as nosas vidas non poden estar libres pensando o que nos pode pasar a toda a humanidade. As nosas vidas están dominadas polos nosos pensamentos e preocupacións...

YOLANDA MONTERO



...eu penso que a violencia pode aparecer en parellas de todas as capas sociais, en todas as razas, nunca deixes que a túa parella controle todo o que ti fas nin que che pida explicacións por todo, iso pode levar á violencia...

EVA VAZQUEZ

4º DE ESO FALA

...As persoas aprenden a pensar cando son pequenos como lles ensinan, se aos rapaces dende pequenos non se lles ensina o que é a razón ética das cousas, é posible que acaben facendo burradas como as que sacan nos xornais...

M^a CARMEN RODRÍGUEZ

..É a que decide, a forma de enfocar as cousas e sobre a que se emiten discusións e razoamentos, son as emocións que sentes ao ver un problema, como queres resolvelo, esa é a razón ética...

DIEGO FERNÁNDEZ MATO

...os científicos deberían encontrar algunha forma para que contaminemos menos porque estamos facendo dano a nós mesmos e tamén ao planeta... ..ultimamente estanse a facer moitos estudos pero non se pon solución...estannos mentindo porque eles teñen solucións á contaminación...

SANDRA VÁZQUEZ

...Eu podo opinar isto das máquinas porque teño independencia ao expresarme... ..outro tipo de máquinas como os videoxogos e as videoconsolas converten a certas persoas en persoas sen capacidade de comprensión da realidade...

CRISTINA SÁNCHEZ

...para isto é necesario un cambio nas estruturas da sociedade para acabar coa violencia de xénero... ..isto temos que cambialo e as mulleres aguantar moito me-



nos aos homes... ..en todas as parellas hai discusións, pero por favor ¡¡NUNCA, NUNCA!! chegar as mans, as agresións... ..non podemos vivir nunha sociedade con maltratadores...

M^a CARMEN SÁNCHEZ

...o rapaz anuncia as súas intencións en internet... ..eu penso que o fixo porque tiña problemas coa familia na casa ou porque no instituto metíanse con el.....penso que as prevencións chegan demasiado tarde porque xa foron maltratados moitos nenos e nenas... ..e seguirá a violencia nas institucións educativas....

PATRICIA FUENTES

...nesta época prodúcense moitas desgracias en rapaces e é cando a familia dáse de conta que tiña que estar máis atentos a eles... ..os estudantes agredidos confesan que non pedirían axuda aos adultos...

DIEGO GAREA

...Xa que nós non podemos seguir uns estudos «de expertos», xa que non sería o

que pensamos, xa que o estudo foi feito por unha persoa e sempre vai ir influenciado polo que ela pensa e non polo que ti sentes...

LUCÍA PÉREZ

...Os comas etílicos son a causa do botellón... ..pode que sexa por non ser menos que os demais aínda que saibas que non está ben... ..Todo ten un sentido, moitas veces non se atopa pensando no que pasa no mundo, senón pensando en nós mesmos, na nosa maneira ou forma de velas cousas e pensar...

LAURA SEGADE

...Porque se casas con ela é para respectala, non para pegarlle. A min isto dáme moita rabia porque cada vez hai máis mulleres maltratadas. Porque os homes se cren superiores, e as mulleres inferiores....

ALBA RÚA



NOVA REFORMA DO CODIGO PENAL DE CIRCULACIÓN

ALCOHOL E XUVENTUDE

OLA AMIGOS:


Xa sabedes que 3 días antes da ponte da Constitución entrou en vigor a nova lei de circulación con sancións tan duras como é o ingreso no cárcere.

A nova lei pode mandar á cadea aos infractores que superen a velocidade permitida en 60 km/h en vía urbana ou en 80 km/h en vía interurbana (así, conducir por enriba dos 200 km/h en autovía pode ser castigado con penas de 3 a 6 meses de cárcere e traballos en beneficio da comunidade) ou á xente que conduza cun alto índice de alcohol en sangue (0,60 miligramos por litro en aire expirado). Ademais, estas dúas accións levan á retirada do permiso de conducir por un período mínimo dun ano.

Con esta nova medida a DXT pretende reducir a siniestralidade nas estradas españolas (que, por certo, conta cunha das porcentaxes máis elevadas a nivel de Europa) e, sobre todo, reducir o número de mortes e eliminar das estradas españolas os camicaces que provocan a morte de persoas inocentes sen culpa ningunha, só polo feito de que a eles lles guste correr ou beber alcohol en exceso.

Así que, se vosoutros non queredes ir presos por este tipo de accións, xa sabedes, os sábados de marcha pasade sen beber ou ide en taxi para a casa, e tede moito tino con pisar o acelerador, que xa se sabe que á maioría dos xoves nos gusta correr.

PABLO MATO GÓMEZ B1C



A saúde é o máis importante, esta é unha frase que oímos dicir case todos os días, mais ás veces caemos en erros que nos fan perder esa saúde.

Hai moitas crenzas arredor do alcohol pero non son certas:

«Beber é divertido». Non é necesario beber alcohol para pasalo ben. Ademais o alcohol impídenos saber o que facemos e moitas veces provoca tristura e malestar.

«Beber produce calor», pero en realidade moitas persoas alcohólicas morren conxeladas nas rúas no inverno.

«O alcohol é afrodisíaco».

Non é verdade, xa que reduce a potencia sexual.

«Beber axuda a esquecer os problemas». Os problemas non desaparecen porque se beba e ademais virán outros derivados do abuso da bebida.

O único que é verdade é que o alcohol pode crear unha adicción que pode ser moi importante sobre todo se se comeza a beber de moi novo.

Por todo isto, mellor será levar unha vida sa sen alcohol, xa que podémonos divertir sen unha copa na man.

JESÚS SOENGAS



OS BANCOS DO TEMPO

O outro día, estaba vendo a televisión cando oín falar por primeira vez dos bancos do tempo.

Estes bancos non teñen caixeiros nin tarxetas de crédito senón que se basean no troco de servizos. Ti fas algo para outra persoa e máis tarde, alguén fai algo para ti.

A eles acoden as persoas que poden ofrecer un servizo no seu tempo libre (por exemplo, dar clases de francés) e ese labor queda rexistrado nunha lista. Quen precise ese servizo, reclámao e, a cambio, anótase na mesma lista ofrecendo aquilo que sabe facer el (por exemplo, cortar o pelo). Tense en conta o tempo empregado, se dás dúas horas de clase, tes que beneficiarte do mesmo tempo que ofreces aos demais.

Nestes bancos, todos podemos ser útiles porque sempre hai algo que ti sabes facer.

Imaxinades poder recibir servizos sen ter que pagar nada, unicamente intercambiando habilidades e tempo? A min paréceme unha idea xenial, e a vós?



OPINIÓN PERSOAL SOBRE O ABUSO SEXUAL



O I a ! !

Chámome Elodie. Decidín falar sobre este tema, xa que é un dos que máis preocupa á sociedade actualmente. Non sei se son a persoa máis indicada para falar disto, porque a min nada me ocorreu pero preocúpame polo que me poida pasar no futuro ou a outra xente do meu arredor.

Neste traballo intentarei facer entender a quen o lea que isto é un erro e hai que intentalo corrixir como outros tantos problemas.

Principalmente vou falarlle ao presunto agresor, a pregunta que sempre nos faremos é: por que o fas? E aínda que non saibamos a resposta, eu respondereina coa miña opinión. Eu penso que un agresor que está facendo un abuso sexual, faino por divertimento ou porque ten problemas psíquicos, porque nunca será xustificadísimo abusar dun menor, sobre todo nenas, que non poden andar soas pola rúa polo medo que hai de que che poida ocorrer a ti, e ademais a maioría dos agresores logo ou se suicidan ou se entregan á policía, logo é cando verdadeiramente

nos preguntamos para que fixeron sentir esa dor para que ao final vaian para o cárcere?, nunca se saberá o que pasa pola mente dun psicópata.

Agora pensarei o que pensan os que sofren este abuso, eu defendendo este posto, penso que xa cos casos que houbo deste abuso, as persoas xa nin se atreven a saír da casa só por medo polo que poida ocorrer, canta xente queda na casa antes de saír e logo volver soa á casa? Miles de persoas prefiren quedar na casa antes, e isto é inxusto, porque ademais fan sufrir a unha persoa inocente que xa nin pode vivir a súa propia vida. Isto non pode ser así, temos que acabar con isto.

Aínda que claro, agora o problema é como solucionaralo, como facer que esas persoas cambien de mentalidade...pero eu pododo aseguravros que as persoas que o fan son lunáticas, e que non teñen remedio, iso é o malo deste problema, que parece que non ten solución.

E con isto quérovos abrir os ollos e que vos deades conta do que estamos sufrindo e que ten que acabar xa!!!

Como consecuencia, así estamos...con medo, e aínda que non teña solución podemos mellorar, non perdamos a esperanza!



¿QUÉ OCULTAN AS GRANDES MULTINACIONAIS?

¿A que nunca te paraches a pensar na cantidade de persoas que son explotadas no mundo para facer a roupa que levas hoxe posta?

Neste artigo queremos denunciar a precaria situación laboral que sofren todas estas persoas en comparación coa xente occidental.

Nestlé S.A.



Empresa produtora de alimentos y lambetadas. Impútanselle accións como a comercialización de alimentos para bebés mediante métodos prohibidos internacionalmente, explotación e escravitude infantil a través dos provedores de materias primas. Os homes son explotados sobre todo na produción de cacao e café. Nestas plantación traballan miles de nenos escravos. A empresa considera positiva a utilización de alimentos xeneticamente modificados e en Colombia impútaselle a venta de leite en po caducada.

Zara

O dono, representante e creador desta gran empresa, distribuída por todo o mundo, Amancio Ortega é un dos homes máis ricos a nivel mundial e español. Este señor aporta gran importancia a



Galicia dado que leva a moda galega por todo o mundo e as súas tendas están nas mellores rúas, nas mellores cidades.

Pero, por outro lado, a súa empresa esconde unha grande explotación. Intermón Oxfan denunciou a esta empresa polas condicións indignas dos seus traballadores e a súa explotación salarial. Esta asociación o que pretende é conseguir unhas condicións humanas para todos os seus traballadores que na súa maioría son nenos de entre 10 e 14 anos.

Intermón Oxfan non foi a única asociación que denunciou a Zara. O vicepresidente de Unión Democrática de Traballadores do Têxtil denunciouna pola falta de información e formación dos seus traballadores que ocasiona a explotación laboral. Zara busca a comodidade, unha produción máis barata, rápida e flexible e dálle igual como sexa aínda que leve por diante a infancia de nenos de 10 anos. En Camboxa un traballador de Zara cobra aproximadamente uns 37 Euros.

Nike.

Esta multinacional conta aproximadamente con 22.000



traballadores e calcúlase que 1.000.000 de persoas producen para Nike en todo o mundo. No 2.002 as súas vendas ascenderon a 10.600 millóns de euros. A sede da empresa está situada en Beaverton (Oregón, E.E.U.U); cando se lanza un novo produto os xóvenes acampan ás portas da sé para ser os primeiros en conseguir o prezado ben.

En Xaneiro do 2.001 caeron acusacións sobre a fábrica mexicana de Kukdo: os seus empresarios son multimillonarios mentres que unha costureira chinesa cobra 17 cent. por hora traballada.

Houbo acusacións contra Nike por despidos ilegais e polas medidas represivas de cara aos traballadores que protestaron. A raíz das protestas internacionais, Nike formou unha comisión investigadora, que cita testemuños de traballadores que afirman que rapaces de entre 13 e 14 anos traballan en Kukdo.

Sobre a gran multinacional tamén recaen críticas con respecto a casos de acoso sexual, traballo infantil, explotación dos traballadores e irregularidades con outras empresas proveedoras.

Levi's.

Empresa produtora de roupa e complementos têxtils.

O MUNDO DA PUBLICIDADE



Posúe miles de tendas por todo o mundo e centos de fábricas situadas a maior parte delas en Asia e en América do Sur.

Comercializa con pantalóns, **c a m i s e t a s**, chaquetas...Producidas por costureiras e outros traballadores.

A maioría destes traballadores son nenos que, en vez de estar na escola como calquera outro neno de occidente, están traballando para persoas descoñecidas, que o único que saben facer é aproveitarse da inocencia e da necesidade destes nenos.

Os traballadores son sometidos a intensas xornadas de traballo, xa que a maioría dos días duran até máis de 12 horas.

O soldo de todos estes traballadores é de aproximadamente uns 3 euros ao día e moitas das empregadas son violadas por capataces e xente encargada da industria. Tamén poderíamos falar de empresas como Bayer, empresa farmacéutica que utiliza seres humanos como coellos de indias; Walt Disney, empresa cinematográfica; Ford, empresa automobilística; ...desgraciadamente a lista é interminable...

Así que, amiguiños... Antes de mercar algúns produtos, pensade un pouquiño...

ALUMNOS DE ÉTICA E FILOSOFÍA DO DEREITO DE 1º DE BAC.

As persoas estamos rodeadas de publicidade; calquera de nós recibe entre 200 e 300 mensaxes publicitarias ao día.

Estas mensaxes chégannos a través de todo tipo de canles: desde a envoltura do produto, «spots» da televisión, pasando por xornais, revistas, carteis na rúa, etc...

Hai ben anos, cando naceu a publicidade, a súa función era fundamentalmente informativa: falaba das características do produto anunciado. Era unha publicidade con abondosas explicacións, de acordo con esa función informativa.

Nos anos 50-60 empezou o que hoxe chamamos «sociedade de consumo», o que motivou profundos cambios na publicidade. Agora non se preocupan de informar sobre as características dos produtos, senón de buscar o xeito de que non entren devezos de mercaos, aínda que non saibamos ben por que.

Nos medios de comunicación, a publicidade ten un papel moi importante. Os seus cartos son os que sosteñen ou arruinan unha publicación. Este é o motivo de que os xornais e revistas admitan unha grande cantidade de anuncios.

O tipo de linguaxe que se emprega na publicidade é moi especial. Emprégase un vocabulario técnico, onde non interesa tanto a comprensión das palabras utilizadas como o efecto que produce no espectador.

A finalidade é chamar a atención, impresionar ao interesado.

A atracción dos «spots» ten unha explicación técnica: ao ser necesariamente curtos (é unha publicidade moi cara) teñen que proporcionar o meirande número de imaxes suxestivas nun breve espazo de tempo.

É case imposible libramos da influencia dos anuncios da televisión, pero o menos que podemos facer é tratar de descubrir as trampas máis evidentes desta publicidade, a que máis nos incita a consumir e desexar cousas que probablemente non nos fan ningunha falta.





MACHISMO

FEMINISMO AO PODER!

(COMO NON, ESCRITO POR UNHA RAPAZA)

Aínda que pensemos o contrario e sexa unha vergoña recoñecelo..aínda existe unha alta porcentaxe de homes machistas!!!!

Parece un disparate o que vos estamos a dicir, pero non fai falta remover ceo e terra para poder comprobalo.

Sen ir máis lonxe, un dos centros onde maior concentración hai de xente machista é o instituto!!!! (igual estamos sendo un pouco esaxeradas..) pero...si,si!! Neste mesmo!!

Pero tranquilos! , que non o dicimos polos profesores (que algún haberá por aí tamén eh!!!) senón que o dicimos polos alumnos do centro !!!(ben, sen xeneralizar), mellor dito; por algúns alumnos deste centro!! ben, por bastantes alumnos do centro!!!

É vergonzoso que a estas alturas da vida e dos tempos siga habendo machismo!!

Parece impresionante escoitar frases , refráns e comentarios machistas como « cal é o astro da muller..?? pois resulta que é o astropajo.. jaja, é que é para partirse (ironicamente, claro), nos tempos que corren e máis impresionante aínda resulta escoitar tales barbaridades saíndo de bocas de rapaces de entre 12 e 18 anos!!!

Pero nós xa sabemos que todo bo pintor ten que facer os seus bosquexos antes da súa grande obra, é comprensible que Deus fixese o mesmo coa creación dos homes e mulleres. Suponse que a medida que pasan os anos a sociedade debe de avanzar cara un mundo onde a muller viva en igualdade co home: vivir nas mesmas condicións, na que poidan traballar tanto homes como mulleres, gañar a mesma cantidade de cartos polo mesmo traballo desempeñado, repartir as tarefas da casa... entre outras cousas.

Ben, pois parece que en vez de avanzar.. estamos retrocedendo!!! Isto non se pode consentir!! Xa estamos chegando demasiado lonxe!!!!

A ver, que nós tampouco pedimos igualdade!! (sinceramente non podemos esixir que haxa igualdade entre homes e mulleres porque sabemos de sobra que o nivel da muller está moi alto como para que un home poida chegar a igualalo, e moito menos superalo!!) NÓS O QUE QUEREMOS É FEMINISMO.

*VIRGINIA FOCIÑOS Astrar & Noelia CAGIDE
VARELA B1B*

Nestes últimos tempos nas clases, sobre todo nas de filosofía, estase a falar moito do tema do machismo e feminismo, xerando este último moita tensión nos rapaces... Pois ben, a maioría destes están convencidos de que no mundo actual as rapazas estamos mellor valoradas e dánosen moitas máis vantaxes que aos rapaces... Agora imos falar claro: para empezar, o feminismo só pretende chegar á igualdade entre homes e mulleres sen dar preferencia a ningún dos dous sexos. Se non vos quedou claro isto, aínda quero aclarar que eu son totalmente partidaria da igualdade, pero, rapaces, tedes que recoñecer que sodes vós soíños os que sempre sacades o tema, por non falar de que nas clases sodes vós os que vos portades peor (isto non o digo eu, só hai que achegarse a unha aula calquera en hora de clase, á que queirades!!), tamén sodes vós quen armades barullo e escándalo, non o neguedes! Por se isto fose pouco, cando os profesores intentan poñerlle freo a estas situacións con amoestacións, partes ou simplemente cunha pequena «bronca», (aínda por enriba!) pódense escoitar comentarios do tipo: «claro, como son un rapaz...» ou «se unha rapaza fixese iso non lle dirías nada, seguro»... Imos ver, aos «homes» que dicides iso, reflexionade sobre isto: ás rapazas nunca nos dirán nada porque, realmente, nunca nos portaremos como verdadeiros animais salvaxes nas clases e nunca faremos comentarios de tan baixo nivel e faltos de lóxica coma vós. Se vos parades a pensar en pouco, dariádesvos conta de que tedes envexa nosa e sempre sodes vós os que nos poñedes por enriba vosa. Dito isto, quero volver a aclarar que eu son totalmente partidaria da igualdade entre homes e mulleres, aínda que aos rapaces lles pareza que non. Tamén quero aclarar que estas acusacións van dirixidas SÓ aos rapaces que pensan que ás rapazas nos tratan mellor, e, por enriba de todo, quero aclarar que hai de todo, tanto rapaces que se portan moi ben, como rapazas que se portan bastante mal (ambas as dúas especies son a minoría absoluta). A FINALIDADE DESTE TEXTO É SÓ FACER REFLEXIONAR AOS RAPACES E NON GABAR AS RAPAZAS.

UN BICO DE ALBITA.

OS «HOMES» E A ADOLESCENCIA...

Seino... esta é unha mestura bastante perigosa, e creo que todos sabemos por que. A adolescencia... esta etapa na que nin te entendes ti nin te entenden os teus... na que cambias... (algúns antes ca outros), na que tes amores e desamores, na que fas «parvadas» e cousas das que máis tarde -... algúns anos máis tarde- te arrepentirás, pero iso é normal, como din teus pais: «eso é cousa da edá» ou «tas cunha tontería enriba, miña filla», pero, como xa dixen, nin te entendes ti nin os teus. Ben, isto non era do que quería falar, senón que eu quería ocupar un pequeno oco para referirme a eses RAPACIÑOS, (si estes que cheiran a bravío) e que cambian do día para a noite (máis ou menos de 3º para 4º). Pasan de ser uns nenos que fan cousas de, aínda máis neno, a ser un mozo que se comporta como un rapaz de 5 anos, a diferenza entre as dúas é soamente física... Pasan de xogar ao fútbol no campo do instituto a sentar na cafetería a xogar ás cartas, e o que é peor, intentan comportarse coma se fosen homes (como se algún día fosen ter a suficiente madurez para selo...), isto é realmente o máis patético... Intentan «lighar» coas rapazas: 1º paso: pasan de cheirar a bravío (como dixen arriba), a cheirar a bravío mesturado con colonia... («pa' ghustarlles ás chavalas») 2º paso: comezan a botar «ghomina» no pelo, pero non, non, non a botan en cantidades normais, senón que para eles é unha obriga

que brille ben e que o pelo se quede acumulado en vultos deformes... non só iso, (3º paso) agora está de «moda» baixar ben os pantalóns até que a única prenda que tape o cu sexan os calzóns... isto é moi desagradábel para as rapazas, xa que creo que é bastante noxento saber a cor e a marca da roupa interior de todo «flipado» que hai polo instituto. Aínda se isto fose pouco, se a unha rapaza se lle ve un anaquiño de braga que asoma na cima do pantalón, escoitas comentarios deste tipo: «Seica vas plantar ás patacas!» Ben, deixando de lado o aspecto estético (xa que non pararía de engadir pasos), vouvos falar do comportamento de «sobrados» que teñen entre eles: Exemplo: se hai unha moto aparcada polos arredores, xa están eles formando un círculo perfecto arredor dela e facendo comentarios en plan expertos e «homazos». Coas rapazas esta actitude de homazos nótase aínda máis, entre eles falan de cantas rapazas van «chimpar» o próximo sábado ou presumen das do sábado pasado... (nin a cuarta parte do que contan é verdade, pero é o que hai...) Para «lighar» coas rapazas estase poñendo moi de moda a táctica: Ir ao estilo monte. Explicome, esta táctica é de sobra coñecida por todas nós, para as que non a coñecedes é moi simple, só se escoita: «ei, corza, quen te pillara...!»



ou/e «ven pa' aquí que che fagho un arreghlo!» (ou máis cousas deste tipo) , entón, se xiras a cabeza, poderás ver o típico chulo cos «amighiños» ríndose por detrás, pois ese «homazo» está a usar a táctica monte (con este nome non se pretende discriminar os do monte, senón a xente que fala como se nunca aprendera un mínimo de cultura e educación). Por último (porque se non acabo xa podería acabar enchendo todo o INTRES), quero recomendarlles aos rapaciños de 1º ou así que tomen nota e a ver se dentro de algún tempo existe unha xeración de rapaces como é debido.

P.D : Poida que eu estea equivocada, xa que, como dixen, son adolescente e ao mellor non vos entendendo ou eu mesma non me entendo.

UN SAUDO A TOD@S. **A**



OS CINCO ELEMENTOS DA CULTURA CHINA

Fixen este traballo sobre a cultura china porque me parece moi interesante e, como sabemos tan pouco dela, podemos quedar sorprendidos. Esta información está sacada dun libro que se titula Medicina China, de Yves Régueira. ¿A que elemento pertence vostede?

Na cultura china podemos identificar cinco elementos, e ao mesmo tempo, o Yin e o Yang de cada un deles.

Os elementos son os seguintes:

O tipo madeira – Yang.

A este suxeito podémolo chamar «colérico»; é emotivo, activo e primario. Actúa e reacciona no presente, dunha soa peza, a miúdo sen reflexións nin perspectivas, por impulso ou por intuición. Executa os seus actos con vigor e precipitación.

É de humor optimista e combativo, pero non impide que sexa ansioso. Mirando para o futuro é entusiasta e repleto de proxectos.

O tipo madeira - Yin.

A este suxeito podémolo denominar como «nervioso»; é emotivo, non activo e primario.

Ten un humor cambiante, versátil e emotivo, sempre ansioso, e evita con facilidade esta realidade incómoda, refuxiándose nos soños. Esta inestabilidade de humor está relacionada coa inestabilidade de carácter.

Este suxeito traballa de forma irregular e soamente cando a súa actividade lle gusta.

O tipo lume – Yang

A este suxeito podémolo chamar o «apaixonado»; é emotivo, activo e secundario.

É un idealista apaixonado, dominado polo planeta Marte. Faría calquera cousa polo seu ideal. Sente intensamente as súas emocións, pero isto non

lle impide actuar con bo xuízo. Gústalle loitar polas causas sociais e humanitarias.

O tipo lume – Yin

A este suxeito podémolo chamar o «sentimental»; é emotivo, non activo e secundario. É hiperemotivo sentimental.

Todos os acontecementos lle penetran en pleno corazón. A súa hipersensibilidade faino oscilar sen cesar entre a alegría e a aflicción, o xúbilo e a pena.

O tipo terra – Yang

A este suxeito podémolo chamar o «sanguíneo»; é non emotivo, activo e primario.

É un extravertido que lle quita importancia a todo por ausencia de emotividade. Isto fai que teña unha aptitude verdadeira para a obxectividade. Ten, como din, «os pés na terra» e un bo sentido común que lle fai sentir a terra baixo os pés.

O tipo terra – Yin

Ao suxeito terra-yin podémolo definir como o «amorfo». É non emotivo, non activo e primario. Chamámolo o «indolente».

É un extravertido pasivo e toma a vida dende un lado bo, convencido de que todo se amañará. O seu lema é: «na vida non hai que preocuparse»

O tipo metal – Yang

O suxeito de tipo metal-yang podémolo definir como o «flegmático»; é emotivo, activo e secundario. Este suxeito é un ser de costumes, gústalle regular

tanto a súa actividade coma a súa conduta, con previsión e seriedade. Xeralmente é respectuoso cos principios, é un home de palabra e puntual.

O tipo metal – Yin

Podémolle chamar o «apático»; é non emotivo, por activo e secundario. É rigoroso, introvertido, reservado, recollido en si mesmo, e gústalle remexer no pasado. Ás veces séntese fóra da realidade.

O tipo auga – Yang

É un voluntario apaixonado. Podémolle chamar «apaixonado»; é emotivo, activo e secundario. Séntese predeterminado a defender as grandes causas, é capaz de reducir as súas necesidades até levar unha vida austera. Está disposto a sacrificar todo por unha causa xusta.

O tipo auga – Yin

É un sentimental conmovedor, emotivo, non activo e secundario. É ambicioso e ten aspiracións de futuro.

Sen embargo, non poderá abandonar os espazos xustos, perseverantes e eficaces.

Canto máis fracasa, máis reproches se fai.

Ademais é moi tímido, introvertido e recollido nos seus estados de ánimo.

Identifícate con un destes cinco elementos, e dentro deles a que pertences: o Yin ou o Yang.

GONZALO PAREDES BRUZOS, B1B




CURIOSIDADES NUMÉRICAS OU ISTO VAI DE NÚMEROS

Os *damara*, unha tribo bantú de África subecuatorial, contan collendo cunha man os dedos da outra. Sen embargo, nunca perden unha cabeza de gando, non porque as conten, se non porque atopan a faltar unha cara coñecida.

Utilizar as falanxes dos dedos das mans para contar foi un método amplamente utilizado entre os pobos asiáticos. Desta forma pódese contar, entre as dúas mans, ata 29. En China era frecuente que as mulleres levaran un control do seu ciclo menstrual atándose un pequeno lazo na falanxe correspondente.

Os romanos poñíanlle nome propio ós seus fillos, pero só ata o cuarto, a partires deste, numerábanse deste xeito: *quintus* (quinto), *sextus* (sexto), *octavius* (octavo), *decimus* (décimo). No caso da familia numerosa non era raro que a un fillo lle tocara chamarse *numerus* (numeroso).

No reino animal atópanse numerosos exemplos d especies capaces de contar con precisión. As avespas solitarias, por exemplo, son capaces de contar o número de larvas vivas que deixan como alimento nas celdiñas nas que puxeron os ovos. Fano sempre cun número exacto: 5, 12 ou 24. |



A primeira calculadora portátil da historia data do século I a.C., utilizábana os romanos e consistía nun ábaco construído nunca pequena táboa metálica na que había unhas regañas paralelas polas que podían deslizarse un conxunto de boliñas de igual tamaño.

Se temos unha morea de grans de area e os imos retirando un a un, ¿en qué momento o montón deixará de selo? Esta é unha das chamadas «paradoxos de cantidade», coñecidas xa polos presocráticos, o que pon de manifesto que a inquietude ante cuestións que non poden resolver a lóxica tradicional ven xa de moi antigo.

¿Serías capaz de adivíñalo?

Pagueille a un home 12 peniques por algunhas mazás, máis eran tan pequenas que lle dixen que engadira dúas mazás máis. Descubrín que así custaron un penique menos por ducia respecto do prezo orixinal que me pediu. ¿Cántas mazás obtiven polos meus peniques?

*UNHA DE LETRAS AFECIONADA
AOS NÚMEROS*





CURIOSIDADES BIOLÓXICAS

O outro día de casualidade encontramos unha revista de animais na biblioteca, puxémonos a lela e encontramos cousas interesantísimas, destas que aparecen nos documentais da 2 pero que normalmente non lles facemos moito caso, non? Velaquí están algunhas:

O animal máis veloz na auga é o peixe agulla (110 Km/h).

O **mosquito** ten 47 dentes, (si, ese bichiño que vos estades a imaxinar, increíble!), o **tiburón balea** ten máis de 4.500 e o **peixegato** (*Amiurus nebulosus*) ten 9.280, buff...Canto se deben gastar en dentistas, non?!

So pican as femias dos **mosquitos**, xa que o sangue é unha fonte de proteínas para alimentar as súas crías(vaia, non todas as femias dependen dos machos para conseguir comida...). Os machos confórmanse con nutrirse do néctar das plantas e outras substancias azucradas.

O corazón do **colibrí**, igual que o do **canario**, late ata 1.000 veces por minuto. O colibrí ademais, é o único paxaro que pode voar cara atrás. O niño do colibrí abella é como un dedal, xa que os seus ovos miden entre 8 y 10 milímetros!

O **bufo** pode xirar a cabeza 360 grados.

As **moscas** teñen 15.000 papilas gustativas repartidas polas súas patas. A mosca



común ou doméstica (*Musca domestica*), vive de 10 a 14 días e ata un mes en condicións favorables (aínda que supoñemos que afectaralles o número de matamoscas que temos na casa...). Hai moitas variedades de moscas. A máis efímera dura un ou dous días, pero mira se son áxiles que é tempo suficiente para aparearse!

Un **fío de araña** é máis forte que un arame de aceiro co mesmo grosor.

O aparato **auditivo** encóntrase situado en distintas partes do corpo, dependendo de cada especie. No caso do home está na cabeza. Algunhas polillas, teñen o equivalente do tímpano montado no medio do tórax. As arañas e os grilos téñeno nas patas. Entón será que de aí ven o famoso chiste de «*araña sen patas, sorda*» .

Os **cans** teñen o sentido olfactivo mellor que os humanos. Débese a que os cans teñen no nariz máis de 200 millóns de células olfactivas mentres que un humano so ten arredor de 5 millóns.

O **elefante africano** é o animal terrestre máis grande. Para manterse necesita diariamente máis de 200 quilos de comida, polo que pasa máis de 16 horas ao día comendo, principalmente herba. Poden chegar a vivir uns 70 anos e os seus colmillos chegan a medir 3 metros. Os elefantes poden durmir de pé, pero nunca dormen moito tempo. As súas crías poden andar 1 hora despois de nacer. A trompa é a vez o seu nariz e o beizo superior e úsana como man, para comer, beber, ulir, respirar, facer ruidos...digamos que a súa trompa é polifacética! As grandes orellas sérvenlles para refrescarse, movéndoas con máis forza canto máis calor fai. Así, o sangue das orellas é refrixerada e ao circular, refrixera todo o corpo. Isto podería explicar o por qué os elefantes africanos teñen as orellas máis grandes que os asiáticos, xa que no seu habitat fai máis calor.

As **raias das cebras** son distintas en cada individuo e axúdanlles a recoñecerse unhas a outras e tamén a camuflarse.

As **Xulias** ou **Doncelas** (*Coris julis*) son uns peixes do Mediterráneo hermafroditas secuenciais; cando son xóvenes son femias e de adultos son sempre machos, cambiando a súa coloración.

Ben, foron interesantes? pois xa sabedes, a partir de agora, de vez en cando facendo zaping hai que parar un pouquiño na 2!!!OK?J



COÑECES O CHISTE DAQUEL GALEGO...?

Ola amig@s!
Veredes: decidinme a escribir un artigo para a Intres cando, hai uns días, mentres navegaba por Internet en busca duns chistes para desconectar un pouco de tanto estudo (e, sobre todo, dos profesores), atopeime cunha serie de páxinas dedicadas

integramente a «divertidos chistes sobre galegos». Entrei nunha delas, por ver de que ía, e atopeime con cousas tan «graciosas» coma estas:

Que sae da cruza dun burro cunha tartaruga?
Un galego con casco.

Que hai que facer para que un galego se quede calado?
Preguntarlle en que está pensando.

Que fai un galego correndo ao redor dunha universidade?
Unha carreira universitaria.

En que se caracteriza un lapis de fabricación galega?
Teñen goma en ambos extremos.

Por que os galegos case nunca deixan bigote?
Para non parecerse á súa nai.

Por que os galegos acompañan os seus fillos todos os días á escola?
Porque van no mesmo curso.

Que é un galego tirado na metade da rúa?
Un lombo de burro.

Por que en Galicia as escolas son dun centímetro cadrado?
Porque o saber non ocupa lugar.



Non vos parece increíble que a estas alturas, en pleno século XXI, nos sigan coñecendo como burros e ignorantes? Non vai sendo horas de que isto cambie? Eu penso que si...

PABLO MATO GÓMEZ, B1C



Hola!

Soy el primer virus gallego.

Como los Gallegos no tenemos experiencia en programación, este virus trabaja basado en un sistema de HONOR.

Por favor: Borre todos los archivos de su disco duro manualmente y envíe este mensaje a todos los miembros de su lista de correo.

Gracias por su cooperación.

Manolo

10 MANEIRAS MOI SINXELAS DE AFORRAR AUGA:

1.- Coloca 2 botellas cheas dentro da cisterna e aforrarás de 2 a 4 litros de auga cada vez que a uses. E sobre todo non empregues o inodoro como cubo do lixo!

2.- Pecha a billa ao lavar os dentes, podes aforrar ata 10 litros.

3.- Dúchate e non te bañes, aforrarás 150 litros!!

4.- Arranxa con urxencia as avarías de billas e tubarías. Unha billa que gotea perde 30 litros diarios.

5.- Rega as plantas polas noites para evitar evaporacións.

6.- Enche os lavalouzas e as lavadoras xa que é un dos lugares onde máis auga se consome.

7.-Non uses as duchas das praias e dos ríos, xa que é un luxo innecesario!

8.-Non utilices lixivia, usa deterxentes ecolóxicos, sen fosfatos.

9.- Escolle plantas autóctonas para o teu xardín e as túas macetas.

10.- Coloca difusores e outros mecanismos de aforro nas billas.

SÓ O 2.8% DA AUGA DO NOSO PLANETA É DOCE E SÓ O 0.01% SE ATOPA EN LAGOS E RÍOS, NON A MALGASTES!!

LAURA VÁZQUEZ CASAL E MARIANA RODRÍGUEZ-NAVAS VAL, B1B



OS INCENDIOS FORESTAIS



Dende hai uns anos, os incendios forestais en Galiza están converténdose en algo habitual. Ademais dos seus negativos efectos ecolóxicos, rematarán por danar o equilibrio do ecosistema, ao que se chegou ao cabo dun período de evolución; tamén, provocan estragos no sector madeireiro. Os prezos da madeira queimada son inferiores aos habituais do mercado. Normalmente os ingresos da venda da madeira, son un complemento da economía de autosubsistencia dos labregos.

Problemática:

A FLORA: a destrución da cuberta protectora do chan faino menos fértil, e algunhas especies autóctonas van retrocedendo coa degradación das condicións ambientais fronte ás coníferas e eucaliptos que avanza rapidamente. As máis afectadas son: bidueiros, castiñeiros, nogueiras, carballos...

A FAUNA: A microfauna ligada á parte máis superficial sofre grandes perdas; pero tamén hai baixas noutras especies por falta de alimen-

to.

A ATMOSFERA: Na combustión prodúcense emisións de monóxido e dióxido de carbono que dan lugar a problemas de asfixia ou mesmo de morte.

PAISAXÍSTICA: Nun chan pouco fértil desaparecen as variedades paisaxísticas de flora e fauna converténdose nun chan erosionado que tarda moito tempo en recuperarse.

Solucións:

Algúns dos dispositivos profesionais que xa existían, e ademais puxéronse en marcha outras medidas complementarias que teñen como obxectivo:

- Facilitar canles de participación, a todas as persoas na prevención do lume.
- Sensibilizar e educar en materia medioambiental.
- Compatibilizar como medida de corresponsabilidade, aos profesionais co voluntariado e co conxunto da sociedade.

Opinión Persoal

Todos debemos tomar moi en serio o problema dos incendios forestais e o que isto conleva. Penso que todos deberíamos poñer algo da nosa parte para evitalos. Por exemplo tendo coidado cos pequenos descoidos que o poden orixinar coma cabichas de cigarros ou fogueiras mal apagadas. Pero tamén levando a cabo tarefas de limpeza do monte ou polo menos tirando lixo. Creo que é moi importante que a poboación estea concienciada con to-

das estas cousas e se faga fincapé na prevención do lume para que dunha vez por todas entre todos poidamos acabar con esta lacra.

ADRIÁN SAAVEDRA AMO B1B

INCENDIOS 2006

Aqueles calorosos días de verán do pasado ano tódalas cadeas de televisión nacionais falaban do mesmo: Galiza estaba ardendo polas catro provincias, e parecía que aquel inferno no que se convertera o noso paraíso verde en tan só unhas horas non ía remitir tan facilmente.

Supoño que eu, como unha espectadora máis, non me decatara ata entón, que me tocaba vivilo ao mesmo tempo de lonxe, pero moi de preto, do que en realidade supón un incendio destas características. Porque nesta ocasión xa non só se trataba de que ardesen hectáreas e hectáreas de monte, nin de que moitos animais, plantas e demais seres vivos que habitan o bosque morresen ou quedasen privados do seu hábitat natural. Desta vez púxose algo máis en xogo, moito máis importante que todo o anterior, malia o incalculable valor que o desastre ecolóxico e ambiental poida ter; e é que moitas familias galegas víronse coas lapas de lume á porta das súas casas, sen máis medios que unha manguera e uns caldeiros cheos de auga para extinguilas.

Realmente, cando ves esas imaxes pola televisión, á xente das vilas veciñas



OS INCENDIOS FORESTAIS



chorando, desesperada, porque o lume devorou as súas casas, os seus prados, as súas granxas, podes sentir parte da impotencia que senten eles por non poder facer máis que mirar como o imparable inimigo o destrúe todo.

O que parece verdadeiramente indignante é que os causantes desta verdadeira traxedia ecolóxica e humana fosen unha serie de «persoas» que, polo menos aparentemente, non tiñan outro motivo que o de que non os contrataron para traballar nos equipos anti-incendios que colaboran cada ano en Galiza. Bombeiros convertidos en pirómanos.

Por sorte, eu non vivín de xeito directo os incendios do 2006, pero estou segura de que a devastación dos nosos montes quedará gravada por sempre na memoria de moitos galegos e galegas.

Parece ser que este ano as cousas melloraron, xa que os incendios do verán foron poucos e non moi intensos, a diferenza do que aconteceu noutros lugares de España. Aínda así, a mellor arma contra o lume é a prevención, e iso está nas mans de todos nós.

LUCIA M. G. S3A

No mes de agosto de 2006 os lumes destruíron moitos montes. Foron provocados por xente que non aprecia a natureza e só pensa na destrución. Eu, por sorte non vivín a situación. O noso monte está intacto, pero o que vin na televisión non era nada agradable, só se vía lume, lume e xente que morreu colaborando cos bombeiros.

A miña opinión é que, se todo o mundo puxera algo de interese pola natureza, isto non ocorrería, e, por outra parte, deberíamos limpar os montes para que o lume non teña por onde empezar.

Se todos poñemos algo da nosa parte, a natureza durará moito.

O MONTE

Este monte estaba orquestrado polas aguias e corvos, polos ruidosos saltos dos esquíos de piñeiro en piñeiro, polos corzos, polo fungar de carballos e castiñeiros e polo son da herba ao pasar o vento. Pero isto morreu un mes de verán cheo de incendios, un tras

outro, que levaron consigo as cinzas de toda unha vida e os sentimentos de moitos galegos, de persoas correntes, ao ver que a súa verde terra morría, todo era lume...

Só puido renacer o monte baixo e as malas herbas e, aínda que aquí sobreviviron moitos soutos e carballeiras, é moi deprimente mirar cara os montes veciños e aínda ver todo negro. Todo é un recordo daquel infernal mes onde a calor e a impotencia puideron cos galegos e galegas.

Por mor das choivas, arrastráronse moitos restos e cinzas contaminando os pequenos ríos e regatos, e estes contaminaron o mar ao mesmo tempo, e así morreron milleiros de animais mariños.

Os eucaliptos foron os máis rápidos en rexenerarse xunto coas malas herbas e as uces. Pero ninguén nos vai devolver os carballos de milleiros de fincas dos arredores que medraron progresivamente ano tras ano, e tardarán moito tempo en volver medrar.

Quero destacar o caso dun monte moi próximo á miña casa, nel estaban situadas as sobreiras a maior altitude de toda Galicia, posto consolidado pola ADEGA; tamén o lume as levou por diante. O bo é que rexurdirán das súas raíces e volverán medrar coa esperanza de que ningún desalmado lle volva prender lume á súa TERRA.

IRIA PARRAS VÁZQUEZ, S3A

CONCURSO DAS LETRAS GALEGAS, ORGANIZADO POLO ENL

1º PREMIO DE POESÍA: ANA AYUDE PUGA, S1A

Pequenos e pequenas
que vivides aló lonxe
onde todo é diferente
á economía de hoxe.

Quixera eu dicirvos
tantas cousas eu quixera
que soubésedes meniños
a economía da nosa Terra.

Non son xustas esas,
as vosas condicións
xa que non podeades ter
un anaco de vacacións.

Nenos de oito anos
traballar e traballar,
meniños e pequenos
que non poden estudar.

Pequenos e pequenas
que vivides aló lonxe,
onde todo é diferente
á economía de hoxe.

Isto hai que arranxalo,
sexa hoxe, sexa mañá,
pero aqueles meniños
queren aprender o «a».

Ir por auga é
unha pesada tarefa
que só lle pode tocar
a unha nena que lle gus-
taría estudar.

E agora a cavilar
no que nos puidese pasar
se estivésemos
no seu lugar.



Pequenos e pequenas
que vivides aló lonxe
onde todo é diferente
á economía de hoxe.

Quixera dicirvos
tantas cousas eu quixera
que soubésedes meniños
a economía da nosa Terra.



CONCURSO DAS LETRAS GALEGAS, ORGANIZADO POLO ENL

1º PREMIO CONCURSO DE RELATOS (microcontos): VERÓNICA TRABAZO MOURIÑO, S3C

O CANTO DA LOBA

Nunha aldea do Courel vivía María, unha rapaza fermosa e que sempre estaba cantando. Un día subiu á montaña polo gando e non volveu. Din que un lobo a comeu, pero polas noites de lúa chea os cantos de María resoan na montaña do Courel.

VIAXE DE FIN DE CURSO

Viaxe de fin de curso, trinta compañeiros dirixense a un campamento do norte de Portugal. Na entrada recíbeos o encargado. En grupos de oito rapaces ocupan as cabanas de madeira, agás unha que ten prohibida a entrada, coas portas e as ventás pechadas. Unhas cantas rapazas entran pola noite na cabana e deixan a porta aberta. Pola mañá atópanas convertidas en estatuas de pedra e nas súas facianas reflíctese o medo. Todos queren saber o que lles aconteceu, pero non hai rastro do encargado por ningures. Que misterio agochaba a cabana número doce?



BROMA TERRORÍFICA

Pedro é un neno de doce anos ao que lle gustan os filmes de terror. Os seus amigos están fartos de que lles fale sempre do mesmo, por iso deciden gastarlle unha broma. Encérrano nun vello muiño que hai no bosque a carón dun río e agochan unha gravadora con voces e sons para asustalo. Pedro non volveu á casa e pola mañá van buscalo. Cando o atoparon parecía morto, tiña os dedos ensanguentados de aferrarse á pedra do muiño. No chan había marcas moi raras e na gravadora ouvíanse uns alaridos que poñían os pelos de punta. Nunca máis lle gastaron unha broma a ninguén.

UN FUTURO PRÓXIMO


Un grupo de amigos fanáticos da informática deciden construír unha máquina para viaxar ao futuro e así tentar melloralo. Cando poñen o proxecto en marcha, o que ven é algo que eles non desexarían. Non había nada, a vida na terra chegara á súa fin, só quedaba morte e destrución mirasen onde mirasen. Todo isto era debido á estupidez e ao egoísmo das persoas. Pero eles non se renderían, traballarían moi duro para que o futuro previsto fose algo mellor. Dificil tarefa tiñan por diante.

A ESTACIÓN DO AMOR

Por aquela estación de tren baleira e solitaria dous trens que viaxaban en direccións opostas crúzanse a un tempo. A través do cristal dúas miradas encóntranse e entre eles xorde o amor. Non se coñecen e tal vez nunca se encontrarán, pero aquelas dúas almas solitarias soñan con volver a pasar por aquela estación baleira e solitaria que para eles será a estación do amor.

1º E 2º DE ESO CONTAN...

O BOSQUE



Hai moitos anos, nunha vila chamada Melide, había un neno chamado Diego, duns nove anos. Era baixiño e delgado, tiña a pel morena e o pelo curto e negro.

A avoa de Diego era quen se ocupaba do rapaz polas tardes. Todos os días saían de paseo ata a casa de Dona Elvira. Dona Elvira e a avoa de Diego coñecíanse dende que eran cativiñas, e sempre tiñan moitas cousas que contar. Ao rapaz non lle gustaba estar con Dona Elvira, así que, mentres ela e mais a avoa falaban, el ía de paseo polos arredores.

Un día, nun deses paseos, o Demo tentouno. O rapaz introduciuse no bosque e perdeuse. Estaba perdido, non sabía por onde ir, se ir á dereita ou á esquerda. Botouno a sortes. Tomou unha dirección e foi camiñando a ver a onde o levaba a sorte. Despois dun bo anaco camiñando, atopouse con un esquío que parecía dicirlle algo. El seguiu, pero o esquío subiu a unha árbore e el non se podía subir, xa que seus pais llo prohibiran. Pensou que seus pais non estaban alí para rosmarille e, ademais, era unha ocasión especial.

Subiu á árbore e ao lonxe viu a casa de Dona Elvira, pero moitísimo máis cerca viu un animal de catro patas e con moito pelo. Pensou que sería un can, pero para ser un can era moi peludo. A medida que o animal se foi achegando descubriu que era un lobo. Decidiu baixar da árbore e camuflarse detrás duns arbustos. Cando chegou, o lobo empezou a uliscar diante dos mesmísimos arbustos nos que Diego estaba escondido. Afortunadamente non o descubriu. Despois, Diego púxose rumbo á casa de Elvira. Custoulle traballo atopala, pero cando chegou deuse conta de que tanto Elvira como a avoa non se decataram de que marchara.

Diego quixo saber onde estaba o bosque ao que fora el. Mirou en todas as direccións e non o viu. Todo fora un soño ou era un bosque fantasma?

ELENA VARELA PEDREIRA, S1B

UN NENO ABANDONADO

Isto ocorreu nunha pequena vila, non moi coñecida, cando Nicolás naceu.

A nai abandonouno porque non quería ver que cando o seu fillo fose algo maior vise como seu pai maltrataba a súa nai.

Atopouno unha señora e levouno á casa fogar, alí daríanlle todos os coidados.

Un matrimonio, Xoán e Pepa, non podían ter fillos, entón foron á casa fogar. Decidiron levar a Nicolás para telo sempre con eles.

Pasados oito anos, Xoán, Pepa e Nicolás foron de cámping. Xoán estaba xogando con Nicolás á pelota e Nicolás tiráraa un pouco forte e deulle sen querer a unha señora que ía co seu home.

- Perdón, señora –díxolle Nicolás.

- Non pasa nada, guapo, como te chamas? –preguntoulle a señora.

- Chámome Nicolás, por que o pregunta? É vostede a miña nai? –preguntou entusiasmado.

- Non son túa nai, pero eu coñezoa –respondeulle esta.

- Poderíame dicir onde vive? –Preguntou Nicolás.

- Si, por suposto, toma, aquí tes o enderezo –díxolle a señora.

- Grazas, débolle unha –dixo contento Nicolás.

Despedíronse e Nicolás foi para onde estaban Xoán e Pepa.



1º E 2º DE ESO CONTAN...

- Onde te metiches? Lévache tanto tempo buscar unha pelota? Preguntou preocupado Xoán.
 - Non, pero estiven falando cunha señora que coñece a miña verdadeira nai e díxome onde vive.
 - Con esa cara que pos, xa sei que queres ir ver a túa nai, e iremos –dixo Pepa.
 - Se che parece ben, imos mañá pola tarde – dixo Nicolás.
 - Vale –afirmou Pepa.
- Ao día seguinte pola tarde, Nicolás tocou o timbre da casa onde vive súa nai.
- ¡MAMÁ! – berrou Nicolás.
 - Perdón? –dixo a señora que estaba no portal.
 - Mamá, son eu, Nicolás, o teu fillo.
 - Imposible, ti non poder ser o meu fillo. Eu nunca tiven fillos, son estéril.
 - Perdoe, debe ser unha equivocación –di Pepa.
 - Esta casa compreina hai un ano, ao mellor a muller que vivía aquí é túa nai.
 - E sabe vostede onde vive? Preguntou Pepa.
 - Ela díxome que se mudaba para a rúa *O RobleVello nº 14* – dixo a señora.
 - Moitas grazas por darnos esta información – respondeulle Pepa.



- Ao chegar á rúa *O Roble Vello*, Nicolás tocou o timbre da porta 14. Abriuulle un señor.
- Bos días, señor, son Nicolás.
 - ¡Nicolás! Es ti? –preguntou o señor.
 - Si, son eu. Es meu pai?
 - Si. E a que viñeches? –preguntoulle
 - Unha señora deume o enderezo desta casa. Onde está mamá?
 - Fillo, mamá morreu hai dous meses –dixo con angustia o pai de Nicolás.
 - Como pasou iso? –preguntoulle Nicolás.
 - Cando sexas maior, chámote e dígocho, aínda es moi pequeno para sabelo –dixo o señor.
 - Se quere pode pasar algún día pola nosa casa e toma un café –comentou Pepa.
 - Non podo. Dentro duns días marcho para Xapón a traballar –dixo o pai de Nicolás.
 - Adeus, papá, ata dentro duns anos.

NAOMI ESTÉVEZ ROCA, S1D

AS AVENTURAS DE MARCOS

Hai moito tempo, un rapaz chamado Marcos (moi valente e intelixente) decidiu cruzar un bosque encantado para chegar ao parque. Ninguén o cruzara e tiña fama de estar encantado.

O día que pensou que sería o momento de cruzalo, decidiu que o faría de noite. Cando o ía cruzar, era unha noite de inverno, escura e chuviosa. Estábao cruzando cando, cando se deu conta de que estaba no medio de catro plantas carnívoras que se aproximaban cada vez máis.

Non sabía como saír e recordou que cando ía entrar no bosque, un trasniño lle dera unha apócema, pero Marcos non estivera atento cando lle dixo como se utilizaba. Pero el pensou nunha película. Tiroulle unhas gotas de apócema ás plantas e morreron.

1º E 2º DE ESO CONTAN...



Así fixo coas pantasma e monstros que se lle cruzaron no camiño, e conseguiu pasar os bosques.

Marcos volveuse tan famoso que xa non era bo rapaz. Só miraba de facer o ben a el mesmo sen lle importar os demais.

O trasno estaba moi decepcionado e quíxolle poñer un castigo. Mandoulle unha nota ao alcalde dicíndolle que lle volvera mandar a Marcos cruzar o bosque e que todos o observaran a ver se era verdade que o cruzaba.

El aceptou, pero cando estaba no medio, deuse conta de que non tiña a apócema e volveu para atrás asustado.

Toda a vila descubriu a verdade e Marcos volveu a ser o mesmo neno de sempre.

SANDRA AMBOAGE GARCÍA, S1B

O XAMÓN DE MILUCHO E ELVIRA

Hai moitos anos, nunha vila chamada Santalla, vivían dous anciáns chamados Milucho e Elvira. Habitaban unha casa vella, de pedra, con ventás pequenas e de madeira e unha porta de carballo.

Polo San Martiño mataron o seu porquiño e decidiron vender os xamóns. Milucho levounos á feira de Melide, pensando en vendelos ben. Xa na feira, cando estaba atando a besta, pasou un home e pilloulle o xamón. Cando Milucho acabou, faltáballe un xamón, e pensou: e o meu xamón?

O que llo roubou dille:

- Se o tiveras ao lombo como o teño eu, non cho pillaban.

Cando Milucho foi para a casa, díxolle a Elvira:

- Ai, Elvira! e non sabes o que me pasou? roubáronme o xamón!

Contestoulle Elvira:

- Pois ao que cho pillou, oxalá lle dea unha indigestión.

ALBA LOUREIRO VÁZQUEZ, S1B

UN MONSTRO GUAÍ

Hai moito tempo, no século XX, había unha casa encantada sen habitar. Dicíase que vivía un monstro malvado nela.

Un día, unha nena díxolle a seus pais:

- Mamá, mamá, é certo o que dixo o papá? que hai un monstro malvado nunha casa da cidade.

- Aínda non está comprobado, pero din que si, que vive alguén alí.

- E por que non imos mirar?

- Como imos ir mirar alí se está ao outro lado da cidade? e non se pode ir por alí, non ves que é moi perigoso ir a aquela casa abandonada?

- Pois eu quero ir.

Cando todos estaban na cama, á nena entroulle unha intriga enorme. Decidiu ir ver aquela famosa casa encantada.

Ao outro día, cando espertaron os pais da nena e viron que non estaba, primeiro chamárona a ver se a escoitaban e cando viron que levaba fóra máis de dúas horas, decidiron chamar á policía.

A nena xa chegara por casualidade á casa encantada e viu unha casa vella, con hedras



1º E 2º DE ESO CONTAN...


subindo polas paredes, coas ventás rotas, e nin sequera tiña porta. A nena, intrigada, entrou na casa e alí estaba todo escuro, cando, de repente... Plaf! Caera un coitelo do segundo andar e a nena xa estaba co rabo entre as pernas cando escoita unha voz da nada que dicía: «Que fas aquí?»

Mentres seus pais estaban desesperados por atopala, dixo a nai: «Xa sei onde atopala, seguideme»

A policía e mais o pai seguírona ata a casa encantada e alí entraron os pais e viron a nena toda asustada e un monstro detrás cun coitelo enorme.

Finalmente a policía descubriu que o monstro era o ladrón máis buscado do país. Grazas á nena atopárono, e de recompensa déronlle 100.000.000 de dólares.

IVÁN SÁNCHEZ VÁZQUEZ, S1D



OS AMIGOS

Andaba o ano 2000, na cidade de Pontevedra había dous nenos chamados Xoán e Xurxo que non se soportaban. Sempre se estaban insultando e pelexando. Ata chegaron a expulsalos! Pero un día, a mestra tivo unha idea. Xuntounos! A eles pareceulles fatal. Pero empezaron a non insultarse tanto. Pouco a pouco, sen que Xoán e Xurxo se decatasen, fóronse facendo moi amigos, ata o punto de contarse todo.

Así que o teu peor inimigo pode chegar a ser moi bo amigo teu!

LAURA ABAD MARTÍNEZ, S1B

A SOMBRA DO INFERNO

Hai moitos anos, os mozos, para mocear, tiñan que ir andando á casa das mozas, e cando volvían para a súa casa xa era noite.

Unha noite, un mozo que viña de ver a súa moza, para entreterse e perder o medo aos lobos cantaba: «nabos e coles e flor de canela, non hai quen entenda a miña Manuela».

Pero, de súpeto, apareceulle unha sombra no camiño que non o deixaba pasar. Tremía coma un xunco e, non se sabe moito como, puido fuxir.

Ao chegar á súa casa, tremía de medo e contoulle o acontecido á súa nai. Ela díxolle que fora falar co cura, e así o fixo. O señor cura explicoulle que esa sombra era unha alma en pena que non podía ir ao inferno porque tiña o hábito bendito e seguramente lle pediría que lle rompese o hábito por diante; pero tamén lle dixo que non llo rompese por diante, porque se llo rompía por diante iría con el ao inferno. Á noite seguinte apareceulle a sombra, e o mozo preguntoulle:

- Que queres?


- Quero que me rompases o hábito por diante.

O mozo fixo o posible e con moita dificultade rompeullo por detrás. De súpeto escoitouse un forte estoupido e a sombra desapareceu para sempre.

RICARDO GALOS CASAL, S1C

1º E 2º DE ESO CONTAN...

CARTAS DUNHA PIANISTA PIANO



As notas, as partituras, as obras de Bethoven e Mozart, os silencios, as teclas do piano, o piano... todo isto me recorda a ti. Es a harmonía da melodía que se repite na miña cabeza. Piano a piano vou comprendendo o que significas para min! O piano é o meu talento, ti a miña vida, e a melodía, o meu corazón. Pianísimo a pianísimo comprendo que ti es a obra mestra que ten sentido na miña vida. Cada vez que toco o piano, en cada tecla do piano hai un recordo noso. Cando toco a nota sol, recordo aquela tarde, os dous xuntos no campo verdozo baixo o sol, escoitando Satie! Decrechendo a decrechendo vou entendendo que isto ten unha fin, coma as obras de Chopin.

A melodía acabouse e eu deixei de tocar o piano.
Á fin!

FIN

Poñede unha fin, unha fin ao sufrimento, unha fin á dor, unha fin ás tebras, unha fin ás noites escuras, unha fin á realidade dolorosa, unha fin ás bágoas, unha fin ao caos, unha fin á tristeza, unha fin aos recordos dolorosos!

Poñede un novo principio! un novo comezo desde cero! un novo capítulo coma nos libros! un novo principio na melodía do corazón, que o final da melodía é doloroso.

Poñede xa unha fin! unha fin sen dor, dano ou sufrimento!

Prégovolo, liberádeme disto e poñédelle xa unha

Fin!!!

ÁNGELA GUNTÍN ZAVALA, S2C

OS SAMURAI

Desta volta desprazámonos ata o Xapón, un país con moitas cousas diferentes ás nosas. Alí atopamos os Samurais (antigos guerreiros xaponeses) dos que, a pesar de seren abolidos polo 1870, o seu espírito aínda pervive.



«Samurai» refírese aos antigos guerreiros do Xapón, e o seu significado é servir; tamén son chamados Bushi «home de guerra». Polo século XI, os guerreiros do Xapón pasaron a gobernar o país, un réxime que durou arredor dos 700 anos e que estaba encabezado polo Shogurato, que viña sendo o comandante militar sobre as terras e as xentes.

Os samurais foron guerreiros que protexían as terras e o poder, e loitaban por elas até a morte. A posición de samurai fíxose hereditaria, aínda que debían respectar un código e seguir uns valores.

Estes guerreiros manexaban gran número de armas, destacando a **catana**, que lles entregaban ao cumprir 15 anos, e na que se dicía que estaba a alma do samurai. A catana era un sable xaponés dun único fío curvado (máis ou menos de 1 m. de longo e un Kg. de peso).



CARTA A UNHA PRICESIÑA

Os samurais rexíanse por un código moi estrito, o **Bushido**, que apostaba pola lealdade, auto-sacrificio, xustiza... filosofías orientais sen o confucianismo. Entre outras cousas dicían:

- Non teño familia; a terra e o ceo son a miña familia.

- Non teño poderes máxicos; a honestidade é o meu poder.

- Non teño milagres; fago das leis xustas os milagres.

Os samurais non temen a morte, porque cren na reencarnación, que volverán a vivir outra vida na terra, polo que tampouco temen o perigo.

Necesitan auto-control, polo que non dan sinais de debilidade, dor nin ledicia; todo o padecen para os seus adentros. Antepoñían o orgullo e o honor e non valoraban a riqueza nin os bens.

Cando un samurai vencía o seu opoñente, cortáballe a cabeza para ensinalle ao pobo a súa vitoria. Cando as cabezas eran de xenerais importantes, expoñíanse nas festas.

Se un samurai era derrotado, só lle quedaba a morte ou o suicidio, nun ritual chamado **seppukn** ou máis coñecido como **Harakiri**, no que o samurai se quita a si mesmo algúns órganos e seguidamente un compañeiro ou amigo lle cortaba a cabeza. Se non facía isto e fuxía, levaba a deshonra á súa familia.

LEE-ANN SARA GRACE IGLESIAS, ÁNGELA GUNTÍN ZAVALETA, S2C

Ola, meu amor:

Ti non sabes quen son, e a verdade, dende hai un tempo eu tampouco sei quen es ti, porque, dende logo, non es a mesma de antes. Eu quérote, por iso mesmo che escribo isto dende o fondo do meu corazón. Miña nena, ti ERAS (non «es») bonita por fóra, e por dentro aínda máis, cambiaches, non o negues, segues sendo bonita por dentro, pero hai algo que non deixa saír esa beleza, e a cambia ao seu antollo. Ese algo, tamén é o culpábel de que toda a xente que te quere estea mal, sufra e estea preocupada por ti. Propóñoche dúas cousas: a primeira que deixes de sufrir por algo que só sentes ti e que te está destruindo, tanto por fóra como por dentro. A segunda non e por ti, senón por nós, os que te queremos, por favor, fai todo o posíbel por saír dese mundo de fantasía con bolboretas e princesiñas encantadas que ao final nunca conseguen a felicidade. Esta só se consegue sendo ti mesma sen ninguén que te controle nin se faga dono da TÚA vida. Tes que demostrar a túa forza e ser capaz de elixir o mellor camiño, que está cos que te queren. Non te deixes dominar por esta sociedade, porque acabara coa túa vida. Sempre, sempre te quereirei.

A



1º E 2º DE ESO CANTAN...

Terra de verdes prados,
montes, ríos e porcos bravos,
de praias azuis que a rodean,
de xeadas baixas que a queiman.

Terra de meigas e lareiras,
carballos, pinos e sobreiras,
canóns estreitos do Sil, o Miño,
e, feito con cariño, o Albariño.

Ten tamén illas, espaxadas no mar
coma acios de uva na parra.

Morriña, teño morriña,
morriña da miña Galiza,
lonxe estou desa terriña.
Volverei, espero, antes de ser velliña.

TAMARA RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, S2D

Galiza, a comunidade;
Santiago, a capital;
Coruña, diversidade
e o fútbol mundial.

En Vigo, Pontevedra
hai un zoo
con moitos, moitos lobos, oito osos
e novos raposos, todos tolos.

Cuberta de branca neve,
e como as perlas da miña boca
brillan como as estrelas
e son coma o frío xeo.

Ás súas mil festas vou.
Nas romarías estou,
tocando na banda
e bailando coa charanga.

Hai en cada festa
unha orquestra,
aos mil cantantes
lles tiran vermellos tomates.

Con millóns de grandes montes,
con herbas verdes,
con vellos castaños
con moitos carballos.



LEE-ANN, S2C

GALIZA, MIÑA TERRA

Os ollos con que te lembro
son tan claros e transparentes
como a auga da fonte.

Unha noite escura
nos meus soños estás.


Cando esperto, xa te vas
e a morriña convértese en dor,
tan grande que se consome
coma a enfermidade ao enfermo terminal.

E eu volvo, volvo a ti
cada día e cada noite.
Non te esquezo, miña Galiza.

DAVID MARTÍNEZ BARCIA, S2C



... A GALIZA



Galiza, como un mundo é,
ten montañas marróns
e árbores que no verán
moitas sombras dan.

Galiza ten mar
para saír a navegar e pescar.
Galiza ten terras que labrar
e animais para coidar.

Galiza ten moitas cousas para ensinar,
cousas que todo o mundo pode visitar.
SILVIA VÁZQUEZ SUFENTES, S2D

Galiza é moi grandiosa,
é unha terra marabillosa;
ten prados verdes
e xente traballando neles.

Galiza está mirando o mar,
ten moito peixe para pescar,
e con tanto marisco que ten,
todos comemos moi ben.

Galiza ten moitas cousas para ollar
e peregrinos vemos sempre pasar;
tamén dende o Monte do Gozo
vemos Santiago moi fermoso.
PATRICIA SOUTO BLANCO, S2B

Galiza, ti es de Galiza,
Protexe o teu pobo
Como se foses un lobo.
Galiza, ti es a casa miña
Mais a da miña irmánciña.
Galiza, Galiza,
Ti es do pobo
Non es novo

IGNACIO PARRADO RODRÍGUEZ, S2C

A NOVA GALIZA

Galiza, a nova Galiza, coma bebé recién nado.
Galiza, a nova Galiza, coas túas
Terras de cor verde coma as algas do mar.
Galiza, a nova Galiza, cada día que vai
Pasando é historia, e sempre quedará
marcada nos corazóns dos galegos.
Galiza somos os que a vivimos,
somos os que habitamos nela,
somos os que facemos historia na nova Galiza,
somos os heroes que a facemos vivir.
Somos os galegos.

ÁNGELA GUNTÍN ZAVALA, S2C

MIL PRIMAVERAS MÁIS

Para que o galego dure mil primaveras máis, podo:
Falar sempre en galego, aínda que estea fóra de Galiza,
coidar o noso contorno, non perder os costumes de
Galiza e convencer á xente de que hai que estar
orgullosos de Galiza e a súa lingua.

SANDRA AMBOAGE, S1B

Se vés a Galiza,
unha muiñeira terás que bailar,
unha regueifa recitar
e a un xogo popular brincar.

Galiza é a miña terra,
Galiza é o meu fogar;
se eu marcho de Galiza,
non me sinto no meu lar.

Galiza é un fermoso lugar
con moitas praias nas que nadar e xogar.
ALBA SEOANE SUÁREZ, S2D

1º E 2º DE ESO LOITAN...



LOITA DE FAME

Loitade sen armas,
berrade sen forzas
pola vosa dignidade
esfameados en soidade.

Loitade sen armas,
berrade sen ganas
aquí desbotamos
o que aló necesitamos.

Loitade sen armas,
berrade sen ansias
erguédevos por mor
dun mundo mellor.

VANESSA RODRÍGUEZ BARREIRO, S1C

AS XENTES DO TERCEIRO MUNDO

As xentes que viven nesas
condicións
son dignas de devoción;
cada vez que vexo unha
cariña desas
entristéceme o corazón.

As xentes do terceiro mundo
nunca poden vivir en paz,
pois calquera enfermidade
as pode matar.

Ao non ter menciñas
nin comida que comer,
só poden ter a salvación
de que unha familia as vai acoller.

Non paran de loitar
pois non lles queda

[outra que camiñar
polos camiños da vida
un día e outro máis.

LARA RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, S1D

BUSCANDO UNHA VIDA MELLOR

Nacín no terceiro mundo,
aquí non hai futuro,
chegarei en pateiras
ao outro mundo,
ao primeiro mundo?
Por que?

Veño de lonxe
buscando a vida
que non tiña
onde nacín.
Deixádeme quedar aquí,
eu seguiría alí,
pero non teño a culpa
de alí non poder vivir.

RICARDO SALAS CASAL, S1C

POBRES NENOS

Pobres nenos,
teñen que traballar,
están cansados
e non poden descansar.

Pobres nenos
non os poden curar,
se se mancan
pode que cheguen
a telos que enterrar.

Pobres nenos,
un mal futuro van pasar;
se os axudamos
poden aguantar.

PABLO VILARIÑO, S1C

O TERCEIRO MUNDO

Pensem nesas persoas,
como o pasarán
vivindo en chabolas,
sen comer miga de pan?

Pensem nesos nenos
que non teñen con que xogar,
e sen ter oito anos,
xa teñen que traballar.

Pensem nesos enfermos
Que non teñen con que sanar
Da sida ou doutras enfermidades.
Témolos que axudar.

ADRIÁN SALGADO GÓMEZ, S1C

LOITEMOS COMPAÑEIROS

Loitemos compañeiros,
loitemos sen parar
para que haxa paz no mundo
e todos poidamos gozar.

Triste é a vida,
triste é a noite,
e triste é a vida
dos nenos que sofren.

Os paxariños voando
están contentos e alegres.
Alegran a nosa vida
cos seus cantos dos amenceres.

ISABEL VARELA IGLESIAS, S1D

NON TEÑEN NADA

Sen probar bocado,
nin un só anaco
está esa xente
e eu téñoa na mente.

Non podo esquecer
como dan a coñecer
a súa vida sen nada,
sen poder facer nada.

SANDRA, S1C



POEMAS

UN DÍA

Un día a televisión encendín,
e púxenme a mirar, pero só vin
escándalos e violencia.

Un día o periódico collín,
e púxenme a ler,
pero só vin
inmoralidade e indignación.

Un día a radio acendín
pero nada había
que me fixese escoitar.

Un día deime conta
de que nos medios
nada había,
salvo aquilo que non ten ciencia.

Tal vez algún día,
alguén se decate
que o mellor da vida
é a sabedoría.

NURIA ROUCO MEJUTO, S1C

Oxalá sexas real


Onte vin unha luz, era o teu sorriso,
vin o teu corazón que me inmoviliza,
observei a túa mente que memoriza,
oín un susurro da túa voz na brisa,

Teño a sensación de que eres real,
pero non teño probas para podelo demostrar,
a última vez que te vin queríasme falar,
pero non podías porque non eres normal.

Eres un duende que quere xogar,
unha doce criatura que quere sorrir
eres un ser extraño que me fai vivir,
e aínda estando desperta fasme soñar.

Gustaríame poderte bicar,
pero bicarme non podes,
porque non me quero enterar
de que real non eres.

Gustaríame preguntarche,
como te chamas e quen eres,
se eres real,
ou so enamoras mulleres.



MARIA V.G. S3ºPDC

Esta noite no mar

Ensíname o teu corazón
porque te quero amar
esa bela sensación,
imposible de explicar
esa que esixe paixón,
e que non é posible controlar.
Dame o teu amor
que te vou a coidar,
se sintes desolación,
eu pódocha quitar,
cántame unha canción,
esta noite no mar,
dime esa oración
que me fai voar,
e sen condición,
podémonos amar.
Esto non ten explicación,
pois non se pode explicar,
como te amo sen control
esta noite no mar.

MARIA V.G. S3ºPDC

O QUE PARA MIN SIGNIFICAS

- Sempre fuches para min un amor prohibido,
- Algo intocable, demasiado perfecto...
- Que loucuras as da miña cabeza!
- Pasaron un, dous e incluso catro meses
- E aínda sinto que te teño no meu corazón.
- Fuches e serás o único rapaz do que me namorei
- Cando soamente te coñecía a simple vista,
- Pero agora penso que non perdín o tempo,
- Porque sempre che dixen o que para min significabas...
- E a estas alturas non é demasiado tarde!

■ No meu corazón sempre haberá un oco para ti, só quero
■ dicirche un «sempre te quereirei»

LEE-ANN SARA GRACE IGLESIAS, S2C



POEMAS

IMAXINARIO DA MORTE EN GALICIA

Era unha noite
de crúa invernía,
os galos non cantan
as vacas dormían
e os porcos na corte
de frío tremían.

O vento zoaba
a choiva caía
non había estrelas
a lúa escondida,
era unha triste noite
de crúa invernía.

Na lareira o lume
pequeno se erguía
quentaba o caldeiro
e á xente que había
que o leite das vacas
con sopas comían.

Coa barriga farta
e a cara acendida
sorriso nos beizos
gustar parecían
das vellas historias
que alí se dicían:
dos lobos do monte,
das bruxas arpías,
da Santa Compañía e,
das cartas que lían;
os mortos falaban....
e os lobos comían
os ósos dos homes
que polo monte viñan,
de sachar a terra
da que froitos tiñan.

As bruxas voaban
alén dos tellados
arrastran os corpos
polos verdes prados
peores cós demos
que non son tan malos.

A nena escoitaba
pálida e fría,
lembrando ás fadas

dos contos que lía,
pingaba unha bágoa
á par que sufría.

¿E será verdade
o que alí decían
que a morte falaba
que a anunciarse viña
a través dos petos....
nas portas , nas vilas....?

O vento sopraba
na crúa invernía....
lóstregos alumean
como o sol ó día
co medo no corpo
dormir non podía....

Pasou polo agro
carballo fendía
atronou no fondo
e Deus parecía,
non era a Compañía
na crúa invernía....

Contos e máis contos
horas e mais días
veráns en invernos
pasaban de présa....
e a nena escoitaba,
soñaba... e crecía.

Un día coma hoxe
o avó non durmía,
xa non tiña alento
as mans non movía,
chamaron o cura
da feligresía.

Oíanse os choros
sons de cercanías,
pálidas faces
momias se movían
confusas, sen xeito
coa dor que elas tiñan.

¿Non fora anunciada
a morte que viña?

Non polos petos
fantasmas que alivian
susurros da noite
condenas que brillan.

Arredor do corpo
velas acendían,
mulleres de negro
que non comprendían,
rezar non rezaban
poder non podían...

A nena esperta
vístese enseguida,
a xente na porta
dicir non quería....
o que acontece
na fría invernía.

O lume esgótase
leña xa non tiña,
a nena vai leda
ó pallar quería.....
xogar có canciño
que alí durmía.

De volta á casa
un cantar traía,
ela non pensaba
tal vez non sabía....
que a morte non berra
¡silenciosa viña!

Parecía xusto
na crúa invernía,
as carnes tan febles
non o resistían
a nena miraba.....
sentir non quería.

O día coa noite
xunguir parecía,
levárono á tarde
cando a luz tremía
lóstregos de medo
coas lousas....
morrían.

LUISA SILVELA



MICRORRELATOS DE 2º DE BACHARELATO

Noite. Escura bágoa que esvara polo meu recordo. As miñas mans baleiras tremen, caen ao chan, avanza arrastrándose por el tan pouco a pouco que me parece que nunca abandonarei este lugar.

A soidade está en min, consome todo o que ve e vouno gardando nese antigo peto da lembranza. Aférrase tanto que o aire escapa do meu interior tan rapidamente como fuxiu o teu recordo.

Aquel tren xa non se escoita, pero o son ficou nos meus oídos... corrín tan de présa como puiden, pero tan só vía marchar nel a miña esperanza, amiga inimiga que me sorriu coa súa boca de inferno, inferno que agora fago meu fogar.

PATRICIA RODRÍGUEZ MOSTEIRO

Estaba alí cando me veu buscar, en canto saín díxome: o fillo era seu. Non recordo máis ata que espertei na miña cama. Desmaíárame ao saber a noticia. Chamou por teléfono e dixo: marcho a xunto dela, espero que o entendas, cóntallo ti a María.

DIEGO MARTÍNEZ NUÑEZ, B2A

O frío obrigoume a petar naquela casa:

- Temos cama, pero non damos comida.

Cando todos estaban durmindo levanteime por unha cunca de sopas... Aínda me dura o medo. Os caseiros escondían cadáveres de nenos no chan. Facían atrás.

DIEGO SEOANE SÁNCHEZ, B2A

Ía pola rúa cando el apareceu, empurroume dentro do coche, onde todo estaba escuro, díxome o que me esperaba, el fora o asasino, deille ao talón para fuxir a Venezuela, saín do vehículo e non volví saber máis nada del.

CRISTINA RÚA, B2A

- Grazas.

- Nada, eu non as quero.

Miña nai de corpo presente, e eu dándolle as cartas ao seu ex-noivo. Quizais non fose o mellor, pero quería desfacerme delas. Meu pai interrompeu os meus pensamentos.

- Veña, vístete, imos á igrexa.

NURIA ÁLVAREZ, B2A

Xoana precisaba despexarse, fora un día longo, e un paseo estaría ben. Deron as 12. Fóra había unha densa néboa, frío, rúa solitaria... Colle o abrigo e sae. Leva pouco andado pero sente tras ela algo raro, algo que a observa... Apura. Corre. Tropeza... pensa que todo se acabou. Xira. Abre os ollos. Sente un golpe, seco, doloroso... xa non volveu abrir os ollos.

SANDRA RODRÍGUEZ CARRIL, B2A

QUERIDO LECTOR...

O alba amence escura cal fervenza de sombras, non hai luz.

O silencio percorre o camiño, dá a volta e..... estamos sós; si, ti e eu amigo e inimigo nun.

Non confundas o parecer da... noite.

Teño fame e non sei de quen, teño frío.....

Tal vez ti puideses arrouparme: ¡Se coñecese o teu nome, o teu desexo, a túa fe..... ¡

¿Podería facer que me... regalases, lector: un sorriso fiel?

LUISA SILVELA



ESCRITA LIBRE

Queridos señores, pódese pensar que este ies estase convertendo nun grandísimo cárcere, vale xa, non hai reixas pero como se as houbese... Pola nova norma que a non sei que mente pensante se lle ocorreu, creo que cando a pensou era porque non tiña un gran día, pois ho, iso non se paga con nós. Esa norma que tanto chama a atención é a de non poder ir ao baño, que é, para que non se emporcallen ou para ver se morre alguén por aguantar as gañas? Veña, ho!, esta xente está moi mal...

DIEGO VARELA, BAC-2

Cando chegamos ao instituto as normas non eran tan estritas. Pouco a pouco feitos e persoas fanche perder a ilusión e as gañas de loitar polo que queres. Ás veces por máis que te esforzas non logras os resultados que mereces. Un exemplo é en terceiro e cuarto da ESO, en Lingua, que por máis que estudaba, aprobar facíase me costa arriba. Agora mesmo decídese o futuro de cada un. Está claro que este ano...

IRIA ARIAS, BAC-2

LIPOGRAMA

Texto sen «e»:

A flor, a cal vin o outro día xunto da túa casa, tiña moitas follas bonitas. A flor finou por falta dun líquido chamado auga. Co paso dos anos outra flor con igual cor laranxa xurdiu alí. Foi a flor máis bonita do lugar.

ANITA PAZOS E MARÍA MOSQUERA, BAC-2



PALÍNDROMOS

A casa e a saca
Río ó oír
O tipo ata o pito
Son ananos
Soles e selos
Soñaba sabañós (frieiras J)
O mais si amo

LETICIA PENAS E PATRICIA RODRÍGUEZ,
BAC-2

O pito ata o tipo
Luza o azul
Sapos e sopas

ANITA PAZOS E MARÍA MOSQUERA,
BAC-2

REDACCIÓN ALFABÉTICA

Alegre, Bieito contaba, deitado e feliz, grandes historias infantís, louco, mentres ninguén oía panxoliñas que resoaban sempre uniformemente vistosas, xenial zum-bido.

Alba Mejuto, Mario Villarabide e Samuel Suárez, PDC-4

Alexandra, boca carnosa, desexosa e ferida, gabeas hoxe, inquedo lume melado, nos ollos pequenos que rin sen temor, universo vello xa zolado.

LETICIA PENAS E PATRICIA RODRÍGUEZ,
BAC-2

S+7

Texto orixinal:

Cada bosque ten a súa musicalidade. Estes de Xaviña e Brañas Verdes están orquestrados polo mar que ten o seu fol máis poderoso nos arrecifes e na enseada do Trece, entre o Monte Branco, o Cemiterio dos Ingleses e o Cabo Vilano. Por aquí as árbores vivan soan a tuba e ocarinas. A trombón e a óboe. A unha fusión de jazz e etno. Ei!, deixa de fantasear. Soaban. Agora só cabe agardar o réquiem da choiva. Por un intre, espetados nun lodo fumegante, véxoos como espectros de soldados tisonados dunha guerra antiga e futurista.

(Manolo Rivas: «Recuerdo de un infierno», El País 29/11/2006; tirado do libro de texto de 3º de ESO do Consorcio Editorial Galego).

Texto transformado:

Cada botica ten o seu nacionalismo. Estes de Xaviña e Brañas Verdes, orquestrados polo maratón que ten o seu follado máis poderosa arrogancia, e nas entrañas do Trece, entre o Monte Branco, o cenfollas dos Inimigos e o Cacahuete Vilano. Por aquí os arcos vivos soan a tumor e octógono. A trompazo e obstáculo. A un fuxitivo de karateka e eutanasia. Ei! Deixa de fantasear. Soaban. Agora só cabe agardar a residencia do choro. Por unha invasión, espetados nunha lona fumegante, véxoos como espermatozoides de solos tisonados dun guindastre antigo e futurista.

IVÁN MOSTEIRO, LUCÍA SANCHEZ E RUBÉN CARBALLO E PDC-4



ESCRITA LIBRE EN 3º de ESO



(Música de Georges Bizet: L'Arlesienne)

Diantres, estas portas parecen non rematar nunca. Aínda non entendo por que meu pai, o rei, fixo este labirinto de casa de vacacións.

Seguirei abrindo portas até que atope a saída. Parece que esta é máis grande e está máis adornada... debe ser a derradeira! Si, é a derradeira. Que bonito volver a ver os meus xardíns. Xa comezan a florecer os lirios. Todo ole moi ben, respírase tranquilidade.

Camiño polo paseo de pedras, levantando levemente o meu vestido, o xusto para non mollalo nos regatos.

Agora camiño entre as roseiras, todas as rosas están abertas menos unha.

- Que che pasa, pequena? Por que non abres?
- Porque me dá vergoña que me vexa o Sol.
- O sol espera impaciente que abras os teus pétalos.
- Está ben, abrirei...

Estase abrindo, é unha rosa branca, a máis fermosa de todo o xardín.

- Velo, dáme vergoña porque son branca e as demais son todas vermellas.

- Pois es a máis linda flor que eu nunca vin.

Desvergoñada, loce os seus pétalos de neve na grande roseira.

O sol espertou cedo esta mañá; aínda non son as seis e xa se está erguendo detrás das montañas que lle serven de agocho durante a noite estrelada. A pesares do sol, unha suave brisa acaricia a paisaxe e fai que as follas e aquelas fermosas flores da cerdeira bailen incesantemente. Pasando a escena a cámara rápida, poderías ver como se abren as flores, como van espertando os encantos da natureza que se concentran, todos xuntos, neste recuncho maravilloso da terra. A auga do río – non podería ser doutra forma- quere correr polo camiño trazado ao ritmo da música que escoitas: a do piar dos paxaros.

E eu, pequena, encerrada na miña cápsula, da que me vou liberando, comezo a sentir o olor da herba, das flores... Xa está, xa estou fóra... Agora só estendo as miñas ás de cores e voo. Por fin! A sensación é indescribíbel. Xa son unha bolboreta.

TAUTOGRAMAS

Sete sacoden sal,
saían salgados,
sentábanse solitarios, sen sentir satisfacción,
simulaban sentir segura,
sempre se sentían sinceros,
soían sobrevivir solemnemente,
solidarios, solucionando sermóns,
suxeitaban suxestións sobre series sumamente solicitadas sobre sociedade.

DAVID CASTRELO E BELÉN PÉREZ, PDC-4

Ies, incompetentes
insociables idealistas,
ides illarnos,
impedir ilusionarnos,
ingresados inimigos,
infernally infamia!
invidentes intrépidos,
inmutable inscrito.

LÉMBROME

- Lémbrome de poucas cousas.
- Lémbrome de que lembraba máis recordos.
- Lémbrome daquel paseo en bici e do bache.
- Lémbrome da roda por un lado e do resto da bici por outro.
- Lémbrome cando era pequena e as cousas eran máis fáciles.
- Lémbrome do día que viaxeí por primeira vez.
- Lémbrome cando meus pais me collían no colo.
- Lémbrome da primeira vez que comecei a camiñar.
- Lémbrome cando cheguei ao instituto.
- Lémbrome cando empecei a suspender.
- Lémbrome cando fun de pesca.
- Lémbrome cando collín a primeira troita.
- Lémbrome cando marquei o primeiro gol.

ESCRITA LIBRE EN 3º de ESO

Lémbrome cando me gustaban as ovellas.
 Lémbrome cando choraba por todo.
 Lémbrome cando odiaba a leituga.
 Lémbrome de cando deixei o biberón e o chupete.
 Lémbrome da súa mirada
 Lémbrome cando ficou en el
 Lémbrome de cando te lembraba
 Lémbrome da despedida.
 Lémbrome do primeiro móbil.
 Lémbrome de cando me parira a Loura.
 Lémbrome do meu vestido rosa.
 Lémbrome das tortillas de meu avó.
 Lémbrome do risa da miña avoa.
 Lémbrome de cando me operei.
 Lémbrome do mal que o pasei.
 Lémbrome do maldito corsé.
 Lémbrome de cando media metro e medio e calzaba o 36.
 Lémbrome daquel libro marabiloso.



■ PALÍNDROMOS

- - Adora a roda
- - Adán nada
- - Oído ó odio
- - O moco como
- - Atar a rata
- - A laca cala
- - O voo do ovo
- - A nosa sona
- - A dama amada
- - Abusa da suba
- - A súa non a usa
- - A rula e a lura.
- - O chino e o nicho
- - A porta e a tropa
- - A traca e a carta
- - A pata e a tapa

ALUMNADO DE 3º DE ESO

REDACCIÓNS ALFABÉTICAS



Agora buscan ceos distintos entre fragas galaicas. Húmidos, incomparables lugares máxicos. Non! Oxalá perduredes, que-ridos recunchos solitarios. Tedes unha vida xa zorregada.

TAUTOGRAMAS

Ai araucaria! Arbusto amedrentado. Achégate ata as atractivas atalaias, atrapa áureos anxos aventureiros ante antigos anfiteatros. Ascende activa, acada admirable altura!

Amor, aburres ata aos ardentes, apaixonados amantes; abrásalos, abrímalos, abrígalos, abrázalos, acarícialos, acovárdalos ... abócalos ao abismo.

Vulgar vida vulnerable, vólveste varicela varrendo varóns vascos.

Rato roedor ruso, rechamante romántico roto rápido.

Venecia, vila veciñal vigorosa, viaxo voando ventádoche vital ventura.

Camiñei, cabalguei, corrín cara Cáceres cantando cancións coñecidas.

Pintores pintando, persoas paseando, policía patrullando, parecen paisaxes perfectas.

Saber saír sen saída, sempre suxire satisfacción.

Durmín diario durante dez días. Deixei de durmir despois de descansar demasiado.

Pepe pensou pasar pola ponte para pisar pensamentos.

Agardo ansiosa a Ana, a adorada astronauta australiana.





MONOTONÍA

*Liberta o grito
que trazas dentro...*

CAMA

Dende sempre, os sábados, antes de facer a cama, a miña muller pí-deme que lle axude a voltear o colchón. Cando un día lle preguntei dixo que era una cuestión de hixiene e que, ademais, cambiándoo de lado cada semana, atrasábase o deterioro.

Teño observado que despois de alzalo ela manteno en vertical, apoiado sobre un canto, un par de segundos máis do necesario; nese tempo non a vexo, porque estamos en lados opostos da cama. Ao baixar o colchón ten a mirada perdida e un medio sorriso que sempre me resultou enigmático. Se con iso atrasamos o deterioro, paréceme estupendo.



MANUEL GONZÁLEZ

([HTTP://WWW.VENTANIANOS.COM/DOMBODAN/](http://www.ventanianos.com/dombodan/))

O BRILLO

Todos os días pola mañá sempre facía o mesmo, collía o seu bolso, poñía o seu abrigo e marcha a aquel parque. Non sabía por que razón, xa que perdera a memoria nun accidente de tráfico o verán anterior, saíra da estrada.

Un día, facendo o mesmo de todos os días, viu algo que brillaba no chan, agachouse, colleuno e sorriu.

ANA AGRA

NON SOA

Sempre o mesmo, soa o espertador ás sete e media, almorzas, vas á parada, montas no bus, chegas ao insti, e volves outra vez á casa. Pero, que pasa se un día se che pegan as sabas? Todo cambia, todo vai máis rápido, muda todo.

DIEGO VARELA

VOLVES SORRIR

Todos os días me levanto cedo para ir á clase. É unha longa mañá de aburrimiento e de duro traballo. Pero, cando pensas que xa non te podes aburrir máis, alguén di algo gracioso e recórdache que non todo é tan malo e aburrido como parece.

IRIA ARIAS

MONOTONÍA

... e a coragem, e o amor.
Mafalda Veiga



OUTRO DÍA MÁIS

Como todos os días, levántase, non fai nada novo; dúchase, almorza... Pero, como todos os días tamén, algo lle di que hoxe todo vai ser diferente. Non sabe se é verdade, pero terá que esperar a que pase outro día máis para ver se algo vai cambiar.

ANITA PAZOS

HOXE

El estaba alí, con ela, sentados naquel banco do vello parque como cada tarde. Colleron as mans e deron un pequeno paseo arredor da lagoa como cada día, e logo sentaron

naquel banco. Atopábanse naquel tranquilo lugar, rodeados de natureza e de multitude de xente, falando e rindo; e eles alí, calados, coas mans xa separadas, ollando a lagoa. Pero el mirouna, mirouna dunha forma diferente ás outras veces, ela non se decataba e el volveu a cara. Pero volveuna mirar e, de súpeto, ela volveu a mirada e atopouse cos ollos fixos nela. O sangue subiulle ás meixelas, e sorriron. Ela bicouno, e volveron mirar cara a lagoa.

PATRICIA RODRÍGUEZ

POLA MAÑÁ

A min gustaríame rachar a monotonía, deixar de facer sempre o mesmo. Pola mañá, instituto, e pola tarde nada. Por que temos que facelo? Poderíamos cada un de nós camiñar pola nosa conta, estudar o que quixésemos, cando nos apetecese. Quen dixo que pola mañá tiñamos que vir ao instituto?

BORJA PÉREZ

ESPERTAR

A escuridade comeza a diminuír e a luz vai entrando pouco a pouco polo oco da ventá da habitación. Tumbada na cama, o sono na miña cabeza xa coñece a hora da súa fin. Como non vou ter sorte, o despertador vai soar, con coidado abrirei os ollos e intentarei sacar o sono e a preguiza. E como non terei máis remedio, levantareime.

LETICIA PENAS

O MEU CAMBIO

Era unha rapaza normalíña, tranquila e tímida, ata que hai uns anos que empecei a saír. Cambiei moito, non sei se foi porque fun coñecendo máis xente e aprendín a ver a vida doutra maneira ou porque foron os anos os que me mudaron.

MARIA MOSQUERA



O HOME DO SACO

Normalmente, os nenos pequenos, cando van para a cama adoitan agocharse debaixo das mantas e engruñarse baixo os aloumiños das nais ó escoitar a historia do Home do Saco. Habitualmente, bulen bricadeiros para a cama con só oír o nome, por iso é un bo xeito de conseguir que abandonen os xogueteos e se deixen levar por Pedro Chosco, normalmente, e xa digo e recalco que normalmente, adoitan facelo, agora ben, non todos. Temos como excepción clara e inmutábel a Pedriño. Loxicamente debería asustarse coa historia do lobo, enchoupárselle as meniñas dos ollos cando lle dan un par de labazadas, debería ter medo das cousas descoñecidas e dar berros enordecedores cando a avoa lle fala dos moitos personaxes, presentes no mundo e na mente dun neno de 6 anos; como bo neno inocente que é, Pedriño debería e case tería a obriga de facer iso, xa que cada idade conleva o seu, e que son os seis anos, senón buscar constantemente de protección baixo a saias da súa nai. Pois non!!, para el non!!, sabe de sobra que para min sería máis sinxelo contar a típica historia do neno medorento e como o sabe debe, por iso, quererme complicar as cousas.

Pois ben, o caso é que Pedriño estaba como tódalas noites, entre lusco e fusco, xogando, e neste caso coa súa nova estación en miniatura de avións, cando, e tamén como marcaba a tradición, e leva acontecido ano

tras ano con cada neno nacido na casa dos Xelmírez, a nai de Pedriño o chama, faise o durmido e o preguiceiro e dá xiros ó redor da alfombra como resposta, a nai deixa ó lado a política pacifista e diplomática empregada ata agora e opta pola vía de levalo polas orellas, pórllle o pixama a duras penas e aínda que o neno acabe coa parte de abaixo do revés, consegue metelo na cama. Por veces, moitas, fixolle falla a axuda do pai para tan laborioso e arriscado traballo e foron moitas as ocasións nas que lle pasou pola cabeza o de pórllle un cadeado á porta, iso si que é unha boa loitadora!! E despois de moito tira e afrouxa, despois de moitos «déitome e vólome a levantar», despois de moitas chantaxes e promesas o neno caía rendido. Pois ese día, Pedriño decide que esta é mala noite para ir para a cama e portarse ben, pero non pensades que o fai así, sen máis, desinteresadamente, e é que para esa noite o neno ten plans. Esa noite decide ser Alejandro Magno, Hércules...e o gran aventureiro que consiga matar os máis xigantes, gañar moitas máis guerras..., e iso é porque no fondo segue sendo un neno de 6 anos e, agora si, como cada neno, ten moita imaxinación. O caso é que, ás veces, como di moita xente buscas o lobo e acábalo atopando. Neste caso, o lobo tiña forma de home sucio, farrapeiro e mal vestido, é dicir, de vagabundo. É algo que adoita pasar cando un neno de seis anos abre a porta da súa casa ás doce da noite coa fin de



atopar o presunto «Home do Saco» e non atopa un home do saco, senón a un home cun saco, que non é Papa Noel porque Pedriño sabe de sobra que o nadal non chegan ata decembro. E como ninguén se molesta en explicarlle que o «Home do Saco» non existe, Pedriño, por primeira vez na súa vida, sente as meniñas dos ollos enchoupados de auga e corre a anicarse baixo a saia da nai.


E probable que se con 6 anos optase pola vía de deixarse enganar, agora con dez anos non tería que sentir esa suor fría que lle percorre o corpo, ese terror, ese arrepió que sente cada vez que alguén lle fala de saír á rúa pola noite ou de Papa Noel, xa que por gardar certa similitude co Home do Saco esperta certo reparo en Pedriño. É o que pasa por querer adiantar os acontecementos e agora con dez anos é un neno inocente e retraído.

ARIANA TRASTOY LÓPEZ, B1A

TEÑOMEDOS

Eu teño medo a...

Eu teño medo á morte,
teño medo á escuridade
teño medo aos relámpagos
teño medo aos vampiros e aos morcegos,
teño medo a volver repetir curso, prefiro deixar o instituto,
tamén teño medo a como vai ser o meu futuro,
a que lle pase algo á miña familia ou aos meus amigos,
a suspender o exame de inglés e o de tecnoloxía,
Eu teño medo ás serpes, aos touros, ás galiñas, aos ratos, aos lirios, ás arañas, aos edificios grandes, aos libros, á xente, aos cabalos, ás portas, aos espellos, aos coches, ao lobo, ás cidades, aos profesores, aos corredores longos, aos mares...
Eu teño medo a andar soa pola noite, á escuridade.
Teño medo cando vexo películas de terror, cando fai vento, cando chove.
Sinto medo cando morre alguén.
Teño medo a morrer,
teño medo a quedarme soa, tamén a que o sol se esgote.
Sinto medo deste mundo, tamén dos ladróns.
Teño medo dende o momento no que nacín.
Sinto medo cando non aprobo.
Teño medo de esganarme coa comida.
Cando vexo telexornais e vexo aos terroristas atentar, tamén teño medo diso.
Eu téñolles medo aos pallasos, danme pánico,
teño medo a ir soa pola noite,
teño medo a falar en alto no medio da clase. Un medo que se che mete no corpo porque non sabes se vas dicir algo que non vén a conté e se van rir de ti. Oxalá nunca me pase.
Pero, ao que máis medo lle teño neste mundo é a que lle pase algo á miña familia.
Eu teño medo a suspender este curso.
Tamén a ir de campamento a Escocia, intimidáme.
Dáme medo ir pola rúa e atoparme con un can xigante.
Que algún amigo meu se vaia lonxe, porque sinto un baleiro e medo de que se esqueza das persoas que quedamos aquí e que o queremos.
Eu teño medo a que pase algo malo.
Eu teño medo á escuridade,
teño medo a facer o ridículo diante da xente,
a que morra a miña gata,
ás pelexas entre amigos.
Teño medo a ser un fracasado no mundo laboral o día de mañá,
teño medo a ser @ tont@ dos irmáns.
Teño medo a ir no coche con miña nai porque conduce moi mal.
Teño medo ás películas de medo,
teño medo ao fracaso escolar,
teño medo ás drogas.
Teño medo a case todo.
Eu teño medo á: escuridade, o can, as plantas carnívoras, cando miro pola ventá, a que me vexan espid@, que non pare de chover, que trone, que faga sol, que me coma o lobo, que me raptén e non poida ver máis aos meus amigos e familiares, a que me deixen só, a que neve pola noite, a que o can me coma o gato, a que ninguén me queira, que haxa un terremoto que tire as casas, que se acabe o mundo, a que a terra rompa pola metade, a coller a gripe, a limpar, fregar, xogar coa pelota, berrar só.






TEÑOMEDOS

Eu teño medo a aquel home de acolá.
 Eu teño medo a matar a alguén,
 teño medo a perder xogando ao fútbol,
 a tirarme desde o cuarto piso,
 a que perda o Celta,
 a que se estropee o tractor,
 a que meus pais me pillen borracho,
 a ter un accidente.
 Eu teño medo a alguén que sexa forte e estea tolo,
 a que me poñan a navalla no pescozo,
 ás serpes,
 a ir só ao río de pesca,
 a operarme,
 teño medo a que miña nai me pille bebendo e borracho.
 Eu teño medo cando estou soa na casa e escoito o menor ruído,
 cando fixen algo malo, a que me descubran,
 teño medo a estar nunha completa escuridade,
 cando subo e baixo escaleiras na escuridade, como se me estivese a piques de tirar por un precipicio.
 Teño medo de... de ter medo.
 Eu teño medo do que hai debaixo da cama,
 teño medo ao Chococostro, porque non quero que me leve,
 teño medo porque el sabe que lle teño medo
 teño medo porque non quero que me coma
 porque non quero morrer tan novo,
 porque non podo escapar,
 porque isto non se pode solucionar,
 teño medo porque con el non se pode razoar.
 Eu teño medo que me faga mal a verdura no estómago,
 teño medo cando lla vexo facer a miña nai.
 Teño medo á condenada verdura, que xa non sei para que a botamos, porque non me gusta
 e xa fai mal só con vela nos pratos.
 Eu teño medo ao tomate,
 teño medo na casa á hora de xantar.
 Teño medo a converterme nun tomate cando o como.
 Eu teño medo a moitas cousas,
 teño medo porque o teño,
 teño medo porque son medosa.
 Eu teño medo de afogar.
 Eu teño medo aos Teletubis, aos porcos, ás galiñas, a que me pegue un rato ou me morda
 unha toupa, a esganarme cun melón, a que veñan os Powers Rangers á miña casa, a
 bañarme no río sen bañador.
 Teño medo a caer enriba dunha bosta, ás persoas gordas, aos cacahuets, a que me tire
 unha ovella.
 Eu teño medo a que caia o ceo. E se caese o ceo? porque non poderíamos vivir sen el. E se
 cae e rompe o Sol? E xa non falemos da Lúa. Se o Sol morrese, quedaría viúva e pasaría toda
 a eternidade chorando e chorando. E se marcha para esquecer o sol? Que farían os namorados
 sen a Lúa? As poesías perderían a paixón que a luz da Lúa outorga. E os científicos darían
 vivido sen as súas amadas e lonxanas estrelas e constelacións? O mundo viría abaixo, polo
 que o meu maior medo é que caia o ceo. Espero que estea ben sostido, pero claro, con
 tantos satélites e estrelas debe pesar moito. Será suficientemente forte o que o sostén? Iso
 espero, porque non podería pasar nin un día sen ceo.

TEÑOMEDOS

Teño medo...

Teño medo a suspender o exame de Filosofía,
Teño medo a que morra o meu avó
Teño medo a deixar embarazada a unha rapaza cando teña relacións
Eu teño medo ao coche, cando está circulando pola rúa,
á porta, cando se abre ou se cerra,
ao ascensor, cando sobe e baixa.
Eu teño medo cando miña nai vai falar co titor,
cando alguén que coñezo, familia, amigos... está no hospital.
Eu teño medo de poder vela, teño medo de non poder vela;
cando a vin, quixen coñecela, cando a coñecín quixen bicala,
e agora que a biquei, non a quero deixar marchar,
teño medo, porque se marcha morrerei por ela, e morrerei de amor.
Eu teño medo de moitas cousas, por exemplo dos amores de adolescencia.
Eu teño medo... á escuridade, ao silencio, ao engano, ao risco, á soidade, á mentira, a
excesiva ilusión, aos exames, a quedarme soa, á traizón, á dor, aos nervios, á violencia, á
guerra, ao sufrimento...
porque amo a luz, as palabras e a verdade. Prefiro ilusionarme o xusto e teño medo a darlle
renda solta aos sentimentos, por intentar escapar do sufrimento.
Eu teño medo despois das películas de terror, a esa sensación que che queda no corpo ao
volver á realidade e estar soa na casa, co silencio e ás escuras.
Teño medo a non dar cumprido uns certos obxectivos na vida, a como será o futuro, a se
estou tomando as decisións axeitadas que me levarán a un futuro que me guste, porque me
preocupa máis o que farei no futuro que o que me acontece agora, xa que ó de agora podo
controlalo máis ou menos.
Eu teño medo do que acontecerá mañá,
medo deste mundo, porque non sabemos o que ocorrerá,
se haberá guerra ou paz.
Teño medo ao cambio climático, porque ao mellor no futuro non hai auga.
Teño medo polo meu propio futuro.
Eu teño medo ás operacións,
tamén a non sacar o curso adiante,
ou a morrer nun avión,
ou a afogar cando vou nun barco.
Eu teño medo de enfadar moito aos meus pais,
de morrer queimado ou afogado,
de non ser ninguén na vida.
Eu teño medo dos exames, de latar, aos profesores.
Eu teño medo a ter un accidente,
a non saber elixir o camiño correcto,
a sufrir algunha enfermidade,
a que meus pais se enfaden comigo,
a non poder cumprir os meus obxectivos,
a encontrarme con persoas malas no meu camiño,
a separarme dos meus amigos,
á escuridade e á soidade.
Eu teño medo á araña que vin hoxe pola mañá ao saír da casa,
aos cans grandes, ás notas da avaliación,
a morder as uñas.





TEÑOMEDOS

Eu teño medo aos balonazos en E.F.,
 aos coches cando van moi rápido e
 a algún profesor cando está moi enfadado.
 Eu teño medo á maldade da xente,
 a que lles pase algo ás persoas que quero.
 Teño medo ao silencio, ese silencio que che di que vai pasar algo,
 sobre todo cando se rompe con un golpe, cando estou só na casa.
 Eu teño medo á 3ª avaliación, porque é cando vai mellor tempo
 e cando menos ganas hai de estudar, vendo o sol e abafando na casa.
 Eu teño moito medo a quedarme completamente só.
 Eu teño medo a quedar mancado para toda a vida no traballo,
 Teño medo a suspender os test na autoescola,
 tamén tiven medo de quedar sen dedo cando o abrín traballando.
 Eu teño medo a estar encerrada, ás enfermidades e á fame.
 Para min a peor situación sería que pecharan a porta dunha habitación na que estivese soa
 sen poder comer nin beber, e na que non houberse ningunha luz e, aínda por riba, que me
 puxese enferma.
 Teño medo a terroristas, violadores, homes bomba...
 Eu teño medo a todo,
 ao que me poida pasar.
 Teño medo cando as cousas van mal,
 dáme medo pensar no malo.
 Teño medo á Garda Civil cando fago algo malo, porque me poden levar preso.
 Eu teño medo cando me encontro a unha gran altura,
 a sufrir un accidente de tráfico ou algunha enfermidade,
 se perdo unha man, un brazo, se quedo nunha cadeira de rodas...
 Eu teño medo á xente que leva os rapaces á forza,
 aos insectos, porque os odio
 aos tiburóns e a todo o que poida vivir na auga.
 Eu téñolle medo ás serpes, principalmente de noite.
 Eu teño medo a que se rompa a familia na casa no Nadal.
 Eu teño medo a que me peguen.
 Teño medo cando vou no coche con un que corre moito.
 Eu teño medo a que un día entre un ladrón na casa e aproveite para roubar certas cousas.
 Eu teño medo a estar de noite no comedor da miña casa porque me recorda cousas malas e
 defuntos, e penso que aínda están alí.
 Eu ao único que lle teño medo é ás ras, sapos e cóbregas porque me dan noxo.
 Teño medo a algúns sitios como cemiterios e lugares abandonados.
 Tamén teño medo cando soño.
 Eu teño medo de min mesma,
 de non ser feliz na vida,
 de non atopar traballo.
 Teño medo aos terremotos, ás guerras, aos fenómenos meteorolóxicos imprevisibles.
 Teño medo ás armas e aos coches veloces.
 Eu teño medo ás pistolas, aos incendios, ás navallas.
 Teño medo a non ser como desexan meus pais,
 a facer o ridículo.
 Eu teño medo á morte,
 a facer as cousas mal e que me berren,
 aos animais grandes.
 Teño medo ás persoas borrachas que non saben o que fan.

TEÑO MEDOS

Eu teño medo a ser violada por alguén,
aos incendios, ás inundacións.

Eu teño medo a esperar moito unha persoa e cando chega non saber que facer ou dicir.

Eu teño medo a comer bechos.

Eu teño medo a comer verdura,
a perderme nalgún lugar, non saber onde estou e non saber volver,
a ter moitos inimigos,
a caerlle mal á xente.

Eu teño medo aos profesores, ao instituto, a estudar, a ler, aos exames, a todo o que estea relacionado co instituto.

Teño medo a traballar, a ter que madrugar, a comer algo que non me guste,
a non poder conducir o coche, a moto, o tractor, todo o que teña motor,
a non poder ter nunca un coche,
a non poder comer o bocadillo.

Eu teño medo de caer da moto, de romper un óso, de que marche o autobús,
de caer no pozo do veciño, de perderme no medio de Santiago no coche...
de que o mércores sexa o exame de Galego.

Eu teño medo a pensar,
a non me acordo,
a ti, a min, a el, a vós, a eles

teño medo a eu que sei,
ás mulleres, ao lume, ao fume.

Teño medo a non me acordo.

Eu teño medo á escuridade, aos ascensores,
a Miguel, a Gonzalo,
á clase de Galego, aos profesores.

Eu teño medo ao amor.

Eu teño medo de que se rían de min, de facer o ridículo,
teño medo ao frío,

teño medo de non saber que facer, a equivocarme.

Eu teño medo a perder a vida,
á mentira,

a todas esas cousas que non dou nin imaxinado.

Eu teño medo á morte, á enfermidade, á música flamenca.

Danme moito medo os bonecos de cores como os Teletubis e os Power Rangers,
e de pequeno tíñalles medo aos pin y pon, pero supereino co tempo.

Dáme moito medo cando estou só nun ascensor.

O medo máis grande que teño no mundo é que se me derrube a casa coa moto, a roupa e a miña colección de Pokemons dentro.

Eu teño medo á banda de Visantoña, ao cocido, aos ascensores, á pintura verde, á Guerra Civil, ao chocolate, ao motor dun tractor, ao cacique, a un reloxo, ao can de meu primo, ao bolígrafo verde de Adrián, ás cadeiras rotas, ... ás almofadas brancas, ás casas de cemento, aos ácaros, ás piscifactorías, aos remuíños do pelo, á gaita e á pandeireta, ao Entroido, ás bonecas, aos percebes, ao lacón con grelos, ás patacas fritas, á novena sinfonía, aos crioulos, ás correntes de aire quente, aos Teletubis, ás filloas, aos exames de Galego, ás estrelas.



VAI DE MEDO

Unha tarde de tronada, Sara estaba coas súas amigas na biblioteca contando lendas de medo.

De súpeto alguén fai tremer a Sara, resulta que eran os seus compañeiros que as escoitaran e queríanse unir.

Entón un deles chamado Hugo comeza a falar, di que coñece unha lenda moi boa, entón pídenlle que a conte.

- Esta lenda, non é unha lenda calquera, posto que é totalmente certa, e ocorreu moi preto de aquí, un monte perdido que a xente descoñece e os que saben onde está, por motivos de seguridade, prefiren non achegarse.

Hai moitos anos nese monte había unha aldea moi acollidora na que todo o mundo vivía tranquilo sen ningún tipo de preocupación. Ata que ocorreu unha desgraza que cambiaría as vidas dos habitantes e da aldea para sempre.

Resulta que certo día unha nena moi cativa púxose a xogar coa súa boneca a carón do río e como era un pouco evidente caeulle sen querer. Como de todas formas a boneca estaba moi preto da beira, a nena intentou collela, pero cando parecía que xa se fixera con ela, a pobre caeu ao río. Ela comezou a pedir axuda e a berrar, pero a xente que estaba por alí non sabía que facer, xa que o río era moi perigoso. Entón, decidiron chamar a nai, pero cando ela chegou xa era demasiado tarde e xa non se vía nin rastro da pobre rapaciña.

A nai toleou e comezou a berrar.

A xente comezou a preocuparse, posto que sabían que a señora non esta ben da cabeza.

Todo o mundo calou mentres ela dicía:

- Maldígovos, maldígovos malditos campesiños, por covardes. A miña filla debería estar viva e vós mortos, ja,jaja, a miña filla virá! ,virá para matar a cada unha das persoas que vós máis queredes, e non se salvará ninguén. Dentro dun ano por esta mesma data a miña filla sairá do río e irá arrastrando un a un a toda a vosa familia ata o río.,alí ela afogaraos e a súa morte será tan desgraciada como foi a da miña pobre filliña.

Pero aos que estabades aquí non vos matará, non, senón que en lugar disto deixará que vivades co calvario que teño que vivir eu, por non poder estar coa miña filla, que era a única persoa que me quedaba neste mundo e á que quería con loucura. Sentiredes esta dor, esta soidade e esta furia que teño eu neste intre. Pero isto non é todo, senón que a miña filla iravos visitar de vez en cando, e isto fará que acabedes tolos ata que un por un vos vaiades tirando ao río.

Se non me credes, xa veredes, ides facer cola ata para tirarvos ao río, que o que non fixestes hoxe pola miña filla farédelo dentro de cinco anos, longos, moi longos sobre todo os catro que botaredes toleando.



Jajaja

Ah, esquecíaseme outra cousiña. Aquel que intente escapar terá unha morte moito máis longa e cruenta que a que vos acabo de contar, así que o que vós elixades, eu aí non opino, cada un é libre de morrer como el prefira.

Todo o mundo quedou mudo. A xente non sabía que pensar, e foise esquecendo pouco a pouco do sucedido, pero a maldición cumpriuse como predixera a tola, e a aldea quedou totalmente deserta.

A muller acabouse suicidando para reunirse coa súa filla.

Contan que as súas almas seguen vagando por todos os recunchos desa vila, esperando que apareza un pobre camiñante para apoderarse da súa alma.

Por este motivo a vila quedou perdida e estancada no medio dun frondoso monte, posto que ninguén está tan tolo como para ir



VAI DE MEDO

ata alí.

Entón un dos compañeiros interrómpeo e dille:

- Eu tamén coñezo esa mesma historia.

Hugo dille:

- Xa, esta é unha lenda moi antiga, pero seguro que só coñeces ata aquí, fixo que non coñeces como segue, posto que ata hai pouco a lenda remataba aquí, agora non é así, así que se me deixades continuar, cóntovos como remata.

Hai aproximadamente seis meses, seis rapaces, que coñecían esta mesma historia, intentaron averiguar se esta historia era certa, e adentráronse no monte. Non se soubo nunca máis nada deles excepto dunha rapaza chamada Silvia.

Segundo din, os seis rapaces querían comprobar se esta lenda era verdade e para iso adentráronse no monte.

Contan que despois de dous días atoparon a aldea. Cansados sorriron e achegáronse rapidamente, pero cando por fin a pisaron, algo malo e estraño recorreu o seu corpo. Foi entón cando se decataron de que alí pasaba algo.

Os país destes rapaces anunciaron a súa desaparición.

Pouco despois, apareceu o corpo de Silvia, unha das desaparecidas, nun río de pola zona. A morte da rapaza deixara aínda máis enigmas dos que había. Morrera afogada, aínda que a causa non se sabía, non presentaba sinais de violencia.

Os hematomas e rascadelas

que posuía por todo o seu corpo, debíanse sen dúbida á forza coa que a rapaza chocara contra as pedras do río cando ía corrente abaixo, ata que este a arrastrou a un lugar onde a auga estaba algo estancada. Alí quedou ata que a atoparon os pescadores.

A policía rastrexou a zona por se había algo máis por alí, non atoparon nada e seguiron coa súa inútil busca.

Un dos país encontrou un mapa sinalando a aldea abandonada, foi cando o resto de país, que falaban entre si da desaparición dos seus fillos, se decatou de que os seus fillos ultimamente falaran dese lugar.

A policía dirixiuse á aldea abandonada e comezou unha busca longa e perigosa.

Contan que despois de dous longos meses deixaron a investigación, posto que tanto o corpo de investigación como o de policía non quería arriscarse máis.

Nestes meses desapareceran varios axentes, e outros atopáranos mortos á beira do río, preto de onde encontraran o corpo de Silvia. Din que a nena mataría a todos os que puxeran un pé na súa casa. Por desgraza era a casa mellor conservada, xa que nai e filla aínda vivían alí.

Os rapaces refuxiáranse alí durante días e a nena matáraos a todos, excepto a Silvia que ao ver como a nena mataba a un dos seus compañeiros toleara e inten-

tara fuxir.

Silvia tivo mala sorte e caeu ao río, alí morreu afogada nun momento de crise e loucura.

Os policías que deran cos corpos morreran a mans da nena, e por isto a policía deixou a busca, posto que quen sabía o segredo morría. Segundo acabou de contar a historia todos comezaron a rir. Todos menos Sara.

Hugo dixo:

- Esta historia é completamente certa, así que deixádevos de rir.

Os seus compañeiros non o creron.

Entón Sara comezou a falar:

- Eu créote, Hugo, esa historia é certa e vouvolo demostrar.

De repente, todos quedaron calados sen saber que dicir, incluído Hugo.

- A primeira parte desa historia contoume a miña prima, era moi aventureira e encantábanlle este tipo de historias. Sempre me dixo que quería comprobar se esta lenda era certa.

A segunda parte tamén o é, posto que unha das rapazas mortas é a miña prima, quen me dixo que se non regresaba significaría que a lenda era certa.

Todos estaban pálidos sen saber que dicir, non podían crer que a lenda fose certa.

Así que xa sabedes, tede tino coas historias ou lendas que vos contan porque ao mellor non son de broma, e xamais intentedes comprobalo se non queredes acabar igual.

VIRGINIA FOCIÑOS ASTRAR



UN INVERNO DE FAME

Era setembro e unhas pequenas pingueiras de auga fixeran posible que se botaran os nabos nas leiras, onde xa se apañara a mala colleita de patacas que apenas superaban a cantidade que se empregara para plantalas. Pouco despois do día 1 comezaron as xeadas e posteriormente as nevadas nunha pequena aldea do interior de Galicia.

A cousa non pintaba ben. Coas borreas xa estendidas e co trigo nado nos montes cuberto pola xeadada que noite tras noite o ía amolentando xa ben entrado o mes de novembro, tamén o lobo comezou a ser outro perigo máis. As nevadas que día si día non ían caendo fixeran que os animais se achegasen ás casas para buscar algo que comer, unha pita extraviada, un can de palleiro ou mesmo un home ao que se lle fixera noite no camiño. A lei do máis forte! A vida tornábase complicada para o pequeno Pepe ou máis ben o Roxo, como se coñecía polo contorno. Ese alcume proviña xa de seu bisavó. Con 15 anos acabados de cumprir, o Roxo viuse na obriga de axudar a seus pais e irmáns que traballaban arreo pero que non daban sostido a familia. Cos seus trallos e lazos ía para o monte e miraba de traer algo para a casa, xa fose unha garduña, un raposo ou un gato bravo que sempre tivo fama de estar moi bo. O caso era levar algo para a casa as peles naquel entón estaban moi ben prezadas, e o valor dunha garduña era case o mesmo có dunha

vaca. O Roxo sentíase útil, o seu era iso, o monte e as peles, canda si, sempre inseparable a súa paralela do 16 e sempre cargada con dous cartuchos do dobre cero que a bndaban para facerlle ben dano ao seu inimigo, o demo que o espreitaba todos os días no

monte; entre eles había unha conexión especial, sempre sabían onde se atopaba o outro. O Roxo estaba seguro de que chegaría o día no que se enfrontarían os dous cara a cara e iso inqueda bao mentres poñía os lazos nas brechas das súas presas que normalmente estaban nas beiras dos ríos, preto das pontes, e nos carrilleiros dos coellos por onde pasaban na busca de comida. O inverno facíase duro e escuro, pouco máis ca cinco horas de luz debido ás nevadas continuas, pero ao mesmo tempo miúdas, que facían que nas zonas máis baixas dos vales a neve non callase.

Pepe xa deixara o monte, o éxito das peles fora tal que no mes de xaneiro xa tiña 2800 pesetas que xa daban para algo, en todo o mes só foi dúas veces máis a armar e tivo sorte porque pillou dous gatos bravos que lle pagaron as balas para a escopeta. Non podía andar toda a vida coa munición do dobre



cero...iso lle dicía a súa nai.

Os días pasaban e os primeiros cantares dos paxaros nas pólas dos ameneiros sen follas soaron, febreiro xa levara sete mortos en oito días. Os culpables, a manda de lobos que famentos de carne non sabían onde buscar, metíanse na aldea pola noite e collían todo o que vían moverse. O terror apoderábase da xente, os homes do pobo facían gardas coas escopetas, pero non tiñan moita pólvora e os tiros medíanse. Quince homes en toda a aldea e entre estes só catro armas sen a do Roxo.

Catorce de febreiro e a noite clara pero sen luar cos berros da xente polas corredeiras, «entrou, entrou o lobo na miña casa» iso dicía Maruxa do pombeiro á vez que corría cara as barrancas de Lamigueiros, houbo un silencio e un berro e pouco despois un ouveo. O Roxo agarrou a escopeta, cargouna con dúas balas e marchou ás carreiras cara Lamigueiros; outros

UN INVERNO DE FAME



dous homes foron con el pero non lle daban andado. Era coma un raio que se perdía na escuridade dos toxos e carpazas do monte. Era, era un lostrego, movíase lixeiro e sen mover unha folla, saltaba os balados sen tocalos sequera. Nun momento atopou a Maruxa, aínda viva, mirando cara el cun lobo que aínda estaba no pescozo da mulleriña que intentaba falar e que só movía os beizos enchoupados de sangue vermello e ardente coma o lume da lareira. O lobo soltou a carne e mirouno desafiante. O Roxo endereitou a escopeta, apuntou e disparou aos miolos do animal. Caera! a bala furouno sen problema. Co ruído do da explosión os demais lobos esvaecéronse e chegaron os dous veciños que quedarán atrás, Suso e Ramón, así se chamaban. O Roxo aínda miraba para o animal, un segundo despois ergueu a vista e alí no cume da pena queimada, estaba o seu lobo, non o que matara senón o que o ollara todos os días no monte. Levantou o caño e apertou o gatillo, un tiro perdido que máis ben foi

un sinal. O lobo nin sequera tremeu, só pegou un ouveo e brincou monte abaixo.

En dúas semanas o Roxo pensou e pensou naquel lobo, naquel demo que o aterraba. Todos os días se vían, todos os días a venta se poñía no medio das miradas dos dous e, en canto Pepe collía a escopeta, o lobo voaba.

Na vila non se falaba doutra cousa que da morte da Pombeira, e do Roxo pequeno que xa era case un home.

Entre idas e voltas chegou marzo marzolo cos seus trebóns e os raolos, e nunha noite moi parecida á que lle levara a vida a Maruxa, o Roxo estaba na lareira cando chegou Suso da Estivada e Ramón de Cornias, súa nai abríralles a porta. «Boas José» dixo Suso. «Non tal» contestou o Roxo. Sobraban as explicacións pero Ramón comezou. «Mira, Joseíño, nós vímosche pedir a ti e mais a teus pais que nos axudes a cazar a manda de lobos que anda pola comarca. Ti sabes onde atopalos, como seguilos, como matalos, precisámoste.» Pero interveu a nai, que o sempre o apoiara, pero que desta se negou a que fora ao monte na busca dos demos. Entón falou o pai, «irá, xa é hora que se faga un home, fixo quince anos, se el quere ir pode « Con estas palabras do pai, o Roxo dixo: «cando ,onde, moi cedo, ou pola noite?»

«Sairemos mañá ás sete» O Roxo despediunos e foi pola súa arma ao armario do cuarto, que era pouco máis que catro táboas con oito puntas. Colleu as balas e un puño se cartuchos e pousounos enriba dun tallo, deitouse e logo adormeceu. Espertou, acendeu un misto e mirou a hora no reloxo de corda de seu pai. Eran as seis e algo, ergueuse paseniño, puxo a roupa e baixou á lareira que aínda tiña as brasas ben vermellas. Avivou o lume e quentou o caldo que quedara do día anterior. Con estas andrómenas o tempo pasou e cando se deu de conta xa eran as sete. Colleu a paralela canda os cartuchos e as balas e botouse á eira na que todos os anos mallaban o trigo e que coas nevadas e agora coas choivas estaba cheo de lama. O ceo estaba neboento e caía una zarzallada moi miúda pero que mollaba no cano da escopeta. Foron chegando os demais e decidiron que había que andar. O Roxo cargou a escopeta e botouse a camiñar canda os outros. Baixaron as Cambas, subiron a outra ladeira ata chegar ao Salto do Paxaro onde comeron unha codela de pan e un anaco de chourizo.

Nada, no se vían! os lobos déranlle o rabo. Os cazadores volveron a camiñar, pararon a beber na fonte Canteira e baixaron o Rego; alí foi onde o Roxo dixo: «alí, alí os están!» Así era, no cume da zarra da Mina catro lobos e o seu xefe, as feras liscaron dun brinco e os cazadores detrás, pero o Roxo non os



¡QUERO APRENDER A CAZAR!

seguiu, sabía das bredas deles sabía que os lobos baixarían polas carballeiras do Ouvín que daban saída ao río Lamapoto, un río moi caudaloso que na primavera tiña moito fondo e forza nas súas augas. Botou a correr polo Rego abaixo ata chegar a unha zarra que estaba limpa e que só tiña catro pebidas de toxo polo medio, cruzouna e saíu á esquina da carballeira, xa se sentían os homes a berrar na cima e no prado do fondo do Ouvín, xa viu pasar dúas das feras pero non lles deu tirado e pasaron o río, case nun brinco co medo que levaban. De súpeto sentiu un estrondo pola costa abaixo, dous demos corrían para se salvar, un deles era o xefe, o que o visitaba día si e día tamén. Ergueu o cano e disparou dous tiros que lle fixeron sentar a cabeza ao máis grande e forte deles, o xefe! Namentres o outro virou cara arriba e foi abatido por Suso. Ao chegar o resto dos homes xuntaron as pezas, tres das cinco feras caeran e, para sorpresa dos demais, o Roxo matou o demo que fora o pesadelo das xentes da comarca.

A entrada dos homes na vila foi un acontecemento para as xentes. «Caeron as bestas» «mataron tres» Esa noite foi de festa coa xente leda e bébeda pola ledicia. O mellor foi para o Roxo, que se sentiu ben por deixar marchar os outros dous lobos que non farían mal, o mal facíao o demo.

MANUEL FERNÁNDEZ PAMPIN, B1C

Un día, ás 7:30 da mañá, Diego levantouse e foi para a casa de seus pais. Manolo, que era seu pai, era o xefe da empresa Larsa, e ademais era o xefe dunha cuadrilla de caza. Diego quería ser cazador, pero só tiña 14 anos e ata os 16 non se podía sacar a licenza nin o permiso de armas.

Manolo díxolle a Diego que ás 7 estivese alí, pero Diego durmiuse e foron sen el. El, chorando, volveu para a casa dos seus avós e díxolle a seu avó que seu pai marchara sen el. O seu avó, cabreado, subiu correndo á súa habitación pola escopeta, o chaleco e cartuchos. Cando baixou, Diego quedou coa boca aberta e preguntoulle para onde ía, e seu avó díxolle: «Vouche ensinar a cazar eu». Diego alegrouse e contestoulle: «imos, avó, imos logo».

Colleron o coche e o carriño e montaron os catro cans: Laica, Chula, perla e o cazador máis vello de toda España: o París.

Cando chegaron ao monte, o avó deulle o chaleco a Diego; cando o puxo deulle a escopeta e explicoulle como se cargaba e como se apuntaba para disparar e todo. Despois abríronlles aos cans e foron correndo detrás deles, berrando: «To, to, to, vai París, ei Perla». De alí a un cacho quedouse todo silencioso, só se sentían laiar («cantar») os cans. Diego non podía crer o que estaba vendo. Era certo, estaba no monte de caza, co seu avó e co corredor máis vello, o París.

As 11:15 da mañá acordaron marchar para lle ir dar de comer ás vacas. Cando ían de camiño á casa, o París empezou a cantar (lailar) no medio dos toxos. Diego asustouse, e seu avó díxolle: «Mantén a calma». Saíu un coello do medio dos toxos e os cans todos tras del. Seu avó berraba: «Tira, Diego, apunta e dispara»

Niso Diego apertou o gatillo e «PUN», caeu de cu, coa retransmisión. Seu avó berrou moi contento: «Ben, décheslle, viva». Cando Diego se levantou, chegou o París cun coello na boca. Diego colleuno e empezou a saltar de alegría.

Cando chegou a cuadrilla de seu pai para xantar, Diego empezoulles a contar todo o que pasara. Ninguén llo cría, pero, de repente, falou o avó: «A ver, *hostia*, por que non llo habedes crer? estaba eu con el, porque polo menos apréndolle algo de proveito, cousa que seu pai non fai.

IVÁN GARCÍA ORO, S2B



AMEAZA...

Son as dúas da mañá, uns ruídos acábanme de espertar, teño medo de levantarme, pero aínda así intrígame saber quen está provocando estes ruídos.

Levántome, lentamente baixo as escaleiras que me levan ó primeiro piso, todos se encontran durmidos, ó parecer eses ruídos só me espertaran a min, sígoos escoitando, son como se algo rabuñara a parede, miña casa queda ó lado dun terreo en venta, aquel ruído viña dende o terreo cara á parede da miña casa, as rabuñaduras e golpes non son continuos...

Decido pensar que son os cans que andan pola zona polas noites, porque sinceramente non quero pensar outra cousa, volvo á miña cama coa esperanza que poida volver dormir.

Ó día seguinte xa non escoito nada, prepárome para irme ó colexio, prefiro non comentarlle nada a meus pais nin a miña irmá porque tampouco creo que me creran, no almorzo meus pais falan sobre a desaparición dunha tía (a irmá do meu pai) e que a policía xa está facendo as investigacións, ela vive na mesma cidade que nós, preocupárame ver a meu pai así.

Ó irme paso polo terreo en venta, logro ver unha bolsa negra ó lado da parede da miña casa, pregúntome que será, pero non me podo acercar porque uns cans están moi cerca dela.

Cando volvo pola tarde á miña casa a bolsa segue alí intacta, os cans xa se fóran, así que achegueime a recollela, non sei por que pero ó tocala sentín un calafrío en todo o corpo.

Meu pai ábreme a porta e pregúntame que levo nesa bolsa, dígolle que a encontrei ó lado da casa e ó parecer ten unha caixa grande cunha tapa, miña nai e miña irmá tamén se intrigan polo que haxa dentro, levámola a cociña e meu pai dispónse a abri-la...

Ó abri-la ó instante saíu un mal cheiro, miña nai caeu ó chan, miña irmá saíu correndo gritando, a min déronme ganas de devolver e meu pai aínda sen saír do susto seguiu mirando o interior da caixa, nunca poderemos esquecer o que vimos alí dentro, unha cabeza humana medio queimada e unha man ó costado, a caixa chea de sangue.

Chamamos á policía para avisar do descubrimento, ó chegar a policía, levaron a caixa, pediunos tranquilidade e que non llo dixeramos a ninguén, para non alarmar a xente da cidade.

Eu aínda era un peneo, e as miñas ganas de contarllo a alguén remordíanme por dentro; así que llo contei ós meus compañeiros do salón. Eles, por suposto, non me creron e burláronse de min ó inventar tales cousas.

Pola noite meus pais miraban ó noticieiro, eu e miña irmá tamén o miramos con eles, dalgunha maneira a prensa xa se decatara do encontro da cabeza e publicárono esa noite, ¡Ben! —pensei— meus compañeiros xa non se rirían de min, pero grande foi a nosa sorpresa cando no noticieiro relacionaron o feito coa desaparición da tía.

Dixeron que segundo as probas de ADN, o sangue que se encontrou na caixa era o mesmo ADN que o da miña tía.

Meu pai non podía crelo, e asustouse ó recordar aquela ameaza que lle fixo un tipo había uns meses.

«Quitáchesme o meu posto de traballo e preferíronte a ti que a min, quitáchesme a única maneira de alimentar a miña familia, como consecuencia eu quitareiche a túa»

Meu pai non sabía que pensar, entrou nunha inmensa tristeza, non quería pensar que podía ser aquel tipo o que fixo aquela atrocidade; miña nai tratou de tranquilizalo como sempre o facía e sempre funcionaba, parouse, despediuse e foise a dormir, miña nai díxonos que nos tranquilizáramos que para o día seguinte meu pai estaría moito mellor.

Fun dormir e ó levantarme vin a meu pai máis tranquilo, e pediunos desculpas a min e a miña irmá polo que pasou; díxonos que eramos o máis importante para el, e que a súa tristeza se iría pouco a pouco así o quereira a súa irmá, xa que de pequenos nunca lle gustou ver chorar a meu pai.

Foise tranquilo ó traballo, era un home que sempre se recuperaba rápido de calquera dor.

Son as 7 da noite meu pai está por chegar do traballo, dixo que traería unha rica pizza para que a comamos entre todos, estou moi feliz...

Miña nai acaba de chamar moi preocupada á policía, miña irmá non deixa de andar, segue dando voltas na sala, eu sinto un gran temor e algo que me doe no peito...

...Son as dúas da mañá... e meu pai aínda non chega ¿Qué puido pasar?...



A CASA

Sara e Paula eran dúas grandes amigas que se coñecían dende os catro anos.

Tiñan 16 anos e estudaban 1º de bacharelato, pero ían en distintas clases.

Paula tiña mozo dende os 14 anos, en cambio Sara non tiña mozo formal.

As dúas eran bastante aventureiras e sempre andaban a investigar cousas ou a facer toleadas.

Querían organizar unha excursión pola súa conta, sen profesores e país que os vixiasen, así poderían ir elas cos seus amigos e montar festa todo o día.

Dixéronllo a Iván, o mozo de Paula; a Hugo, que era o rapaz que lle gustaba a Sara, e a uns amigos máis: Sabela, Lara, Pablo e Miguel.

Ese mesmo venres enganaron os país para ir de excursión cos seus amigos. Non sabían ben a onde pero iso era o que menos lles importaba.

Foron comprar comida, bebida e cousas que puidesen necesitar.

Cando estiveron todos xuntos, Paula díxolles que ás aforas da vila había unhas cantas casas abandonadas e poderían pasar alí os días, xa que ninguén os molestaría e estarían ben.

Comezaron a camiñar polas aforas da vila e chegaron a onde estaban as casas abandonadas.

Entón viron unha que parecía estar en mellor estado que o resto e dirixíronse a ela rapidamente, pois xa comezaba a facer bastante frío.

Un dos rapaces abriu a porta, e o primeiro que viu foi un

estreito corredor, non moi longo, que remataba cunhas escuras escaleiras que daban á segunda planta.

O corredor, ademais de unha morea de cadros nas súas paredes, compoñíase de catro portas, dúas á súa dereita e dúas á esquerda.

Os rapaces entraron sixelosamente na casa e comezaron a inspeccionala de arriba a abaixo.

A primeira porta da esquerda foi a primeira que abriron, era unha antiga cociña. Era pequena e non tiña moitas cousas, no centro había unha antiga e pequena cociña de ferro, que aínda tiraba, ao seu carón había unha mesa de madeira e unhas cantas cadeiras con algunha que outra tea de araña, pero en xeral a cociña estaba demasiado limpa como para levar tantos anos abandonada.

Entón decidiron deixar alí as cousas, posto que alí poderían comer a gusto e sentir frío.

Continuaron coa porta de enfronte, era unha pequena saliña chea de fotos e cadros por toda a parede, tamén tiña dous sofás vellos e unha mesa de madeira con unha morea de papeis.

Os rapaces achegáronse e intentaron ler o que poñía, aínda que non entendían moi ben a letra e deixáronos sen darlles maior importancia. Tamén había unha morea de debuxos dos que non comprendían moi ben o significado.



Abandonaron a saliña e abriron a seguinte porta, era un cuarto de baño, estaba un pouco vello e a bañeira un pouco oxidada, entón un deles comprobou se había auga para poder lavarse e, aínda que ao principio saía un pouco turbia, despois comezou a saír auga limpa.

No baño había un w.c. un pouco rudimentario, unha bañeira algo oxidada, unha especie de andeis tapados por unha cortina e unha pileta cun espello.

Saíron de alí e foron á última porta na que había unha chea de trastos vellos, todos eles cheos de po e teas de araña, entón supuxeron que sería unha especie de almacén. Dirixíronse á segunda planta, na que había cinco portas. Eran catro dormitorios e outro baño.

Paula e Iván colleron o primeiro dormitorio, tiña unha mesiña, unha alfombra e unha grande cama, polas paredes había algún que outro crucifixo.

Sabela e Lara elixiron a segunda habitación, tiña dúas camas e dúas mesiñas, parecía a habitación de dúas irmás e estaba pintada de rosa.

A CASA



Miguel e Pablo pediron a seguinte. Tiña dúas camas grandes e dúas mesiñas, semellábase moito á anterior, pero esta non estaba de cor rosa. Entón Sara e Hugo tiveron que compartir a última habitación, algo que lles agradou aos dous aínda que o disimularon.

Era unha habitación de matrimonio, bastante ampla con moitos cadros e dúas alfombras, tiña un moble bastante grande e unha mesiña cunha cadeira.

Dirixíronse á cociña por algunhas cousas para deixalas na súa habitación e tamén para arranxala un pouco para durmir alí.

Hugo e Sara colleron as súas mochilas e leváronas ao seu cuarto, alí deixáronas no chan mentres arranxaban a cama. Comezaron a falar sen parar mentres cambiaban as sabas da cama, limpaban un pouco o chan, os mobles, etc.

Cando xa tiveron todo bastante recollido, tombáronse na cama e puxéronse a ton-tear un co outro.

Estaban xogando coa almofada cando Pablo abriu a porta e lles dixo que xa era hora de cear pero que se querían que seguisen ao seu. Eles miráronse e riron, deixaron a cama estirada e

foron cear.

Xa estaban todos abaixo cando chegaron, miráronse e sorriron disimuladamente mentres se sentaban a cear.

Cando acabaron, dirixíronse ao salón, colleron as bebidas e comezáronse a emborrachar.

Para animar o ambiente puxeron música, entón uns bebían sen parar e outros bailaban ao mesmo tempo que se emborrachaban.

Xa era bastante tarde cando Paula e Iván se foron para a súa habitación, para ter máis intimidade. Entón escoitaron a Paula berrando, pero non lle deron maior importancia.

Mentres o resto seguía no salón de festa, con música xogos e todo o que se lles ocorría.

Entón escoitaron a Paula berrando, pero non lle deron maior importancia, e seguiron ao seu.

Como xa era tarde, decidiron subir para a planta de arriba, pero como preferían durmir xuntos, Pablo e Miguel colleron os seus colchóns e leváronos para a habitación de Sabela e Lara.

Sara dixo que se ía dar unha ducha e cambiarse.

Un pouco máis tarde Hugo dixo que ía poñer o pixama e que axiña volvía.

Cando se estaba cambiando chegou Sara, ela pediulle desculpase e el díxolle que non se preocupara, que el xa case acabara.

Riron e comezaron a falar, despois tombáronse na cama e recordaron o que lles acontecera cando xogaban

coas almofadas.

Entón Hugo díxolle a Sara que era moi simpática e guapa e que sempre que estaba con ela era como se tivera bolboretas na barriga, e que nunca sentira algo así por ninguén.

Ela sorriu e díxolle que a ela lle ocorría o mesmo, entón bicáronse.

De súpeto os berros de Sabela fixeron que se separaran e foran ver o que pasaba.

Dirixíronse ao baño onde estaba ela e viron a Pablo morto na bañeira, cheo de sangue por culpa dun coitelo que tiña atravesado na barriga.

Entón saíron rápido da casa e pensaron no que podían facer e quen podería ser o autor do crime.

Sara deuse conta de que faltaban Paula e Iván e foi correndo ao interior da casa a buscalos; Hugo foi detrás dela por medo do que lle puidese acontecer.

Cando Sara abriu a porta da habitación e viu a Paula e a Iván mortos botouse a chorar, entón Hugo intentouna sacar dese lugar. Sabela, Miguel e Lara que estaban fóra esperando non podían máis e querían fuxir de alí.

Entón Sara e Hugo saíron e dispóñanse a marchar cando unha corda agarrou a Lara e arrastrouna cara a casa.

Sabela foi correndo para axudala, pero cando viu o asasino quedou muda. Este tapouse cunha capa e levou a Lara.

Sara dirixiuse a Sabela para preguntarlle que pasara, ela díxolle que o asasino era a



A CASA

dona da casa, a señora que saía en todas as fotos. Entón miráronse estrañados e dixeron que era imposible, se non esa señora tería que ter 200 anos.

Sara entrou correndo na casa seguida de Hugo e dirixiuse ao salón, colleu os papeis e intentou ler o que poñían, entón deuse conta de que estaban en latín.

Viu un libro moi grande e colleuno. Sara comezou a lerllo a Hugo.

«Hai moitos anos eu vivía aquí co meu marido, eramos felices pero estabamos desgustados porque eu non podía ter fillos.

Recorremos os mellores médicos pero dixéronme que non podían facer nada.

Un día miña prima chegou co seu marido pedíndome axuda, posto que perderan todo canto tiñan. Eu axudeille e deille un fogar.

Pasaron os anos e tivo moitos fillos, desde este intre a casa cobrou vida e grazas aos nenos parecía todo moito máis alegre.

Un día o marido da miña prima morreu, desde entón todo cambiou e non volveu ser igual.

Todos os días eu tiña que subir á vila para intentar vender algo e despois ir á leira.

Ese día eu só tiña que ir á leira e entón volví moi rápido á casa. Cando subín ao cuarto descubrín a miña prima co meu marido na cama, entón collín un coitelo e mateinos aos dous.

Á cea os meus sobriños preguntáronme por súa nai e eu díxenlles que tivera que ir visitar a miña nai da miña par-

te.

Comecei a observalos e dinme conta de que todos eles se asemellaban moito ao meu marido.

Pola noite decateime de que a miña prima

antes de chegar á miña casa non conseguira ter fillos e entón todos eles eran froito da miña desgraza.

Non o puiden evitar e fun por un matándoos a todos.

Á maña seguinte os veciños descubriron, entón decidiron queimarme na fogueira como as bruxas para que non descansase en paz, e así é que a miña alma non pode descansar.»

De súpeto chegou a vella e intentou matar a Sara. Hugo púxose diante para que non a matara e a vella cravoulle un coitelo no brazo a el.

Cando se dispoñía a matalo, Sara díxolle.

- Por favor, ti que es unha muller que sufriu moito apíadate de min e non mates o único amor que tiven na miña vida.

A vella mirouna e preguntoulle:

- Pero el quérete realmente?, os homes son todos iguais, se o mato fareiche un gran favor.

- Non, non o fagas, non sei se me quere realmente, pero eu a el si, e non quero que o mates, ademais se non fose por el agora mesmo eu estaría tirada no chan morta.



A vella díxolle:

- Se realmente o queres, o único que podes facer é ocupar o seu lugar e morrer ti por el.

- Prefiro morrer por el, a ver como ti o matas, así que mátame.

Entón Hugo díxolle:

- Antes de matala a ela mátame a min, porque unha vida sen ela non tería sentido, prefiro morrer a ver como a matas.

Sara sorriu e bicouno, entón a pantasma da vella comezou a desaparecer, pero antes de que desaparecera, Sara díxolle: «descansa en paz, velliña».

Entón a vella desapareceu e escoitouse en alto un eterno grazas meniña.

Cando saíron da casa e viron os corpos dos amigos alí, camiñaron cara a vila entristecidos polo sucedido.

Cando chegaron prometéronse que sempre se ían querer, e que nunca se ían separar.

Acababan de vivir un pesadelo, pero grazas a el agora estaban xuntos e dábanlle as grazas por estar vivos.

VIRGINIA FOCIÑOS ASTRAR

RAÍBE



Intres

56

Xuño 2008

O verán pasara moi amodo na pequena aldea do Caurel. Dentro duns meses, os escasos veciños que a habitaban volverían ver a neve cubrindo os tellados de lousa, os caramelos de xeo a pendurar nas pólas das árbores, nos arames da roupa.

Era día tres de setembro. Cumpría vinte e dous anos. O autobús da liña trece trouxéraa ata a entrada mesma de Raíbe, a querida aldea natal. Cantos recordos lle viñan á mente mentres percorría o camiño de pedra que a levaría ata a súa antiga casa! As botas que calzaba facían ruído ao pisar a grava, pero ela nin sequera o escoitaba. Agora, na súa mente, no seu corazón, só había cabida para aquel sentimento que lle producía a volta, desta vez definitiva, á aldea onde se criara. Cantos bos momentos pasara alí, rodeada pola xente querida! E que duro fora perdelos!

Nada cambiara naqueles

anos, Raíbe seguía sendo a mesma: aquel recunchiño perdido do mundo onde as velliñas, como noutro tempo, aínda facían o pan nos vellos fornos e onde os vellos, nas noites de lúa chea, se reunían arredor dunha lareira a contar contos de malfados e lobishomes.

Equipaxe en man, Xiana abriu a ferruxenta cancela con dificultade, e botou unha ollada cara a minúscula casa de pedra. Era sinxela, de dúas plantas, cun par de ventás en cada unha delas e unha porta de madeira media comida pola couza. Esta última fixéraa o avó, recordábao perfectamente, como o seu último traballo de carpinteiro, un par de anos antes do accidente.

Abriu a porta e, logo de inspeccionar as estancias inferiores, comezou a subir as empinadas escaleiras con precaución. Chegou ata o seu antigo cuarto onde, ademais duns mobles semidesfeitos, só atopou a súa vella boneca, vestida aínda co traxiño que

súa nai, que fora moi boa costureira, lle fixera. De súpeto, ao tomala entre as súas mans, veulle á cabeza un torrente de lembranzas.

Era pequena, non tería máis de catro anos. Estaba recollendo flores nun prado, preto da casa. Gozaba con cada son, con cada paisaxe, con cada aroma da aldea. Alí aprendera a amar a natureza e a vela como a mellor compañeira de xogos. Ata que cumpriu os cinco anos e comezou a escola, foi a única que tivo... E ata que chegou Daniel, claro.

Agora estaba mirando pola ventá do seu cuarto, a través do cristal abafado, cara a casa de enfronte, a do señor Vicente. A estancia estaría en completo silencio de non ser polo constante tamborileo da chuvia sobre o tellado. Dende a súa posición, onde podía ver sen ser vista, percibiu a silueta dun neno da súa mesma idade, o neto do señor Vicente, que disque viña para quedarse con el mentres seus pais xuntaban algúns cartos no estranxeiro...

De novo, outro recordo asaltou a súa mente. Era verán. Ela tiña uns trece anos e estaba sentada nunha pedra de tamaño considerable ao pé do río, acababa de saír da auga. Daniel, o neto do veciño, que se convertera no seu mellor amigo dende o momento en que chegara, sentou ao seu carón. A pesares da confianza e a complicidade que existía entre os dous despois de varios anos de risas, choros e falcatrudas, el estaba nervioso, tenso, e ela notouno.



LEMBRANZAS DUNHA ALDEA

Mirouna con aqueles ollos color mel e Xiana soubo entón que estaba namorado dela. Debeu de querela con todo o seu corazón. Tanto que non a volvería ver e, malia a todo, unha década despois, o seu recordo seguiría intacto na súa mente e na súa alma.

Era a noite daquel mesmo día de verán. Xa se despedira de Daniel, e quedarán en verse o día seguinte pola tarde no río, coma sempre. Había varios días que Xiana notaba un ambiente estraño na casa. Seu pai, aquel home esperto, alegre, cheo de vitalidade, ao que admiraba de veras estaba, cando menos, raro. Levaba semanas escribindo nun caderno de tapas vermellas sabe deus que, e, cando a rapaza se achegou a mirar o que escribía, pechoullo nos narices e díxolle, de moi malos modos, que non a quería ver fedellando nas súas cousas. Días despois deste incidente chamáara a parte e díxerlle, con bágoas nos ollos, que se sentía orgulloso dela, que debía ser forte, que agora xa era case unha mulleriña capaz de mirar por súa nai e seu avó se algún día el non estaba e o precisaban. E que a quería. Ela supuxera que seu pai, o bo de Xacobe, estaba emocionado por ver á súa nena, á súa meniña, facéndose grande. Enganábase.

Era o día do seu aniversario. Ergueuse da cama e abriu os agasallos: un xersei de la (regalo de súa nai), unha caixiña de madeira feita á man por seu avó e un libro titulado *Agardo no teu corazón*, que seu pai lle mercara con moito cariño.

Seus pais e o avó vestíronse e díxéronlle que esperase alí ata que volvesen, que ían á vila mercarlle unha torta de chocolate, desas que lle gustaban a ela, para celebrar o aniversario, que volverían axiña. Mentían.

Mércores, 3 de setembro

A Voz da Mañá

Accidente mortal na estrada que une Cabomaior cun pequeno núcleo de aldeas do Caurel

Un automóbil que circulaba hoxe pola estrada que une a vila de Cabomaior cunha pequena aldea do Caurel, sufriu un accidente que provocou a morte dos seus ocupantes: un matrimonio –o home era o condutor- e mais outro home maior, pai do primeiro. As investigacións indican que a causa máis probable deste tráxico suceso foi a xeadada acumulada na vella estrada, unida a unha posible distracción do condutor.

- Hai alguén aí?- Unha voz de home sacouna dos seus pensamentos e devolveuna á realidade. – Quen anda aí? Descúbrete, se non queres que vaia eu por ti!

Xiana baixou as escaleiras coas mans en alto, temendo que aquel home cumprira a súa ameaza.

- O-ola... S-son a nova d-dona desta casa... Quero d-dicir, esta casa é miña p-porque a herdei da miña familia.-Dixo con voz tremente.

Agora que Xiana se fixaba ben naquel rostro de faccións duras e marcadas, naqueles xestos, naquel corpo delgado pero musculoso e, sobre todo, naqueles ollos cor mel, espertos, vivos e moi doces, caía na conta de que aquel home se lle facía moi coñecido.

Parecía que o mozo non acababa de crer a explicación de Xiana quen, ao decatarse, engadiu, con voz máis firme:

- Chámome Xiana, e son neta de Pepe, o antigo dono desta casa. Vivín aquí, en Raíbe, ata o día que cumprín os catorce anos, e el e meus pais tiveron un accidente de tráfico e faleceron. Despois tiven que marchar vivir á cidade cunha tía miña, e esta casa forma parte da herdanza que me deixou a miña familia. Non son ningunha ladroa. Non minto, creme...

O mozo, que pola súa aparencia non debía contar máis de vinte e cinco anos, deixou caer o pau que ata ese momento agarrara firmemente entre as mans.

- Xiana!??? Non me coñeces?? Son Daniel, o neto de Vicente, o teu mellor amigo nos tempos en que vivías aquí. Non te lembras de min??

- Daniel... Es ti!! Meu deus, canto tempo pasou... Que cambiado estás...-Dixo a rapaza, mentres se fundía nun profundo abrazo co seu amigo da infancia. Realmente, non esperaba atopalo alí, nunca tivera esperanza de volvelo ver. Pasaran moitos anos.

Daniel contoulle que seu avó morrera había tempo, que el estudara hostalería e que agora montara unha casa rural na querida aldea; ela, que

RAÍBE. LEMBRANZAS DUNHA ALDEA



Intres

58

Xuño 2008

o día do accidente de seus pais súa tía veuna buscar e levouna para a súa casa na cidade, supostamente porque eles tamén irían para aló en breve, e só entón lle contou o que ocorrera en realidade.

Os dous amigos pasaron horas e horas falando sobre o que fora da súas vidas neses anos de separación, contáronse anécdotas e rememoraron trasnadas e xogos pasados.

Fíxose noite e cearon na casa rural do mozo, que por aquelas datas aínda estaba baleira, sen máis presenza que a deles dous e máis o can que a gardaba.

- Sabes, tan só me queda unha espiña que non podo quitar con respecto a meus pais. Sei que algo lles ocorría, algo que non me quixeron dicir para non estragarme o aniversario. Pero meu pai estaba rarísimo... Daquela pensei que se trataba dunha sorpresa que me tiñan preparada para o aniversario, pero levo moito tempo cavilando e agora coido que non, que había algo máis.

Daniel quedou pensativo durante uns intres e logo díxolle que a seguira. Levouna ata o salón da casa e, mentres rebuscaba nun andel repleto de libros, íalle dicindo:

- Non sei, pero creo que teño a resposta ás túas preguntas. Verás, cando marchaches entrei na vosa casa para ver se deixaras unha dirección ou algo para poder escribirche, aínda que non atopei nada... Excepto isto...-Dixo mentres levantaba, con cara de triunfo, un pequeno caderno de tapas vermellas.- É algo que estaba a escribir teu pai... Síntoo, eu era un cativo e non puiden evitar lelo...-Escusouse-Agora é teu.

No seu cuarto, Xiana lía con impaciencia o caderno que seu pai escribira. Grazas a el descubriu o motivo daquel sentimento que fixera estar distante, mesmo triste, á familia nos seus últimos días como tal. Seu pai fora despedido do traballo, e as facturas acumulábanse sen poder facer nada para remedialo. Chamou a tódalas portas, pediu

traballo a tódolos seus coñecidos, pero nada serviu. Tamén a nai o intentou, pero o resultado foi o mesmo: o país ía mal e non había traballo para ninguén. Ata o avó, o pobre avó, se puxera de novo a traballar como carpinteiro facendo caixiñas de madeira como a que lle regalara a ela, polas que lle pagaban unha miseria... Xacobe viuse na obriga de ter que marchar ó estranxeiro, onde as cousas ían mellor, e poder levar á casa o pan que na súa terra lle negaban. O día en que morreron, viña de mercar un billete... Para marchar. Tal vez para sempre. Seu pai ía marchar para poder darlle unha vida mellor, e non quería que ela o soubese, non llo quixo dicir para non amargarlle o aniversario. Non quería vela triste, nin chorando. Que bo era... Como non ía querer a un home así?

As vidas de Xiana e Daniel uníronse, pero non por casualidade. Foi o destino o que quixo que sucedera. Uniunos porque Xiana tiña que coñecer aquela verdade, e porque aquel amor, que ambos sentiran, non podía perderse.

Volveron ser amigos, compañeiros, confidentes, cómplices. Marido e muller. Quixéronse con loucura e tiveron familia.

Foron felices.

Xiana e Daniel viaxan en coche cara a vila. Van mercar unha torta de chocolate para o seu fillo máis novo, Xacobe, que hoxe cumpre cinco anos. A estrada está xeada. É día tres de setembro.

LUCIA M. G. S3A



QUEN MÁIS ME GUSTA

QUEN MÁIS LLE GUSTA A SAMUEL

Ela é unha muller moi feitiña; é moi boa e sempre me invita. Ela ten todo de bo: cariñosa, atenta, guapa, riquiña. Esta muller só ten unha cousa de malo: Cando se enfada hai que apartar. Realmente gústame porque coñecela foi o mellor que me pasou na vida.



QUEN MÁIS LLE GUSTA A ALBA

El é moi guapo e canta moi ben .Vístese con pantalóns vaqueiros e unha camisa e unha chaqueta . O mellor é que traballa moito e tamén lle gustan as froitas e gústalle ir á praia O peor que ten é que non lle gustan as verduras. A min realmente gústame polo guapo que está. Estou esperando a que veña cantar por aquí, porque a min gustárame velo en persoa e que me cante unha canción .



QUEN MÁIS LLE GUSTA A MARIO

Ela é unha rapaza con moito pelo e poucas ideas, a rapaza é alta, tan alta que me pasa a min, e un pouco balea. O mellor que ten e que ten bo corpo, ten un pouco de chicha e non é de Melide. O peor que ten é o moito pelo. Non, e a min realmente non me gusta precisamente por iso.



QUEN MÁIS LLE GUSTA A LUCÍA

El é un rapaz louro, baixo e moi amable, e gústanlle moito os coches. O mellor que ten é que é moi guapo, e ademais é moi cariñoso e amable. O peor que ten é que lle gusta moito correr no coche, e ademais é moi baixo. A min realmente gústame porque é moi bo rapaz e tamén sabe ser moi bo amigo.



QUEN MÁIS LLE GUSTA A BELÉN

El é un rapaz moreno, moi amable e a min sempre me invita. El traballa de pintor e gústanlle moito os coches. Ten un problema cando se enfada: ten moi mal xenio, pero é moi difícil que se enfade porque el é moi bo. Ademais de ser moi cariñoso e gracioso, baila moi ben e comigo é moi boa persoa.





CLICK

Para os namorados, os tolos de amor, para os príncipes azuis e as princesas tamén, para os que choran ou rin demasiado, para os que teñen un brillo especial nos ollos con só lembralo, para os nostálgicos, para os que revolven o plato á hora da comida porque non o dan quitado da cabeza, para os atormentados, para os que non dan conciliado o sono, para aqueles que sí dan conciliado o sono contando corazóns no canto de ovelliñas, para os que unha soa palabra negativa pode arrancárllelo corazón, para os ilusionados, e para os desilusionados, para os cobardes que sufren por non poder dicilo que sinten, para os traizoan o que en realidade queren, para os que son traizoados e pensan que son amados, para os os que dan a súa vida, para aqueles que escriben un só nome e deixan que toda a súa vida dependa diso, para os que escriben a palabra AMOR nunha carta con caligrafía dubidosa e chea de bágoas impresas, e tamen para aqueles que están sentados ó lado duna carta indecisos a abrila por medo a que o seu corazón deixe de latir de súpeto pola dor que lle causa A FRECHA e os que teñen medo de que esa frecha lles cause unha dor tan grande que non a poidan olvidar.

María, a rapaza do nome común, que se senta na inmensa aula da universidade de Dereito, aquela que nunca levanta a man cando ten dúbidas e que os pais son de dereitas e conservadores por iso nunca a deixan ter mozo

ata que sexas responsable teñas a cabeza centrada e poidas asumilas consecuencias. Pois esa María, e é unha das marías que hai en toda a aula porque por desgraza María é o nome que tódolos pais poñen á súa filla cando ven que o nome é demasiado curto e que ata o abrevian para non ter que dicir que en realidade lle puxeron María á súa filla por falta de orixinalidade: Mari Carme ou o nome que as avoas elixen para as súa neta, que se fora por elas todas as nenas se chamarían María Concepción, María Dolores... ; neste caso, refírese a María, a que se senta na segunda fila comezando polo final e non a que se sitúa xusto ó lado e pasa toda a clase limando as unllas da man dereita porque sempre as atopa desiguais, en realidade é que xa as corta así a propósito para ter unha ocupación xa que á fin de contas ela está alí porque papá a mandou e para poder lucilo descapotable vermello que lle prometeron como recompensa. A cuestión é que ela sen comelo nin bebelo viuse enguedellada nun asunto que nin buscou nin se imaxinou que pasaría e agora non sabe se conseguirá saír pois é inexperta e non lle podemos pedir máis que acaba de empezala universidade e son demasiadas as expectativas que todo o mundo pon nela.

Resulta que con isto das festas universitarias coñeceu un rapaz baixo e guapiño que ó principio nin lle atraía nadiña mais con iso de levarlle os libros e esperar deitados na


herba a que soe a campá para entrar na clase foron surxindo cousas moi raras, e ela xa se imaxinaba por onde ían os tiros. Haber algo aprendera no instituto: que se o primeiro roce, o primeiro aloumiño, as pasións escondidas... mais ningunha sensación coma esa quedara rexistrada no seu disco duro por iso asustábaa un pouco, ademais, os rapaces sempre minten e a que acabas feita pó es ti, deciallo a experiencia, así que era preferible non meterse nesa lameira. O que ocorre é que agora xa era tarde para rectificar. Ó principio ata pensaba que por tomar un xelado e algo máis tampouco pasaba nada e quería lle demostrar ós papás que era quen de poder levar unha relación sen problema, pero por desgraza meteuse ela soíña e foi facéndose un nobelo ela mesma; o que máis lle doía sobre todo era dállela razón ós papás que en fin de conta sempre a tiñan. Despois do xelado e da parte de «só somos compañeiros de clase» veu a parte de «é un amigo» e cando xa se chamaban unha vez ó día ahí sí que se compliou a cousa realmente. E de todo isto, por suposto, os papás non sabían nada e aquí non se pode dicir eso de «nin falta que fai» porque é o que máis a axudaría. A consecuencia de todo isto comezaron a verse e ó mes despois xa mantiñan unha relación que, non se lle podía chamar sería porque a verdade era que ela o aceptara porque non lle disgustaba mais tampouco debecía



CLICK

por el, e prometérase a sí mesma que ía dar controlado a situación e que ó terceiro mes cortaría con el porque total co sinxelo que era... e a ela tampouco lle facía falla un mozo a estas alturas da película.

Todo moi sinxelo ata aquí, o que ocorre é que, agora, despois de sete meses de chamadas, apertas, aloumiños, biquiños... sinte que non é quen de deixalo. Sinte iso e tamén sinte que sen el non se é capaz, que non quere espertar sen saber que el seguirá ahí dicíndolle que a quere, que tampouco desexa durmirse sentíndose soa, porque aínda que ten á familia non é o mesmo. Do mesmo xeito tampouco quere ter que chorar de amor e opta polo camiño máis cómodo pero á vez o máis complicado posto que se está metendo nun lugar que descoñece e o máis desagradábel é que ten a estrano presentimento de que vai sufrir e isto atorméntaa. E aínda que di que non o cre no fondo ela deixouse levar e pensa que el sí que a quere, son xa sete meses os que leva dicindo que a quere e será verdade? Sí polo menos un anaquiño... é máis fácil crer iso e vivir nunha felicidade que tende a romper coma un anaco de vidro roto cuxos anaquiños poden facer moito dano, como narcotizada... É que el díxolle moitas cousas e son tan bonitas e tenras... é difícil non crelas e sentirse como nunha nube...flotar... O problema surxe en que agora ela está sentada no sofá do seu



piso, que aínda non está amoblado e que aínda cheira a pintura, ó lado dun anaco de papel que contén unha mensaxe cifrada mais non é unha mensaxe dun navío que se extraviou, nin unha carta de reclamación senón que é unha carta del, do noso príncipe misterioso. E nesta ocasión, coma en moitas outras, dálle a espiña de que será mellor que non a abra porque lle vai a condicional a vida; estos días el estaba moi raro mais é mellor deixalo pasar coma se non pasara nada pero sabendo que aí hai un problema que queira ou non vai estalar en calquera momento e entón oírse un CLICK e toda a súa vida, coas súas ilusións e esperanzas se desmoronará, e é realmente unha pena porque lle quedaba moito por diante. Escribe esto ela mesma, porque sabe

que ata chegaría a quitarse a vida por el, quizáis cando a abra descubrirá que el a quere con loucura pero tamén é posible que el lle diga que a rapaza coa que salíu do portal da súa casa o sábado, o luns, o martes... é solo unha «amiga», quizáis.

É unha carta de axuda ou tamén como unha especie de despedida, non o sabe ben pero nuns minutos todo se aclarará e ó mellor non é quen de conter tanto sufrimento e decide deixar este mundo sen el. É un SOS para que alguén conteste e a axude a saír do pesadelo ou para que por fin veña o verdadeiro príncipe que ela estaba a esperar e a leve para sempre. Para todos aqueles que sintan o mesmo, para aqueles que necesiten un seo para chorar, para todos...



ROSA ANEIROS NO IES DE MELIDE



afectiva, os problemas da vivenda, do traballo ou a incerteza do futuro.

Corazóns amolecidos en salitre

Resistencia

Desta novela foi da que máis nos falou a escritora, xa que foi a novela que lemos os alumn@s de 1º de bacharelato e foi polo tanto da que máis nos interesaba saber.

Rosa Aneiros contounos que a obra naceu dunha viaxe que a autora fixo a Portugal e da súa visita ao museo Resistencia. Neste museo había unha gran exposición de cartas de amor que os homes presos mandaban ás súas namoradas. Rosa Aneiros non fixo a viaxe para pensar na historia da súa seguinte novela, pero esta viaxe deulle moitas ideas.

Así, Resistencia é, pois, toda unha singradura a través da historia portuguesa da man de dúas familias maldicidas pola escravitude do amor, a morte e o silencio.

BEATRIZ RAMOS ARES E
ANDREA PRADO CONDE, B1B



O pasado luns, día 26 de novembro de 2007, os alumn@s de 1º de bacharelato xunto con algúns alumn@s de 4º da ESO tivemos a oportunidade de poder asistir á conferencia que nos veu dar ao IES de Melide Rosa Aneiros, autora da novela Resistencia, entre outras moitas.

Rosa Aneiros naceu no ano 1976 en Taraza, Meirás, no concello de Valdoviño. Esta muller, exerce a profesión de xornalista e no seu tempo libre dedícase a escribir novelas. Este afán que ten a escritora Rosa Aneiros pola escritura transmitiullo o seu padriño, xa que era un home que estivera vinte anos emigrado e durante a infancia da escritora contáballe historias que a el lle aconteceran e que a ela lle resultaban entrañables.

Na súa traxectoria como escritora conta con recoñecementos como o Mo-

desto Rodríguez Figueiredo (Pedrón de Ouro, 1998), o Manuel Loureiro Rey (1996), o Manuel Murguía (2001) ou o Carvalho Calero (2001)

Rosa Aneiros escribiu algunhas novelas como:

O xardín da media lúa

A escritora Rosa Aneiros achéganos a estas apaixonantes historias de tradición oral con toda a forza e a imaxinación da primeira vez que foron contadas. Coa emoción e a viveza dos pobos que as fixeron nacer.

Eu de maior quero ser

A novela representa unha viaxe ao «modus vivendi» dos estudantes de Santiago e a un perí-odo vital imposible de esquecer pero que non ha volver. No texto reflíctense os temas que máis preocupan aos mozos como as dificultades de acadar a estabilidade



ROSA ANEIROS NO IES DE MELIDE

Entrevista a Rosa Aneiros

E.:-Antes de escribir o teu libro supoñemos que partirías dunha idea inicial, pensaches dende o principio en escribir unha novela deste tipo?

Rosa:-Non, eu so tiña o final da historia e escribín a ver que daba de si. Escribín sen pensar no que me levaría, nin a quen ía dirixido. Eu só me documentei e púxenme a escribir.

E.:-Tomaches ou tiveches algunha referencia para escribir o teu libro?

R.:-Si, ademais de falar con xente, documenteime a base de testemuñas e cartas.

E.:-Por que te decidiches a escribir sobre este tema, hai algún motivo especial?

R:-Foi de casualidade, cadroulle que estaba alí e non en París ou en Roma . Nunca sabes de que vas escribir. Eu non pensaba en escribir da revolución dos cravos. É emocionante que as historias xurdan, ti non escribes a historia, a historia lévate a ti.

E.:-A túa intención ao escribir o libro, cal era? Quizais chegar á mente da xente e facerlle ver o calvario da Resistencia?

R.-Ti pretendes apelar a ideas políticas; a vida é máis complexa , pretendes chegar máis aló da resistencia, pretendes transmitir a verdade dos personaxes, o que viviron, como viviron.

E.:-Todos os personaxes son froito da tua imaxinacion?

R.:-Todos os personaxes son froito da miña imaxinación, agás os históricos coma Salazar,etc.Eu collín aos personaxes que necesitaba sobre a marcha.

E.:-Sénteste identificada con algún deles?

R.:-Non, pero quizais os personaxes da obra, todos eles teñen un anaco de min. Procuo que non teñan nada de min, pero non sempre é posible.

E.:-Queres salientar o papel da muller nesta obra?

R.:-Non, só quero salientar que as mulleres tamén existían. Ademais o machismo da época, ás mulleres era a quen lles tocaba sacar a casa adiante, porque os homes ou estaban na guerra ou emigrados e as mulleres tiñan que sacar aos seus fillos. Iso si que era a verdadeira Resistencia.

E.:-Qué nos comentas da actitude de Ana Barbosa?

R.:-Parece que Ana Barbosa é a muller que quizais non debería ser tan pacífica. Sabes que ti farías unha cousa, pero ela fai o contrario. Quizais é demasiado correcta, achégate á realidade que vivimos e verás que hai moitas mulleres coma ela.

E.:-Cal e o real motivo do suicidio de Filipa?A verdade é que foi bastante dramático o facer afrontar a Rui unha situación tan dura el só.

R.:-Quixo vivir noutra realidade, non pensou nas personaxes que vivían arredor dela, só pensou en si mesma; optou por quitarse do medio

E.:-Na obra falase da revolución dos cravos e tamén dos caraveis. Por que ese cambio?

R.:-Utilizo as dúas formas para respectar as súas opinións e a súa historia.

E.:-Cales son as túas perspectivas de futuro?

R.:-Un conto infantil para Nadal que se chama «*O ourizo cacho e o gran río gris*». Este libro está ilustrado e gustoume moito persoalmente, tamén estou escribindo unha novela que aínda non ten fin.

ARIANA TRASTOY LÓPEZ, MIGUEL PAMPÍN VIZCAINO E CARLOS GARCÍA PARRADO, B1A





BREGÁN RIVEIRO NO IES DE MELIDE



Intres

64

Xuño 2008

Este curso veu ao IES de Melide o escritor Breogán Riveiro, o autor do libro *Tonecho de Rebordechao*, veu dar unha charla ao alumnado de 2º de ESO, xa que lemos o seu libro e gustounos moito; entón veunos contar que a el lle gustaba escribir e ler contos, pero que para el era un pasatempo, xa que tiña outro traballo. Tamén nos animou a que leramos, xa que a case ningún rapaz do

IES lle gusta ler.

El díxonos que agora estaba a escribir un libro. Comentounos que un día fora coa súa familia a unha viaxe, e a partir do que viu e do que falou cunha señora, ocorréuselle a idea de escribir un libro. Contounos que un libro non era unha cousa que xurdía dun día para outro, senón que se ía facendo segundo as cousas que ían pasando, e que podía levar cinco anos ou máis; e ademais a el gustáballe ler e inventar historias dende que era pequeno, por iso agora publicaba algunhas das súas obras. Tamén nos dixó que se algún día queriamos ser escritores, aínda que moitas veces os nosos libros non lles gustaran á xente ou non tiveran moitas vendas, non nos tiñamos que desanimar e tiñamos que seguir escribindo até que alguén

recoñecese o noso talento.

A nós gustounos moito porque nos animou a ler e ás veces a inventar historias ou a escribir cousas que nos pasaran, e de aí a facer un libro. Ademais el foi unha persoa que nos falou de forma moi clara e con confianza, como se fose unha persoa coma nós e non máis importante, xa que el consideraba que escribir libros era algo que podía facer calquera persoa que lle puxese entusiasmo e ganas de facelo. Ademais, a maioría de nós nunca tiveramos a oportunidade de poder falar cara a cara con un escritor dun libro que leramos preguntarlle algunhas curiosidades que tiñamos.

PATRICIA ROCA E
SILVIA VÁZQUEZ, S2D



SANTIAGO PRADO CONDE

Se hai un ano, alguén mencionase os apelidos Prado Conde entre o alumnado deste IES, a maioría diría que estabamos a falar de Andrea, a nosa compañeira. Fóra do IES, ao mellor alguén pensaría que estabamos a falar de Chiqui, excelente xogador do CIRE e coñecido por toda a xuventude da nosa vila.

Hoxe en día, se mencionamos estes apelidos en calquera punto da xeografía galega, e incluso fóra dela, calquera sabe que estamos a falar de Santiago Prado Conde, coñecido por todos nós por Chago. Nado en Melide, hai 31 anos, este veciño noso foi nomeado gañador da décimo segunda edición do premio Vicente Risco das ciencias sociais, coa súa obra *Novas minorías nas institucións educativas. O alumnado con procedencia rural na Terra de Melide*.

Chago é licenciado en antropoloxía pola Universidade do País Vasco e doutorado en antropoloxía pola Universidade Autónoma de Barcelona.



Despois de rematar a súa tese tras sete anos de traballo e algún que outro problema, pois como el contou nalgún medio de comunicación, en decembro do ano 2003 arde a súa casa e todo o material, que tiña recopilado para este traballo dende o ano 2000, desapareceu neste incendio. (Debes ter o corazón moi forte, Chago, pois se me vexo na túa situación, daríame un infarto: perder o traballo de 3 anos!!!). Pero el si é forte, e empezou de novo, ben, de novo non, pois como el dí, tiña todo recopilado no seu ordenador persoal (a súa cabeza).

Tamén nos conta o que lle levou a facer este traballo sobre o ensino na Terra de Melide, en especial, sobre o alumnado que procede do medio rural: dende rapaz, notou que os seus amigos, sobre todo os que viñan do rural, decidían deixar os seus estudos aos 14 ou 15 anos (educación obrigatoria naqueles anos), ás veces sen lograr o graduado escolar.

Noraboa, veciño, e que logres moitos éxitos máis.

ROBERTO PÉREZ CASTRO
1º BAC



O MUNDO DO BLOG EN MELIDE



Onde se cruzan as estradas de Lugo a Santiago, de Betanzos a Lalín, a vida nun vaso de jarnacha, póñamos que falo de Milli

O CERNE DE GALICIA NA REDE

OS CAMBIOS SUFRIDOS EN MELIDE EN 43 ANOS.



O centro da vila



Estrada da Coruña



Estrada de Santiago



Zona dos viños

DAVID GARCÍA MEJUTO, B1C

Intres

66

Xunio 2008

Por se alguén non o sabe, un blog é un espazo gratuito de internet no que calquera pode falar do tema que máis lle guste, introducir fotos, vídeos, opinións. En definitiva, un lugar onde relacionarse coa xente e onde a liberdade de opinión é o que prima, xa que cada quen fala do que quere. Aquí en Melide, Cerne de Galiza, temos unha gran variedade de blogs onde podemos atopar dende noticias da nosa vila, de toda Galiza, información sobre os principais equipos de fútbol e fútbol sala da vila, ademais de innumerables amigos que teñen o máis visitados é, como non, o do Gran Riki (MELIDEINBLOG) no que podemos atopar as novas máis salientables da nosa vila, ademais do outro blog de Riki (PRENSACIRE), onde atoparemos: clasificación, resultados e novas do CIRE de Melide. Tamén temos, por outra banda, o blog oficial do CIRE, feito por Quintos, onde atoparemos os resumos de todos os encontros de todas as categorías. E, como non, o equipo por excelencia do fútbol sala de Melide tamén ten o seu lugar no blog do Melide FS, onde teredes todo o que queirades saber sobre o equipo.

Pero non vou seguir coa innumerable lista de recunchos nos que vos podedes informar de todas as novas da vila, porque non remataría nunca, aínda que non querría despedirme sen mencionar o blog do que eu mesmo formo parte activamente: Días de Troula (www.miky-vace@hotmail.com) no que podedes atopar tanto noticias da vila, como dos xuvenís do CIRE ou mesmo concertos próximos á comarca, ademais de todo aquilo que pensamos que se debe dar a coñecer. Tamén temos moitas fotos da nosa xente, como non.

Así que, en definitiva, cando navegedes pola rede, non vos esquezades de visitarnos.

Para rematar, quero agradecer a publicidade gratis.

DAVID GARCÍA MELLA

www.miky-vace.blogspot.com/Dias de Troula



ENTREVISTAS A ARTESÁNS

O CESTEIRO

1. Cantos anos ten?

- Teño sesenta e cinco anos.

2. Número de irmáns/irmás que ten

- Teño cinco irmáns.

3. Oficio ao que se dedicaban seus pais

- Meu pai era carpinteiro e, mentres, miña nai traballaba na casa.

4. Por que elixiu a profesión que ten?

- Eu elixín o oficio de cesteiro debido a que meu pai, cando tiña o seu tempo libre, aprendíame as técnicas e procesos de elaboración dos cestos, e iso gustábame.

5. Onde aprendeu o seu oficio? Cando?

- O meu oficio aprendino grazas ao meu pai, porque, sobre todo as fins de semana, levábame para o seu propio taller e eu alí entretíñame. Aprendín este oficio cando tiña aproximadamente catorce anos.

6. Por que pensaba que este oficio era bo?

- Pois, se che digo a verdade, pensaba que este oficio era bo porque nel podías gañar moitos cartos.

7. Cantos anos hai que se dedica ao seu oficio?

- Dedicome a este oficio dende que saín da escola, e eu tiña catorce anos.

8. Como é o proceso de elaboración dos cestos?

- O proceso de elaboración é o seguinte:

Póñense oito ou dez «lechizas» e estas métense ao forno, son chamados cestos de senqueira, e con elas colócase a madeira de carballo para que non rompan. Unha vez saídas do forno, dánselle forma de abanico, con iso xa podíamos utilizar as «corres», que eran pequenas varas de vimbio; con isto estaba terminado. Se as corres eran pequenas, facíase un cesto pequeno, e se eran grandes, facíanse cestos con asas.

9. Que era o que máis lle demandaban os seus clientes?

- O que máis me demandaban era facer cestas de lechizas, tanto de pequeno como de gran tamaño, porque iso dependía do seu uso.

10. Cantos traballos tivo?

- Á parte do de cesteiro, estiven traballando no campo durante doce anos, e na hostalería aproximadamente dezasete.

11. A fabricación ou elaboración dos seus produtos lévalle moito tempo?

- Os cestos pequenos levábanme unhas tres horas curtas, e os grandes, case cinco.

12. Cantas horas soía traballar? Goza traballando ou faino por diñeiro?

- En cuestión das horas, dependía da época do ano; no verán traballábanse moitas máis horas, mentres que no inverno era o contrario, porque eu, ademais, traballaba no campo e case non tiña horas para isto. Eu se che son sincero, dígoche que o fago polo diñeiro, pero con isto tamén te entretés e ademais pásalo ben.

13. Ferramentas de traballo:

- Utilizaba unha fouce, unha machada, que era para romper os paus de carballo, e tamén utilizaba un martelo para darlle o último retoque.

14. Gustaríalle aprenderlle o seu oficio a alguén?

- En realidade, gustaríame moito, porque é un recordo inesquecible que lle teñas que aprender este oficio a alguén, xa que se está extinguindo.





ENTREVISTAS A ARTESÁNS

O ZAPATEIRO

1. Cantos anos ten?

- Teño setenta e tres anos.

2. Número de irmáns e irmás te ten

- Nada máis teño unha irmá chamada María.

3. Oficio ao que se dedicaban seus pais

- Meu pai foi toda a vida zapateiro e andaba con frecuencia polas feiras, mentres que miña nai era unha sinxela ama de casa.

4. Por que decidiu elixir a profesión que ten?

- Eu elixín esta profesión porque a min cando era neno gustábame moito o oficio de ser zapateiro, porque ademais aprendíame meu pai e tamén porque era un oficio no que se podía gañar moito diñeiro.

5. Onde aprendeu o seu oficio? Cando?

- Eu aprendín este oficio concretamente no taller no que traballaba meu pai, cando tiña aproximadamente trece anos, é dicir, cando saín da escola.

6. Por que pensaba que este oficio era bo?

- Eu pensaba que este oficio era bo para destacar, porque naquela época había moita competencia entre os zapateiros.

7. Cantos anos hai que se dedica a este oficio?

- Eu dedícome a este oficio dende que saín da escola, cando tiña trece anos.

8. Proceso de elaboración dos zapatos

- Para facer zapatos, empezábase co seguinte:

Primeiro comprábase a pel de becerro para facer os zapatos. Esta pel cortábase cunha coitela, pero había que cortar segundo a talla do zapato. Unha vez feito isto, punteábase cunha máquina na que se adaptaba a forma do zapato. Despois disto facías a forma para unha plantilla cun casquillo, e co contraforte servía para colocala dentro do zapato e con isto xa estaba todo feito.

9. Que é o que máis lle piden os seus clientes?

- O que máis me soían pedir era colocar plantillas, poñerlle unhas novas solas e tamén darlle a forma a un zapato ou zapatilla.

10. Empregos que tivo?

- Eu soamente me dediquei a este oficio, porque o de ser zapateiro é un traballo que se leva de xeración en xeración e gárdase con moito cariño no corazón.

11. Leváballe moito tempo a elaboración de zapatos?

- Con respecto a isto, digo que non leva moito tempo facer zapatos.

12. Cantas horas traballaba? Gozaba traballando ou só o facía por diñeiro?

- Soía traballar entre oito e dez horas diarias, pero iso tamén depende do traballo que teñas. Eu só fago isto por diñeiro.

13. Ferramentas de traballo:

- As ferramentas para facer zocos eran: coitelas, o bicho, que era unha especie de alicate e o alicate; e as ferramentas para zapatos eran: croio, que era unha gran pedra redonda para mazar a sola, e o martelo de mazar.

14. Leva moito tempo sen dedicarse a isto?

- Levo aproximadamente vinte anos





ENTREVISTAS A ARTESÁNS

O ZOQUEIRO

1. Oficio dos pais?

- Meu pai era carpinteiro e miña nai ama de casa

2. Que o levou a elixir o seu traballo?

- Porque tiña un irmán que facía zocos, eu funlle axudar algunha vez e pouco a pouco empecei a aprender e cada vez gustábame máis ata que empecei a facelos eu.

3. Traballou só nisto?

- Non, tamén tiña vacas.

4. Técnicas de traballo

- Había que cortar a madeira en cachiños pequenos con un serrucho, logo labrábase cunha machada e despois cunhas trenchas íaselle dando forma á sola e amarrábo con cravos.

5. Anos no oficio

- Fixen zocos durante uns vinte e cinco anos, e ao mesmo tempo tamén tiña vacas e ovellas na casa.

6. Materias primas

- Madeira de ameneiro ou bidueiro, cravos e o coiro.

7. Que utensilios usaba?

- Serrucho, martelo, trencha, machada e, ás veces, tenaces.

8. Canto lle custaba o material?

- A madeira, por cada par de zocos custábame cincuenta céntimos.

9. Canto cobraba?

- Os primeiros anos cobraba seis pesetas, e despois fun aumentando ata os últimos que vendín a once pesetas.

10. Cantos pares facía ao día?

- Facía uns seis pares, porque tamén tiña que atender algo as vacas.

11. Cantos anos tiña cando empezou a facelos?

- Empecei con quince anos.

12. De onde traía o material?

- Compraba no monte unhas árbores e despois fendíaas e labrabaas.

13. Cando empezou, que tiña pensado para o futuro?


- Pois quería ser o mellor zoqueiro da aldea, e ao final conseguino, porque cando parei de facelos, xa era o único zoqueiro da aldea.

14. Naquela época había moita competencia?

- Non moita, había moitos artesáns na aldea, pero cada un dedicábase a unha cousa.

15. Onde os facía?

- Nun local que tiña, que era onde tiña as ferramentas todas para traballar





ENTREVISTAS A ARTESÁNS

SUSO, O FERREIRO

- Ola, Suso
- Boas tardes.
- **Chámome Marcos Pardo e quería lle facer unhas preguntas sobre o seu traballo, así daríao a coñecer e faríalle un pouco de publicidade.**
- Claro que si, comeza cando queiras.
- **Cantos anos levas neste oficio?**
- Levo toda a vida, porque este traballo herdeino.
- **Poderíame explicar como é o seu traballo?**
- O meu traballo é artesán, fágoo todo coas mans, aínda que cada vez menos, porque se van incorporando novas máquinas.
- **Que ferramentas utilizas?**
- Sobre todo o martelo e a bigornia ou o fol, aínda que tamén as pedras de afiar, alicates, tenaces, punteiro, cicel, zafra,...
- **Que materias usas?**
- Ferro, aínda que de diferentes modelos, dependendo do nivel de dureza. Tamén o carbón.
- **Poderías describir o funcionamento dalgunha ferramenta?**
- Moi ben, antes para soldar había que meter o ferro no lume e cando estivese nun certo punto de calor, antes de que se fundise, petábase e xuntábase, así pegábanse. Nas ferramentas de corte, para darlle dureza quentábanse e despois metíanse en auga, isto tiña que ser nun punto xusto.
- **Que obxectos fai?**
- Sobre todo ferramentas de labranza, como o fouciño, a sacha, a galleta, machetas,... pero tamén coitelos, apliques, lámpadas, bisagras...
- **Como van as vendas neste oficio? Notou a subida dos prezos?**
- As vendas, regulares, aínda que se nota na época na que esteamos; antes dicíase que cando chovía o ferreiro sempre tiña xente, e ademais cando a xente viña cobrar pasaba por aquí. Antes os transportes eran rudimentarios e a xente viaxaba pouco, agora, co transporte persoal, veñen máis a miúdo.
Respecto ao prezo, si que se nota, sobre todo no ferro, que está a aumentar moito.
- **Notou algúns cambios nestes últimos anos? Dende hai por exemplo trinta anos?**
- Si, houbo moitos cambios, desde os prezos, as ferramentas e ata o mantemento do taller. Agora xa non se venden tantas ferramentas de labranza, coa aparición da maquinaria diminúe a cantidade de vendas de foces, machetas, sachas, galletas...
- **Por que decidiu dedicarse a este oficio?**
- Como xa dixen, por herdanza.
- **Se puidese, cambiaría de oficio?**
- Non, seguirei sendo ferreiro ata que poida.
- **Permíteme sacar algunhas fotos?**
- Claro, así farasme publicidade (risas)
- **Ben, moitas grazas e ata logo.**
- Adeus, grazas a ti.





ENTREVISTA A UNHA MELINDREIRA

Un dos aspectos a salientar da nosa vila, Melide, é a súa oferta gastronómica. Entre os seus produtos típicos está o melindre, un delicioso doce elaborado cos produtos máis naturais. Concha Gómez Lareo leva toda unha vida adicada a este oficio, o de melindreira, unha tradición que se mantén xeración tras xeración e que se remonta a principios do século XX. A continuación, unha breve pero ben merecida entrevista a esta recoñecida melindreira da nosa terra, Melide.



Pregunta: - Cantos anos ten?

Resposta: - Teño 78 anos.

P: - Cantos anos leva exercendo esta profesión?

R: - Levo dende que deixei a escola aos 14 anos, polo tanto levo 64 neste oficio.

P: -Por que o escolleu?

R: -Este oficio venme de tradición familiar. Xa miña avoa e miña nai facían melindres e eu continúei co oficio.

P: -Gústalle?

R: -Si. Aparte de que eu son moi larpeira e gústanme moito os doces.

P: -Pódenos dicir os ingredientes dos melindres?

R: -Levan ovos, fariña (a que eles admitan), manteiga de vaca e azucre, este último para o baño. A preparación é moi sinxela: amánsanse os ingredientes, estírase a masa en tiras redondas e alongadas e dáselle forma de rosquillas. Despois métense ao forno e listo.

P: -Que instrumentos utiliza para facelos?

R: -As mans! É un traballo completamente manual e, unha vez feitos, van ao forno.

P: -Cambiou moito a maneira de facelos de cando vostede comezou no oficio a hoxe?

R: -Non, segue sendo a mesma.

P: -Ademais dese produto típico de Melide, que outros doces fai?

R: -Fago de todo: ricos, almendoados, tartas, empanadas...

P: -Vendíase máis cando empezou ou agora?

R: -Vendíase máis cando empecei porque non había tanta competencia e tiñamos encargas de toda Galiza. Mandabamos os pedidos polos autobuses de Freire e polo de Pereira, o que hoxe vén sendo Arriva.

P: -En que época do ano vende máis doces?

R: -No verán, porque hai máis xente e tamén máis romerías.

P: -Vende só na casa ou tamén para fóra (feiras, mercados...)?

R: -Hoxe só vendo na casa e na Feira do Melindre, pero antes íamos vender ás feiras e ás romerías. Pero seguimos tendo moitas encargas, por exemplo da Escola de Hostalería de Santiago de Compostela, que os levaron a Fitur e incluso a Alemaña.

P: -Cantas veces coce á semana?

R: -Normalmente cozo os venres e deixo os melindres sen bañar, logo vounos bañando segundo as vendas.

P: -Na actualidade, segue exercendo a profesión?

R: -Segue adiante a tradición familiar, agora é a miña nora a que continúa co negocio, aínda que eu lle vote unha man.

P: -Hoxe en día cre que se podería vivir só da venda dos doces?

R: -Hoxe, non. Antes si porque mandabamos moita mercadoría para fóra e tamén tiñamos panadería. Ademais tiñamos clientes fixos, como unha señora de Santiago que nos encargaba un pedido de melindres cada día para ela vendelos aló, e pagábanos unhas doce mil pesetas ao mes, que para aqueles tempos eran moitos cartos.

P: -E por último, que opina da feira do melindre que se ven celebrando dende hai uns anos en Melide?

R: -Paréceme unha fabulosa idea para dar a coñecer o melindre, un dos produtos máis típicos da nosa terra.

Grazas por esta pequena entrevista, que serve para achegarnos un pouco máis a este oficio tradicional.

PABLO MATO GÓMEZ, B1C



MENCIÑEIROS, UN SABER MILENARIO

O menciñeiro xogou un papel relevante na saúde dos habitantes das zonas rurais galegas.

Na miña familia temos a miña tía Fina e o meu bisavó. A miña tía Fina é unha compoñedora de ósos, como o era o meu bisavó. Dos sete irmáns é a única que ten ese don, por iso, do meu bisavó e da miña tía, atópanse as fotos no Museo Etnográfico LISTE de Vigo, na sala dedicada a Luz, Fe e menciña popular.

O meu bisavó era natural de Paradela (Toques), el era coñecido alí como «O Canteiro», e en Melide como « José do forno».

Dedicouse a compoñer ósos e para poder vivir traballou de panadeiro e tratante de cabalos. Na actualidade, a tía Fina, continúa co seu traballo, a ela entrevistámola co fin de coñecela mellor.

- Como te chamas?

Josefina Freire Peón.

- Onde naciches e en que ano?

En Melide, no 1.938.

- Viviches sempre en Melide?

Sí

- De quen aprendiches o que sabes?

Aprendín todo de meu pai

- Dende cando sabes que tes ese don de sandar?

Dende moi nova, el, meu pai, quería que aprendese

- Que tipos de doenzas curas?

Dislocamento de ósos, compoño ósos en xeral

- Que utilizas para desenvolver o teu traballo?

Unicamente as mans, apalpo cos dedos para atopar o dislocamento

- Cobras polo teu traballo?

Non, é gratis

- Como sabe a xente de ti?

Porque a propia xente o di e vai pasando dunhas xeracións a outras

- Que recomendas, en xeral, aos teus pacientes cando te visitan?

Descanso, descanso e que non fagan esforzos

- Canta xente ves ao mes por termo medio?

Entre quince e vinte persoas no inverno, pero no verán o número duplícase. Na tempada de fútbol sala o número de mozos que veñen a mirarse con problemas de nocellos e xeonllos, aumenta.

- Utilizas ou coñeces algunha planta que cure os ósos?

Non, eu doulles alcohol con vinagre

- Dedicácheste a algún outro traballo?

Sí, fun panadeira

- Gustaríache que algún dos teus sobriños tivese ese don e seguise a tradición?

Sí, e teño unha sobriña que quere aprender.

Nada máis e moitas grazas.






OS TRABALLOS DO CAMPO

A MALLA (I)

Nos traballos agrícolas existía unha colaboración moi intensa entre os veciños. A reciprocidade era a regra dominante en tódalas áreas cando o traballo apertaba. Non se pagaba en metálico, devolvíase o equivalente en faena. É o que se chamaba «xeira» ou «andar de xeira». Por exemplo, a sementa das patacas: uns abren os sucros, outros sementan, outros aboan e outros cobren as patacas.

En maio tamén se reunían os veciños para segar a herba, así como tamén se congregaban os veciños para a «sementeira» de trigo en novembro, para a «seitura», «restreba» ou sega de trigo en xuño, ou para a «malla» do trigo en agosto.

Nas mallas (separar o grao da espiga e da palla) xuntábanse 40-50 persoas. A elas asistía o pobo enteiro, ían dúas e tres persoas de cada casa e ían de casa en casa. Estas mallas, antes de que se usaran máquinas, facíanse cos «mallos», uns paus longos que se chamaban «mocas» e que tiñan unidos ó final un pau máis curto chamado



«pértego». Os dous paus estaban unidos por uns cordóns chamados amallós.

Primeiro preparábase a eira (sitio xunto á casa onde se facían os traballos da malla), varríase e asphaltábase con bosta de vaca que se volvía dura ó secarse. Encima botábanse os mollos (feixes de trigo) e espallábanse para que lles dera o sol: dicíase que «fai máis o sol que os mallos». Reuníanse de catro a seis malladores (tiñan que ser homes) en cada lado e petaban na palla para que se separara o gran. As mulleres colocaban unha saba arredor para que non saltase o gran e ían varrendo a espiga desfeita. Durante a malla comían o carneiro da malla, a cachucha, os chourizos...etc, e bebían viño, todo aportado polo dono da casa. Os malladores viñan moi cedo e o dono poñíalles o mantel sobre o grao e comían todos pan. Despois, ás oito da mañá, almorzaban con xamón, chourizo e viño. Ás doce era a comida: cordeiro. A merenda era sobre as cinco da tarde e había chourizos, pan e viño, e á noite ceábase con carne fresca, patacas, xamón, ovos...etc. Todo o preparaban as mulleres da casa e veciñas



que viñan á malla.

As espalladoras eran as mulleres, coas que se brincaba; eran as que revolvían e separaban o grao da palla. Viñan ó grito de ¡mulleres á eira!, e os homes descansaban. Cando andaban revolvendo ían por detrás os homes e tombaban ás mulleres na palla, ou elas os homes. Era a brincada.

Berraban ó empezar, facían ruído ó terminar e lanzaban berros durante o traballo: ¡Aí vai a perica! dicían os que daban o pau máis forte; ¡Mulleres á eira!..etc. E cando un mozo e unha moza caían, os outros tapábanos con palla; era brincar. Se era a malla moi grande, quedaban alí a durmir.

Facíase competencia a ver quen golpeaba mellor: «bo mallador». Collíanse caprichos: está fila malla mellor, estes teñen mellor ritmo...etc. E cando estaba terminada a malla botábase a «aña»; que era o mollo último, e alí dábanse golpes ata quedar desfeito e mirábase quen daba o golpe máis forte.



OS TRABALLOS DO CAMPO

REGHEIFA

AS ESFOLLADAS (II)



Intres

74

Xunio 2008

En outubro e novembro eran os meses nos que o millo se recollía dos campos e levábase para a casa; era o «tempo das esfolladas». Do mesmo xeito que a malla era de día, a esfollada era de noite e os veciños acudían á casa do que tiña o millo, para esfollar as espigas, terminada a faena nunha casa comezábbase noutra. A operación era coñecida como *esfolla*, *esfollada*, *escocha*, *escoucha*, *escarocho*, *esfollada*, *espruga*, *escunchar*...

Era costume que o beneficiario ofrecera unha comida ós que axudaban. Esta consistía nunhas castañas nalgunhas aldeas, que se poñían nun cesto de vimbios e comíanse á redonda con leite; noutras aldeas era *cachelos*, «ribeiro»; e noutras *queixo*, ou ben *viño* e *bacallau*. Tamén se daban copas de augardente.

A atmosfera da esfolla era unha diversión xuvenil, alí ían mozos, mozas e veciños.

Cando aparecía unha espiga encarnada dicíase; *reina*, e algúns mozos, por se non a encontraban, levábana no peto. Ó encontrala saudaba os homes e tiña dereito a abrazar as mozas. O mozo tiña que ter coidado que non lle sacaran as follas á espiga, pois con iso perdía o dereito de abrazar as mozas. Os mozos tirábanse as espigas, ...moceaban, ...apagábanse as luces...risas, chistes, loitas e brincas e tombos na folla das espigas. Tamén había música con *pandeiretas*, *acordeóns*, *frautas*, *cántigas* e baile.

Esta colaboración traducíase en veciñanza, solidariedade, axuda mutua, diversión, oposición e complementariedade de sexos, agresión, comensalidade e romanticismo. Cada un dos elementos dos mesmos vén canalizado, sometido a controis, normas, espazos e tempos pola característica común que os aglutina: están ritualizados.

ARIANA TRASTOY LÓPEZ-B1ªA

(Dirixida por un barbeiro de Toques ao seu cliente)

Aí tengo 2 navajitas nuevas que las trouxen de Brañas, y nosotros se las traemos pa afeitar ata as entrañas.

Aí tengo 2 navajitas nuevas Que las trouxen da Capela, y nosotros se las traemos pa afeitar a carón da muela.

Aí tengo 2 navajitas nuevas que las trouxen de Mangüeiro, y nosotros se las traemos pa afeitar o compañeiro.

Aí tengo 2 navajitas nuevas que las trouxen de Ordes, Y nosotros se las traemos Pa facer unhos cuantos cortes.

Aí tengo 2 navajitas nuevas que las trouxen de Paradela, y nosotros se las traemos pa afeitar o de Folladela.

Aí tengo 2 navajitas nuevas que las trouxen de San Martiño, y nosotros se las traemos pa afeitar a carón do fuciño.

Aí tengo 2 navajitas nuevas Que las trouxen de Santa Uxía, Y nosotros se las traemos Pa afeitar o vello que esta na silla.

Aí tengo 2 navajitas nuevas Que las trouxen de Villamor, Y nosotros se las traemos Pa afeitar a este señor.

Aí tengo 2 navajitas nuevas que las trouxen de Vilouriz, Y nosotros se las traemos Pa afeitar a carón do nariz.

MACOPE





O GALO GALETE

Esta historia que vou relatar contouma miña tía Andrea:

Era unha vez un galo chamado Galete que estaba no galiñeiro. Unha mañá recibiu unha carta na que o invitaba seu tío para a súa voda, a voda do seu tío Kiriko. O día da voda, Galete levantouse cedo para limpar o seu bico e as súas patas. Cando ía polo camiño atopou tres graos de millo cheos e feces, e Galete dixo:

- Comereinos ou non?. Se os como mancharei o bico e se non os como é moita perda deles.

Despois de tanto pensar, Galete decidiu comelos e manchou o bico.

Polo camiño atopou cunha herba e díxolle:

- Ou herba, e pódeme limpar o bico para ir á voda do meu tío Kiriko?

- Non quero- dixo a herba. Máis adiante atopou cunha vaca e díxolle :

- Ou vaca, come a herba que non me quixo limpar o bico para ir a voda do meu tío Kiriko.

- Non Quero- respondeu a vaca.

Despois de outro cacho atopouse cun pau.

- Pau, pétalle á vaca que non quixo comer a herba e que a herba non quixo limparme o bico para ir á voda do meu tío Kiriko.

- Non quero - díxolle o pau. Despois atopouse co lume e díxolle:

- Lume, queima o pau que non lle quixo petar á vaca, que a vaca non quixo comer a herba, que a herba non quixo



limparme o bico para ir á voda do meu tío Kiriko.

- Non quero- respondeulle o lume .

Despois de andar outro cacho atopou coa auga, e díxolle:

- Auga, apaga o lume que non quixo queimar o pau, que o pau non quixo petarlle á vaca, que a vaca non quixo comer a herba, que a herba non quixo limparme o bico para ir á voda do meu tío Kiriko.

- Non quero- dixo a auga. Dentro dun pouco atopou cunha besta e díxolle:

- Besta, bebe a auga, que non quixo apagar o lume, que o lume non quixo queimar o pau, que o pau non quixo petarlle á vaca, que a vaca non quixo comer a herba e a herba non quixo limparme o bico para ir á voda do meu tío Kiriko.

- Non quero- respondeulle E Galete foi así todo o camiño pero ninguén lle axudaba e tivo que ir á voda co bico manchado e dixo:

- Se non comera o millo xa non manchaba o bico para vir á voda de meu tío Kiriko.

CRISTINA CONDE ROCA, S2A

HISTORIAS DOS NOSOS AVÓS

Dende hai xa un tempo veño escoitando esta historia, gustárame compartila con todos vós:

Corría unha guerra por aquel entón por España. Obrigaban os labregos a loitar na fronte, o meu avó foi un deles. Cando por fin rematou aquel pesadelo todos os sobreviventes foron embarcados para poder reunirse de novo cas súas familias. Despois de varios días navegando, desencadeouse unha gran tormenta e o barco naufragou. Todos os homes que no barco viaxaban quedaron espallados polo mal. Cada un, desesperado pola situación, só pensaba na esperada volta a súa casa ca súa familia.

O noso protagonista, Manuel, abrazouse o único anaco de esperanza que lle quedaba, un baúl moi avellentado e relado polo paso do tempo. De seguido pechou os ollos, pola enorme fatiga que sufría, e inducido polas súas crenzas relixiosas, meteu unha pequena medalla da virxe do Carme (patroa dos mariñeiros) na boca e rogoulle con todas as súas forzas que o salvara, e se ela cumpría iso el comprometeríase a non traballar os días 15 e 16 de xullo (festas da nosa señora do Carme) para acudir a igrexa e levarlle unha candeia prendida no seu honor.

Así foi, a virxe do Carme cumpriu a súa promesa, el espertou na casa duns descoñecidos que o encontraran na praia esa mesma mañá xunto có baúl.

Non vos sabería dicir se, realmente, foi a virxe do Carme a que o axudou, o que si sei e que cada ano, por esas fechas eu sempre vexo saír da casa o meu avó dicíndome: «Mentres viva, ei de seguir indo!»

LAURA VAZQUEZ CASAL E

MARIANA RODRÍGUEZ-NAVAS VAL, B1B



O SEIXO

Lembranzas de miña nai.

Que quedan daqueles tempos? Aqueles tempos cálidos e felices de cando eu era nena! Nada, non queda nada! A miña era unha aldea pequeneira e esquecida nun recuncho do Caurel; rodeada de soutos, carballeiras, algunhas



nogueiras e un bo número de acivros. Por aquel entón era unha aldea viva e repleta de xente, había nenos e mesmo tiñamos escola, moi preto da miña casa. O chan non estaba asfaltado e as casas eran grandes e de pedra, cos tellados de lousa. Cada unha tiña o seu nome, de acordo co apelido da familia: Cas Garrido, Casa de Lolo, Cas Carballo, Cas Blanco, Cas Mondelo, Cas Xil, Cas Carrete...

A vida era sinxela, todos tiñamos vacas, todos cultivabamos o campo e con iso chegábanos para vivir e mesmo para vender unha parte cando había feira. Recollíase o liño para facer a roupa xa que había un tear en cada casa. Tamén aproveitabamos a la das ovellas coa que facíamos medias e calzetíns moi abrigosos para o inverno. Nas aforas do Seixo había un muíño que compartiamos cos de Pazios (a aldea veciña), alí iamos moer todos o gran, e logo facíase o pan na casa, e, igual que o tear, en cada unha había un forno.

Falando destes tempos véñenme á cabeza varias anécdotas, vouvos contar unha.

Naqueles días fríos e chuviosos de outono poñiamos castañas a asar e acurrutabámonos arredor da lareira. Entón viña o avó e sentábase cabo de nós a rezar o rosario. Eu e miña irmá sempre deixabamos algunhas castañas sen amozcar e cando iamos á letanía, que era a parte final do rosario, o avó dicía:

- Ora por nobis !

E nós respondíamos:

- Miisere nobis !

El dicía :

- Crista leison! Cria leison!

- Miisere nobis!, repetíamos nós de novo.

E nesta parte as castañas sen amozcar comezaban a saltar e a esbourar e nós a escachar coa risa, pero aguantabamos ata que o avó remataba o rosario e daquela, «patitas para que os quero», fuxiamos o máis rápido posible porque como nos pillaran... caíannos unhas boas azoutas!

Séguenseme ocorrendo moreas de cousas que contar, pero non habería follas dabondo para poder escribilas.

REFRÁNS

- Non te cases co ferreiro que te queiman as muxicas, casa co carpinteiro que fai as huchas ben bonitas.

- Cando Deus non quere , os santos non obran.

- Onde canta un Crego e ornea un burro, nunca falta un peso duro.

- O que non fuma nin bebe viño, o demo o leva por outro camiño.

- Predicame frade, por un oído me entra e por outro me sae.

- Na casa do ferreiro, coitelo de pau e na do carpinteiro sentarse no chan.

- Non hai sábado sen sol nin doncela sen amor.

- A cruz nos peitos, e o demo nos feitos.

- Cóxegas e amores empezan con risas e acaban con dolores.

- A quen madruga, Deus lle axuda.

- Home pequeno, fol de veleno.

- O que chega tarde nin oe misa nin come carne.

- Sol que moito madruga pouco dura.

- Ir á guerra, nin casar, é bo de aconsellar.

- O Crego: onde canta, aí xanta.

- Sogra, avogado e doutor canto máis lonxe mellor.

- O que de vello queira folgar, de novo ten que traballar.

- Con pan e viño, ándase o camiño.



REFRÁNS

- O cuco, San Benito o trae e San Benito o leva.
- Os troncos de marzo apertan a cuba co mazo.
- A castaña no agosto quere arder e no setembro beber.
- Temperá é a castaña que por setembro regaña.
- Quen queira ter allo fino, que o poña polo San Martiño.
- Castañas no Nadal saben ben e prestan mal.
- Sementar en novembro, abarbear en decembro.
- Se chove en xaneiro, pon as redes ao fumeiro.
- Xaneiro añeiro, febreiro cabriteiro.
- Gloriosa é Santa Ádega e das santas a rival, que lle cortaron o peito, igual que se corta o pan.
- Por xaneiro e febreiro, os lobos baixan ao palleiro.
- Seco en xaneiro, abundancia no graneiro.
- Flor de febreiro non vai ao froiteiro.
- Por santa Polonia, metá do inverno vai fóra; se chove ou venta, inda entra.
- En xaneiro calquera ovella pasa o regueiro; en febreiro, nin ovella nin carneiro.
- Por San Ciledón, porretas ao queixón.
- Cando o cuco marcha, colle a manta.
- Por San Nicolás, vén a chuvia e vaise o vran.
- Polo San Martiño, vende o teu viño, antes a pipeiro que a taberneiro.
- San Andrés, San Andrés, o que se dá vólvese outra ves.
- No mingunte de xaneiro, corta o teu madeiro.
- Xaneiro xeadeiro, febreiro amoroso, marzo ventoso, abril augas mil, maio pardo e San Xoán claro valen máis cós bois e o carro.
- Vai en xaneiro a grilos e en verán ás espinacas e verás o que sacas.
- A neve febreiriña cómea a galiña.
- A choiva en febreiro fai bo palleiro.
- Sempre que en marzo hai xeadas, cóntase con boa anada.

RECOLLIDOS POR JOSÉ LUIS MEJUTO SANGUIAO, B1C

REFRÁNS DOS MESES DO ANO

XANEIRO

- Xaneiro quente trae o demo no ventre.
- No mes de xaneiro, pon os pés no braseiro.




FEBREIRO

- En febreiro sete capas e un sombreiro.
- Febreiriño corto cos teus días vinte e oito.



MARZO

- Marzo, marzán
- Marzo chuvioso, verán caloroso.




ABRIL

- Abril frío, moito pan e pouco viño.
- En abril augas mil.



MAIO

- En maio aínda a vella queima o tallo.
- Polo San Isidro sementa o teu millo.



XUÑO

- Auga de San Xoán, nin palla nin gran.
- No San Xoán, as once con día dan.



XULLO

- Xullo andado, millo aventado.
- En xullo arder e patacas coller.




AGOSTO

- Trebón de agosto mellora o mosto
- No mes de agosto nin capes nin rapas.




SETEMBRO

- Polo San Miguel, o coello xa se ve ben.
- Setembro, ou levas as pontes ou secas as fontes.



OUTUBRO

- Outono chegar, pouco cebar.
- Polo San Clemente, ergue a man a semente.



NOVEMBRO

- No San Martiño, nin fabas nin liño.
- Por Santos, neve nos altos; polo San Andrés, neve nos pés.

DECEMBRO

- Nadal chuvioso, Nadal ventoso
- Nadal mollado, xaneiro xeado.

RECOLLIDO POR: GONZALO PAREDES BRUZOS, B1B

A BANDA DA TORRIÑA

A Banda da Torriña formouse a principios do século XX. Formábase aproximadamente oito ou nove homes de Xubial, Santalla, Gondollín e Zas de Rey, polo que podemos dicir que eran todos veciños.

Recibe o nome de Banda da Torriña xa que de aí procedían a maior parte dos seus compoñentes.


Esta banda foi formada pola afección que tiñan eles con respecto da música, a pesares de que ningún deles tivera preparación musical. Ademais os músicos desta banda non tiñan unha partitura para interpretar as súas pezas, senón que era todo a través da improvisación (cousa que hoxe en día pouco se soe dar, xa que case tódolos músicos teñen unha partitura).

Os seus ensaios tiñan lugar nas casas dos compoñentes, onde se xuntaban polas noites, despois de que cada un rematara o seu traballo.

Os instrumentos que compoñían a Banda da Torriña eran: o bombo, a trompeta, a caixa, o baixo, o clarinete, o saxofón e algúns máis que nos é imposible recordar.

Tal era o seu éxito, que os chamaban para tocar en case tódalas festas, ademais eran dos «baratos á hora de cobrar».

O medio de transporte destes homes era ir andando, e o que podía e tiña unha bicicleta desprazábase nela, iso sempre tendo que levar os instrumentos. Ás veces, ían tocar lonxe, teñen



chegado a facer 20 km. ou máis para chegar ao lugar da romaría, polo tanto tiñan que levar a comida e todo o necesario con eles porque con tanto desprazamento tiñan que saír moi cedo da casa.

As festas naqueles tempos comezaban á tardiña, sobre as cinco da tarde, xa que pola noite a festa remataba pronto.

O que gañaban da festa, repartían entre eles, e iso era outra das formas que tiñan de gañar diñeiro e levalo para a casa, porque naqueles tempos os poucos cartos que tiña a xente eran moi precisos.

Así se formou unha gran banda para aqueles tempos,

un medio de diversión para a xente daqueles tempos, e para os membros desta unha forma máis de gañar a vida á parte de traballar logo nas súas tarefas .

Cando os membros da Banda da Torriña se foron facendo maiores, e deixaron de tocar, foron substituídos por outras bandas. Pouco a pouco, pasaron os anos e os compoñentes desta banda foron falecendo e non houbo ninguén, na familia destes artistas, que seguira coa tradición.

E así, foi como desapareceu a querida Banda da Torriña.

BEATRIZ RAMOS ARES E
ANDREA PRADO CONDE, B1B



MIKA, A REVELACIÓN.

Xenialidade, estilo propio, carisma, cor, orixinalidade, fantasía, capacidade para facer grandes cancións... son moitos os adxectivos que me veñen á mente á hora de definir o estilo deste cantante que, coa súa voz a medio camiño entre Freddie Mercury é o cantante dos Scissor Sisters, arrasa alí por onde vai, recollendo premios e eloxios tanto do público como da crítica especializada. Para aqueles que, coma min, xa caeron xa caeron nas redes da súa música alegre e colorista, de debuxos animados, escribo esta breve biografía que resume como de ser un neno introvertido e solitario pasou a se converter no cantante revelación da tempada, chegando a ser número un no mundo enteiro.

Mikahil Holbrook Penniman Ismaili, máis coñecido como Mika, naceu en Beirut (Líbano) no 1983. Fuxindo da guerra que tiña lugar no seu país, aos nove anos refuxiouse coa súa familia (un total de cinco irmáns, de nai libanesa e pai estadounidense) en París e Kuwait e, posteriormente, en Londres.

Unha dislexia provocoulle serios problemas comunicativos, dificultando a súa aprendizaxe e integración cos demais compañeiros, cuxas burlas e torturas marcaron o seu carácter. Como terapia para esquecer os seus sufrimentos, súa nai fíxolle estudar música e chegou a ser alumno avantaxado en diversas e prestixiosas escolas, como o Liceo Francés Charles de Gaulle, a Westminster School e o Royal College of Music.

Á idade de quince anos e grazas ás clases dunha profesora rusa de ópera, Mika xa cantaba como tenor. Esta for-

mación clásica serviulle para, máis tarde, demostrar sobre o escenario unha pasmosa seguridade a pesares da súa escasa experiencia no mundo do pop.

Durante a súa adolescencia xa demostrou certa excentricidade (vestía roupa de cor escarlata e mostraba maneiras de dandy), un claro precedente do que viría despois.

Ingresou na London School of Economics para estudar política e economía, pero ao cabo de dúas semanas decidiu deixalo e adicarse definitivamente á súa paixón, a música.

Asegura que medrou escoitando todo tipo de música, dende grupos como Queen ou os Beatles a cantantes como Joan Baez, Bob Dylan, Édith Piaf, Prince ou Elton John, pasando pola música clásica e mesmo polo flamenco.

Mika foi cantante de ópera e escribiu varios jingles publicitarios para Aeroliñas Británicas e chicles Orbit. Isto foino adentrando na música máis comercial ata que deu o gran salto ao pop. Segundo as súas propias palabras, foi rexeitado durante anos por «ser demasiado melódico e raro para a escena comercial»; o seu estilo extravagante e os seus case dous metros de estatura tampouco axudaron demasiado a arredar del a imaxe de «raro».

Os seus inicios no mundo do pop tampouco foron de todo bos, xa que foi duramente criticado por «querer imitar a Freddie Mercury». No seu primeiro single «Grace Kelly», o cantante fai alusión a estas críticas e contraataca: «Intento ser como Grace Kelly, pero todas as súas facetas eran demasiado tristes, así que inten-



to ser un pequeno Freddie... A miña identidade volveuse tola!». Neste tema tamén di, literalmente: «Podería ser calquera cousa que ti queiras», referíndose, asemade, ás súas comparacións con outros artistas. Sen dúbida o anglo-libanés ten sentido do humor!

A pesares de todas as críticas recibidas, foi proclamado cantante revelación con máis futuro pola BBC, sacou un disco (Life in Cartoon Motion) en febreiro do pasado ano coa compañía discográfica Casablanca Records e tivo catro nominacións, entre elas a de mellor álbum e mellor single, aos premios Brit Awards da música anglosaxona.

Superadas todas as reticencias, Mika ingresa con paso firme no negocio do espectáculo coa súa impresionante voz e cos seus non menos espectaculares shows. Non cabe dúbida de que seguiremos escoitando este nome, o de Mika, durante moito tempo como un dos novos show-man e mellores cantantes do panorama musical actual.

LUCÍA MATO GÓMEZ, S3A



AMY WINEHOUSE



Trátase dunha das cancións de Amy Winehouse, cantante de jazz famosa hoxe en día, non só pola súa calidade musical e orixinalidade das súas cancións, senón tamén por estar nomeada para os Grammys. O tema desta canción é o alcohol. Sabemos polos medios de comunicación que a súa vida privada, mencionada repetidas veces en revistas e programas do corazón, é un tanto polémica. A cantante non só inxire grandes cantidades de alcohol, que a levaron ó seu ingreso hospitalario, senón que tamén consume incipientes, como heroína. Pode que esta canción teña base na súa conflitiva vida, que tamén está presente nas súas outras cancións.

Non só é popular pola súa vida privada e pola súa profesión, senón que tamén reparan nela no mundo da moda polo seu particular estilo vestindo difícil de definir. Leva diversos tatuaxes destacando o do brazo esquerdo, piercings, digamos que o seu estilo podería rozar o roqueiro mais sorpréndenos moitas veces con vestidos, entre comiñas, elegantes.

REHAB

They try to make me go to rehab, I said: «No, no, no»
 Yes, I've been black but when I come back you'll know, know, know
 I ain't got the time and if my dady thinks I'm fine
 He's tried to make me go to rehab, I won't go, go, go
 (Estribillo)

I'd rather be at home with Ray
 I ain't got seventeen
 'Cause there's nothing, there's nothing you can teach me
 That I can't learn from M.r Hathaway

I didn't get a lot in class
 But I know we don't come in a shot glass

They tried to make me go to rehab, I said: «No, no, no»
 Yes, I've been black but when I come back you'll know, know, know
 I ain't go the time and if my dady thinks I'm fine
 He's tried to make me go to rehab, I won't go, go, go

The man said, «Why do you think you here?»
 I say «I got no idea»
 I'm gona, I'm gonna lose my baby
 So I always keep a bottle near

He said, «I just think you're depressed»
 Kiss me, yeah baby and go rest»

They tried to make me go to rehab, I said, «No, no, no»
 Yes, I've been black but when I come back you'll know, know, know

I don't ever wanna drink again
 I just, ooh, I just need a friend
 I'm not gonna spend ten weeks
 Have everyone think I'm on the mend

And it's not just my pride
 It's just 'til these tears have dried

They tried to make me go to rehab, I said, «No, no, no»
 Yes, I've been black but when I come back you'll know, know, know
 I ain't go the time and if my dady thinks I'm fine
 He's tried to make me go to rehab, I won't go, go, go





ECDL

TRADUCIÓN

En canto ó contido da canción, quérenos contar:

Trataron de facerme ir á rehabilitación (rehab vén de rehabilitación en inglés) e eu dixen que non. Eu sei que estiven moi mal a causa do alcohol e ti sábelo. Non sei se o tempo e meu pai pensan que estou ben pero el tratou de enviarme á rehabilitación e non vou ir!. Prefiro estar na casa con Ray e só teño dezasete días. Non hai nada que me poidan ensinar. Non podo aprender nada de Sr.Hathaway. Non aprendín moito na clase, mais eu sei que non vimos de un chupito.

(Repítese o estribillo)

E un home díxome: ¿Por qué pensa que está vostede aquí? E eu respondín non teño nin idea. Vou perder o meu bebé. Polo tanto, eu sempre teño unha botella cerca. El dixo: eu só penso que ti estás deprimida. Bícame, si, nena, e vai descansar.

(Estribillo)

Non quero volver a beber máis, só necesito un amigo, no me vai levar dez semanas... Fago que todo o mundo pense que vou enmendar. Non é só polo meu orgullo é que estas lágrimas secáronse.

(Estribillo).

Paréceme que o que nos intenta contar é a historia dunha alcohólica, consciente do seu problema pero que non deixa que os demais a axuden a saír del, que tenta seguir aferrándose a unha botella de alcohol. O único que quere conseguir é enganar ós demais e dicir que o único que necesita é un amigo, por covardía, quizais por que non se atreve a saír porque o ve imposible.

Por iso elixín esta canción, porque penso que esta é a situación de milleiros de persoas e non só me refiro ás que viven escravizadas ao alcohol, senón a calquera tipo de droga. A maioría de elas quedaron no camiño por covardía por falta de vontade... Creo que somos humanos e, igual que o fixo Eva, caemos en tentacións que nos poden custar moito e das que pronto nos arrepentimos. Podemos considerar ata comprensible un error máis o que non é comprensible é ser tan inconscientes como para non darse de conta de que se están destruindo a si mesmos e que, en realidade, están rexeitando o máis bonito que teñen, que é a vida, e cerrando as portas a soños e ilusións.

Para min o realmente imperdoable é o que vemos neste exemplo, o feito de dalo todo por perdido e ser inconscientes, porque ao final todo o mundo se dá de conta dos seus erros aínda que sexa tarde sempre hai un momento para atopala resposta. A verdade é que sempre está aí, só que estamos tan cegos que non a vemos ou simplemente cerramos os ollos porque é o máis cómodo.



Quen non sabe da existencia de este grupo tan famoso? Supoñemos que todos o coñecedes, pero por si acaso informámosvos de que é un grupo de pop rock español que naceu no ano 2000 en Alcobendas (Madrid). Está formado por catro rapaces chamados: Dani Martín (voz), David Otero (guitarra e coros), Chema Ruíz (baixo) e Jandro Velázquez (batería).

En 2000 sacaron o primeiro disco chamado «El canto del loco». No 2002 volveron a triunfar con «A contracorriente». Un ano despois sorprendéronnos con «Estados de ánimo» e finalmente no 2005 con «Zapatillas». Na nosa opinión éste foi o mellor dos catro.

Pero... cal é a nova? Pois a nova é que despois de un ano sabático a causa do nacemento da filla de David Otero con Marina, realizando o último concerto en A Coruña van sacar o novo disco o 1 de abril! Este chamarase «Personas» e dise que vai a ser todo un éxito. A letra é do propio Dani Martín e a música de David Otero.

Xa queda menos para abril e estamos desexando que chegue para escoitar a súa música de novo. E vós?

Laura Ayude Puga,
Marta Suárez Cagide, B1B



FÚTBOL GALEGO



SELECCIÓN GALEGA



Xa comeza a ser unha tradición que a finais de decembro se celebre un partido moi importante para os galegos, a nova selección de fútbol xoga o 27 de decembro en Balaídos, o estadio do Celta de Vigo, e enfrontarase á selección de Camerún, unha das grandes potencias do fútbol africano. Hai dous anos a Selección Galega xa xogara en San Lázaro (Santiago de Compostela) fronte á Selección de Uruguai.

O ano pasado foi en A Coruña, fronte ao Ecuador, e este ano esperamos que a Selección Galega continúe invicta, aínda que se terá que esforzar, xa que Camerún conta con xogadores como Samuel Eto'ó, Carlos Kaneino, ou Welu, xogadores que trunfan na Liga Española.

Dende aquí, todo meu apoio á Selección e ¡A gañar!

CARLOS GARCÍA PARRADO, B1A

Ola, amigos lectores de Intres:

Hoxe quero falar do fútbol galego, que agora non está a pasar polo seu mellor momento. Quizais moitos de vós non seredes de equipos galegos, pero outros si. Como xa sabedes, o Deportivo non está a pasar polo seu mellor momento e o Celta está loitando en segunda por lograr o ascenso e, nestes momentos, aínda que non sexamos de ningún dos dous, conviría apoialos, xa que á fin e ao cabo somos todos galegos. Cando todo ía ben, todos os apoiaban, é moi fácil lembrar os tempos do Superdepor ou do Depor campión de liga ou do Depor semifinalista da Copa de Europa, ou dese Celta en Champions League fronte a equipos como o Arsenal ou o Juve.

Eu só quero que non perdades a fe na armada galega e que, co apoio de todos, os grandes equipos galegos poidan ser os que foron en tempos pasados. Pero eu non só falo das potencias galegas, senón dos máis modestos. Na nosa vila temos, nada máis e nada menos, que dous equipos, O CIRE e o Atlético. Estes dous equipos son os nosos representantes, uns senten máis aprecio polo CIRE e outros polo Atlético; eu, evidentemente, son do CIRE, xa que levo catro anos xogando alí, pero sen desprezar o Atlético, que tamén ten moi boa plantilla. Este ano quizais estea mellor o CIRE (refírome aos seniors), porque está pelexando polo ascenso, pero hai que dicir que o Atlético xa hai moito tempo que non participa en competicións oficiais e tócalle o papel de novato; eu penso que pouco a pouco irá subindo.

Quérovos animar a que veñades ao campo de fútbol, hai partidos toda a fin de semana.

Con este artigo quérovos transmitir a enerxía de animar o noso fútbol, porque é moi triste ver un estadio baleiro, e eu dígoo por experiencia, animádevos.

CARLOS GARCÍA PARRADO, B1A



A NBA



Moi boas, amigos. Quérovos falar neste artigo da invasión de xogadores españois na NBA, (liga de baloncesto dos EUA). Nos últimos anos, foi increíble a cantidade de xogadores españois que xogan ou xogaron alí. Un dos primeiros foi Pau Gasol, que foi parar aos Memphis Grizzlies; logo seguiuno Raúl López, que actualmente regresou ao Real Madrid; máis tarde sería José Manuel Calderón, que iría aos Toronto Raptors; xusto despois sería Garlajosa, logo Sergio Rodríguez a Portland Trail Blazers; e xa por último a «Bomba» Navarro, que iría ao Memphis.

O máis coñecido por todos é Gasol, que xa no seu primeiro ano sería nomeado «Novato do ano», anos despois chegaría a xogar o All Star co conferencia Oeste, todo un privilexio porque só participan os mellores; anos despois, sería Garlajosa o que participaría no All Star, e este ano sería Navarro o elixido; pero o máis importante de todo isto é o traspaso de Gasol aos Anxeles Lakers, un dos grandes conxuntos da historia. Eu creo que este ano por fin poderá aspirar ao anel da NBA, ten no seu equipo un dos mellores, para min o mellor da NBA actualmente, que é Kole Briant. Para min, Gasol e Kole forman a mellor parella da NBA na actualidade, o seu poderío é inmenso, e eu espero e confío en que poidan gañar o anel.

Non futuro non moi afastado, case seguro a próxima tempada, o número de españois da NBA será aínda maior, case con toda seguridade uniranse Rudy Fernández (DKV Joventud) e Marc Gasol (Akasvayu de Girona). Deséxolles moita sorte.

CARLOS GARCÍA PARRADO, B1A

A PAIXÓN DA FÓRMULA 1



O pasado 21 de outubro todos os españois estivemos pendentes do asturiano Fernando Alonso e, aínda que as posibilidades de que gañase o mundial de fórmula 1 eran poucas, eu creo que todos tiñamos unha pequena esperanza.

Desde as catro da tarde, que empezaba o previo, non había ninguén na rúa, xa que todos estabamos pendentes de Fernando. Ás seis empezou a carreira. Mais xa saía de primeiro, Hamilton, o maior inimigo de Alonso, de segundo, Raikonen de terceiro, e Alonso de cuarto. Se a carreira rematara así gañaría Hamilton, Alonso quedaría de segundo e Raikonen de terceiro.

Nada máis empezar acarreira, Raikonen adiantou a Hamilton e Alonso tamén aproveitou. Hamilton enfadouse, quixo adiantar a Alonso e saíuse da pista e baixou a oitava posición. Nese momento, penso que os españois tiñamos moitas esperanzas, xa que se a carreira rematara así gañaría Alonso.

E cando as cousas non podían ir mellor, Hamilton ten un problema e ponse en 18ª posición. Aínda que se soluciona o problema tiña moi difícil gañar o mundial, xa que tería que subir á 6ª posición.

Alonso vai liderando o mundial ata que Raikonen adiantou a Massa, e se Alonso non quedaba 2º non gañaba. Pero Alonso estaba a moito tempo de Massa, e era case imposible.

A carreira rematou Raikonen 1º, e gañador do mundial, Massa 2º, Alonso 3º e Hamilton 7º. Os españois non perdemos a esperanza ata que lle puxeron a bandeira a cadros a Raikonen. E aínda que non gañou Alonso, os españois celebramos que non gañara o noso peor inimigo, Hamilton.

YOHANA VILLARABIDE CARRIL, B1B



SOPAS DE LETRAS

- 1-Voz emitida con foita forza: berro.
- 2-Aconsellar, orientar: guiar.
- 3-Brasas acesas que quedan entre a borrhalla: remol.
- 4-Parte inferior do oco dunha porta: soleira.
- 5-Resolver: solucionar.
- 6-Sexto mes do ano: xuño.
- 7-Monte cerrado: zarro.

Busca o nome de 12 escritores/as galegos/as

SUDOKU

5			2	9			4	7
6	9		3		4			
1		4	8				2	
9	1	8						
						7	8	3
	5			4	3	9		6
				5		3	8	
9	8			2	7			5

NATALIA PENAS MATO, B1B

Busca nesta sopa de letras algúns métodos anticonceptivos.

R	U	J	P	O	I	A	V	P	A
W	I	Z	H	A	V	G	A	A	L
Y	U	A	D	A	I	A	S	L	C
E	R	R	F	B	R	L	E	E	O
D	N	O	E	R	Y	M	C	C	N
A	S	D	T	D	A	X	T	T	D
O	Ñ	L	N	S	A	G	O	O	O
S	M	I	A	B	G	K	M	Z	N
P	Q	P	U	R	V	W	I	A	D
S	R	M	T	D	I	U	A	J	F

R	S	P	E	R	N	S	A	L	E	X	N	D	V	E
Q	O	A	D	A	O	I	A	Y	G	W	U	R	I	A
A	T	S	U	L	Ñ	L	B	Z	A	E	G	E	C	C
R	E	R	A	R	A	E	L	D	I	E	S	T	E	D
I	R	C	R	L	R	U	E	L	N	O	P	I	N	R
A	O	I	D	A	I	A	L	M	C	I	R	A	T	D
C	P	T	O	N	I	A	E	Ñ	P	E	C	U	E	B
N	E	T	P	O	O	P	D	P	A	R	U	A	R	I
A	D	C	O	R	N	I	D	E	B	A	R	S	I	E
N	R	R	N	L	G	E	F	I	C	S	R	O	S	F
M	A	C	D	S	I	A	D	E	R	A	O	S	C	E
L	Y	B	A	J	H	C	V	V	S	A	S	O	O	I
A	O	K	L	I	A	V	I	T	M	R	L	T	E	I
L	A	M	A	S	C	A	R	V	A	J	A	L	R	O
P	I	N	T	O	S	F	C	A	S	T	E	L	A	O


Busca nesta sopa de letras algunhas enfermidades de transmisión sexual.

A	X	L	F	M	A	E	L	M	Z	G	H	I
F	S	I	D	A	S	O	U	V	O	V	P	E
G	X	I	L	X	P	T	F	N	H	P	H	A
E	S	I	D	Q	S	L	O	A	L	H	L	L
U	I	R	S	T	L	R	R	E	F	I	S	G
S	G	U	R	O	R	I	C	S	L	M	G	J
I	A	N	A	E	S	N	U	F	R	A	S	T
F	I	U	A	O	C	O	H	D	I	N	E	K
I	P	B	M	R	N	E	L	S	V	A	I	M
L	A	H	E	P	A	T	I	T	I	S	B	J
T	R	I	C	O	N	O	M	I	A	S	I	S
S	G	F	P	T	B	A	R	B	E	S	I	S
U	R	S	M	I	A	X	W	P	I	Q	Z	A
S	I	I	A	N	T	W	E	F	I	U	O	E
R	L	O	W	A	P	E	G	R	U	O	J	S
D	F	G	G	I	H	S	I	F	L	E	H	K



PALABRAS CRUZADAS

1. Obra de Curros Enríquez.
2. O nome do Grupo *Nós* procede da revista...
3. Época dos Reis Católicos.
4. Rosalía de Castro é unha representante do...
5. Nome do conflito entre o bloque soviético e o capitalista, que tivo a máxima expresión na guerra de Vietnam.
6. Cancións do Nadal.
7. Obra de Eduardo Pondal.
8. Nome do autor con apelido Risco.
9. Nome da muller a quen se lle dedicou o primeiro Día das Letras.
10. O movemento vangardista que mostra unha natureza viva.



O RIVAL MÁIS DÉBIL

Debaixo hai catro preguntas. Non podes tomar o teu tempo, nin meditalas. Preparad@?

Primeira Pregunta: Estás participando nunha carreira. Adiantas ao que vai segundo. ¿En qué posición estás agora?

Resposta:

Se contestaches que estás primeiro... Confundícheste! Se adiantas ao que vai de segundo, colócaste no seu lugar, polo tanto... Ti quedas na segunda posición.

Segunda Pregunta: na mesma carreira, se adiantaras ao que vai en último lugar, entón serías...

Resposta:

Contestaches «o Penúltimo»? Pois estás outra vez nun erro. Dime... ¿Como podes adiantar ao que vai ÚLTIMO? pppppffffffffff!!! ¿Imos ben..?

A terceira pregunta consiste nun pouco de cálculo elemental. (Aviso: Para ser honest@, tes que facer os cálculos mentalmente, sen papel, lapis, calculadora ou móbil. Inténtao)

Terceira Pregunta: Tes 1000. Agora súmalle 40. Súmalle outros 1000 e 30 máis. Máis outros 1000. Máis 20 e súmalle outros 1000. e agora 10 máis. ¿Total? Deuche 5000, verdade?

Pois... Non! A resposta correcta son... 4100. ¿non o cres? Pois toma papel e lapis ou unha calculadora e compróbaos!

Non é un día demasiado bo, ¿verdade?

¿atréveste cunha cuarta pregunta? Ao mellor estas i que a atinas...

Cuarta Pregunta: o pai de Rosa ten cinco fillas, que son: 1.- Nana, 2.- Nene, 3.- Nini, 4.- Nono.

¿Cómo se chama a quinta filla?

Resposta:

Contestaches Nunu? A resposta correcta é Rosa!!!!.

Es o Rival máis Débil.



TEATRO NO DÍA DA PAZ

Boas! Chámome Elodie, unha rapaza de 1ºBach., aínda que o máis importante é que formo parte do grupo de teatro aquí neste instituto. Estou aquí para contarvos un pouco de que vai iso de estar integrado nun grupo de teatro. Eu e máis rapazas xa formamos esta agrupación dende que entramos no instituto. Comezamos cando nos daba clase a profesora Mari Carmen Nieto de Ciencias Sociais de 1º e 2º ESO, con ela fixemos distintas interpretacións, todas elas cun humor abraiante, ensinounos o básico, o movemento dos actores e todo o que se pode saber sobre como actuar. O peor de todo foi que non puidemos representar estas obras, xa que tampouco houbo oportunidade e supoño que todas nos arrepentimos.

Logo en 3ºESO xa nos empezou a dar unha nova profesora, a actual directora deste centro por certo. Encargouse de contratar un profesor especialista en teatro que viña dende Santiago só para darnos clase, con el máis ben fixemos moita expresión co corpo, mandábamnos imitar, representar...Con el fixemos obras que logo representaríamos aquí no centro, pero o mellor de todo foi ir catro días a Antas de Ulla, e alí poder aprender con outros rapaces. Era unha excursión de moitos colexios de Galiza, aínda que había un grupo de Asturias, onde nos coñecemos e cada un dos grupos demostrou o que sabía, o que aprendera, sen medo de que os outros non o valorasen, porque alí todos estabamos aprendendo grazas a uns profesores profesionais que nos daban materias como expresión e movemento corporal ou interpretación.

A última actuación que



tivemos foi o 30 de xaneiro deste mesmo ano, cando representamos unha obra de teatro xa dedicada ao día da paz. Consistía nunha bomba atómica que ía estoupar, pero logo os átomos puideron fuxir antes de destruír o mundo como quería o Xeneral Xeneralísimo. Con esta obra aprendemos especialmente a improvisar, xa que tivemos só unha semana para repartir os papeis, aprendelos, ensaiar, o vestuario, etc pero logo todas estabamos orgullosas do noso traballo. Ademais tivemos a sorte de poder ir colexio por colexio representando esta obra aos rapaces pequenos que habitan nesta vila, nunca imaxinaríamos o ben que nos acolleron e ademais o apoio que tivemos por parte de todos.

Con este artigo quero dicir que aínda que pareza que o grupo de teatro só é traballar e aprender os papeis e todos eses «rollos», como pensan todos...eu, que formo parte dun grupo, teño que dicir que nunha agrupación non só é traballar, hai momentos nos que ris ata non poder, ata te ris de ti mesmo, por iso existe o teatro para aprender a rirse dun mesmo, aprender que nesta vida ao mesmo tempo que aprendemos tamén nos divertimos.

Aquí vos deixo, moitas grazas e facédeme caso, animádevos a participar. Un saúdo

ELODIE, B1C

O pasado día 30 de xaneiro foi o día Internacional da Paz. A maioría dos colexios e demais centros educativos conmemorárono realizando algunha actividade especial.

Este ano o grupo de teatro do IES de Melide tamén se puxo a traballar no tema da paz e representou a obra «A bomba e o xeneral». O grupo formámolo só rapazas, así que, como consecuencia diso, eu mais unha amiga Elo tivémonos que disfrazar de señores e, como o noso papel era breve, encargámonos tamén da música e das luces, que aínda que pareza unha tontería, se todo se fai ben, cambia moito, e a obra enténdese moito mellor...

O caso é que ocorréuselle a Alba a idea de facer un «tour» polos diferentes colexios de Melide, (pois a obra era máis ben infantil), e coa axuda de dirección, conseguímolos, e fomos esa mañá de colexio en colexio representando a nosa breve obrinha (que por certo, tan só a ensaiáramos tres días, por iso saíu a primeira actuación regular, xa que aínda non estaba todo ben montado).

Con todo isto quería agradecer en primeiro lugar a Loli, que foi quen nos aguantou toda a mañá e organizou bastantes cousas, en segundo ao instituto pola súa colaboración e, en terceiro, a todos os colexios desta vila, pola súa amabilidade.

IRIS PARRADO SÁNCHEZ, B1C

AS ASAMBLEARIAS EN 2º DE ESO

O pasado día 30 de xaneiro conmemorouse o día da paz.

Para celebrar este día, as rapazas de teatro representamos unha pequena obra, chamada « A bomba e o xeneral» onde participamos:
Virginia: como átomo 1
Alba: como átomo 2
Noelia: como átomo 3
Elodie e Iris: señoróns
Giovanna e Edurne: como presentadoras
Carlota e Laura: como axudantes de decorados... etc.




Tampouco nos podemos esquecer da nosa queridísima profesora de filosofía Loly, sen ela non nos sería posible celebrar este día, e tamén de Marga e o resto do equipo directivo por apoiarnos e facilitar o noso traballo. Porque eles foron os que fixeron posible a nosa colaboración, tamén, no resto dos colexios de Melide.

O noso obxectivo ao representar esta obra foi, amosarlle á xente, sobre todo aos nenos, as posibles catástrofes que pode producir unha guerra, as consecuencias das bombas de destrución masiva, as armas... etc

Na obra reflectíase a maldade por parte do xeneral e os señoróns ao querer facer unha guerra atómica coa fin de facerse ricos a conta dela.

Tamén se reflectiu sobre o que tiñamos, isto deu resultado e fixo recapacitar á xente, polo que pensamos que para algo serviu: polo menos nesta pequena representación colaborou o público tamén, e isto levou a unha



maior atención e entusiasmo pola xente que nos estaba a ver e escoitar.

Ademais o que conta é a experiencia vivida, e con respecto a iso temos que dicir que foi unha experiencia moi bonita, porque ao ver as caras dos nenos cando entramos nos colexios e a cara de inocentes que poñían así cos ollíños tan abertos e tan atentos, e interesándose polo que estabamos a dicirlles... Desde logo o público dos colexios foi o que máis nos gustou.

Pasámolo moi ben, aínda que acabamos derreadas despois de andar toda a mañá dun lado para outro.

Ben, pois agora despois deste «rollo» vén o típico....

NON ÁS GUERRAS NIN Á VIOLENCIA !

VIVA A PAZ!!

NOELIA CAGIDE VARELA &
VIRGINIA FOCIÑOS ASTRAR B1B

O mércores, 14 de maio o grupo de teatro Teiroa presentou As assemblearias (adaptación de textos de Aristófanes)

Nós tiñamos algúns coñecementos da Gracia clásica, pero de Aristófanes nen sequera oiramos falar. Podemos suliñar dous motivos, entre os moitos que nos levaron a aceptar a representación da obra, parecíanos divertida e o tema era moi actual. Así que adiante!

De contado apareceron as dificultades: moito texto para aprender, escenas «complicadas» que nos daba moito corte preparar, con excepcións claro,

algúns para nada!! etc. Pero aprendemos moitas cousas e divertímonos. O resultado final xa o vístedes, e se pasástedes un anaco agradable, dámonos por satisfeitos.

Moitas grazas e ata a próxima

PATRI, CARLA E AS NENAS E
NENOS DE 2ºB



VIAXE A MÉRIDA E ANDALUCÍA

QUE FACEMOS EN PLÁSTICA?



Saímos de Melide o día 9 de Maio. Fomos pola Vía da Plata e paramos en Cáceres, onde nos botaron dunha praza por facer barullo e onde nos estafaron por unhas cococolas. Chegamos a Mérida a hora de cear, o hotel estaba moi ben.

A mañá seguinte visitamos Mérida ao completo: o teatro, que é un dos mellor conservados no Imperio Romano, anfiteatro, circo, casas romanas... Estivemos alí dous días, e o día seguinte marchamos para Sevilla, chegamos a hora de comer. Estivemos outros dous días en Sevilla onde tivemos moito tempo libre e facía moita calor. Visitamos a Catedral e Giralda, os Alcázares, a Praza de España, Parque de María Luísa, a Torre del Oro e dimos unha boa volta pola cidade, sobre todo pola famosa Calle Sierpes.

Ao saír de Sevilla fomos a Itálica, que é unha cidade romana que conserva. Despois marchamos para Córdoba, onde pasamos outros dous días. O día que chegamos, fomos ver Medina Azahara, que era unha residencia de califas do s. X. e pasamos unha calor de morte, xa que eran as catro da tarde e, ademais, case non tiñamos auga para beber. O noso albergue estaba no corazón da cidade vella, na Judería, moi perto da Mezquita e tiña unhas habitacións un pouco pequenas. En Córdoba puidemos ver pegadas das tres culturas que alí conviviron na Idade Media: a musulmá, a sefardí (xudea) e a cristiá. O seguinte día pola mañá saímos cara Melide. En resumo, todos o pasamos moi ben.

ALUMNAS E A ALUMNOS DE S4C

Ola amiguiños e amiguiñas!

Fixástesvos na espectacular obra de arte que se está facendo no IES (nós somos os responsables de tal feito), si oh... esa que está alí enfronte de música, xa sabemos que non está nun sitio no que luza moito, pero decidimos colocala aí por unha sinxela razón... que logo desvelaremos. Pero... a que é unha marabilla? Para os máis ignorantes, dirémosvos que se trata de unha famosa obra do tamén famoso pintor Pablo Picasso, titulada «Músicos con máscaras» de 1921. Ben, agora xa non é tan difícil adiviñar por que a colocamos aí, non? Pensamos que sería moi bonito colocar os músicos onde estes puidesen sentir a música de verdade e non estivesen condenados ao silencio eterno, xa que esta debe ser a maior desgraza que lle podería ocorrer a un músico, non vos parece? En fin, só queriamos recordaros que estas obras fan do IES un lugar máis alegre (sendo isto bastante complicado...), así que, por favor, non as estraguedes, porque estarán aí para toda a vida e ben... ademais, nós gastamos bastante tempo e custounos bastante facela. Esperamos que vos gustara como quedou, porque, isto non é só noso, senón de todo o IES. Mandámosvos un gran saúdo: MANUEL, VIRGINIA e ALBITA! Para os/as que teñades pensado coller «Debuxo artístico» en 1º e 2º de Bacharelato con Natalia, seguro que o pasaredes moi ben. Ah! xa se nos esquecía, se nos vedes polo IES, non dubidedes en pedirnos autógrafos..., nós en-

¡¡QUERIDOS COMPAÑEIR@S DO I.E.S!!

¿NON NOTASTES UN CAMBIO NO NOSO INSTITUTO ESTE ANO? E NA ACTITUDE DALGÚNS DOS NOSOS PROFESORES E PROFESORAS?

Nós si. Levamos 5 anos neste instituto, e sen lugar a dúbidas este foi o peor de todos, pero con diferenza, xa que:

En canto que houbo un excesivo control dos corredores este ano. Sabemos que nos corredores de 1º e 2º de ESO era preciso, debido ás circunstancias, pero que culpa temos nos, neste caso, os alumnos de 1º e 2º de BAC? (Supoñemos que nas mesmas condicións se atoparán os de 3º e 4º de ESO?) Levamos dende que entramos neste centro podendo saír aos corredores entre clase e clase, por que este ano non? Nós tamén precisamos respirar un pouco entre clase e clase, aínda que somos conscientes de que a actitude dalgúns alumnos non sexa a axeitada.

Ademais, se este ano se nos prohibiu así de súpeto saír aos corredores, o máis normal sería que nos informades do por que se prohibira iso, e non nos chegara a información por medio dun papel pegado na parede que o único que dicía era que: «queda prohibido saír aos corredores, quen o faga terá unha amoestación». Xa non só isto, pensamos que as cousas do noso interese se nos deben transmitir mediante o diálogo, e non a través de papeis pegados nas paredes de cada aula.

Ademais disto, gustaríanos falar das «famosas AMOESTACIÓNS», xa que parece que este ano están de «moda», polo tanto o instituto está rexido por elas,

poñéndoas nalgún casos inxustamente.

En canto ao noso parecer, as cousas non se amañan poñendo amoestacións ou partes de expulsión, xa que moitos pensan que o alumn@ así cambiará de actitude, e pensamos que iso non é así. A nós parécenos que tería que haber un pouco máis de diálogo entre profes – alumnos, e non todo a través de faltas.

Tamén queremos dicir que poñer unha AMOESTACIÓN, PARTE DE EXPULSIÓN ou nalgún casos PROHIBIRLLE AOS ALUMN@S A ENTRADA NA AULA por chegar un ou dous días tarde é inxusto xa que calquera se pode quedar durmido á primeira hora da mañá, tanto profes como alumn@s. E no caso de que sexa a outra hora da mañá, antes de poñerlle algún tipo de falta, o máis lóxico sería preguntar o motivo desa impuntualidade e despois valorar se se debe poñer algún tipo de falta.

E xa por último, dicir que este artigo fixémoslo sen ánimo de ofender a ninguén, de verdade. Soamente o fixemos porque esta parécenos a realidade deste instituto.

Gustaríanos que para o vindeiro ano cambiara un pouco isto que dixemos anteriormente.

E xa nada máis.
Unha aperta a tod@s

MARTA SUÁREZ CAGIDE, ANDREA PRADO
CONDE, BEATRIZ RAMOS ARES E
LAURA AYUDE PUGA, B1B

A NOVA «LEI» DO IES



Ola compañeir@s; como xa sabedes, o pasado martes foi aprobada polo claustro de profesores unha nova «lei» que non acaba de convencer de todo ao alumnado.

Como nos informou unha circular posta en cada unha das aulas do centro, queda totalmente prohibido saír da aula aos corredores en cambios de clases excepto para cambiar de aula. Tamén queda prohibido ir á cafetería a non ser antes de que toque a sirea que anuncia a entrada ou nos recreos.

Quen non cumpra estas normas será amonestado cun dos partes aos que tanto tememos @s alumn@s.

Acabáronsenos as visitas ao baño e iso de ir preguntarlle á clase do lado as preguntas do exame.

Pero, non vos parece esta medida un pouco esaxerada para un centro de ensino?

Se continuamos con estas prohibicións logo parecerá que @s alumn@s estamos no cárcere en vez de estar nun IES.

Pola miña parte paréceme unha medida un pouco esaxerada... pero é o que hai, e toca, como non, aguántalo.

PABLO MATO GÓMEZ, B1C

ENTREVISTA AOS MEMBROS DO



Ola! Estamos aquí cos membros do Equipo de Debate do IES de Melide, que participou na I Liga Galega de Debate. Eles son Uxía, Sandra, David, Manuel e Lidia.

Pregunta: Para comezar, podédesnos explicar en que consistía a Liga?

Uxía: Participamos 24 equipos de centros públicos, privados e concertados de Galiza. Consistía en que se debatía entre dous equipos sobre o tema de se *debe primar a seguridade pública sobre as liberdades individuais*.

Sandra: En cada debate estaban presentes tres xuíces que nos avaliaban tendo en conta diferentes ítems como o control do espazo, a facilidade de palabra, as preguntas que se facían na mesa, o traballo da mesa... Nas semifinais o nº de xuíces pasou a seis, e o xuíz principal tiña voto de calidade, co que, en caso de empate, este voto valía o dobre. Non sei se queredes engadir algo máis.

Manuel: Non, está bastante ben, iso é todo.

Pregunta: Que vos levou a participar nesta liga?

Manuel: Ben, levounos, un pouco, o noso interese pola oratoria, e tamén a contribución de varios profesores do IES animándonos a participar.

Pregunta: Como foi a preparación do debate?

David: O debate tivemos que preparalo sobre todo nos recreos das semanas anteriores, reuníndonos os catro cos profesores e a capitá (que a ver se contesta algunha pregunta). Desde tres semanas antes quedamos no recreo e algunha tarde, pero non roubou demasiado tempo.

Pregunta: Podes dicir algo máis, Lidia?

Lidia: Ben, podemos engadir que quedamos con dous centros, Xoán Montes, de Lugo, e o outro... ah!, si, Zalaeta, que foi o primeiro, para facer unha práctica de debate. Fomos a A Coruña a debater e eu penso que resultou ben o ensaio para a práctica final.

Pregunta: Faládesnos da documentación e de todo iso? De que vos valestes?

Uxía: Sobre todo de xornais e de revistas, das últimas noticias relacionadas co tema. Pero tamén, para falar de leis, valémonos de libros de dereito.

Sandra: Ademais tamén nos servimos da Internet, da cal sacamos bastante información.

Pregunta: Que vos pareceu o tema a debater?

Sandra: Moi interesante, aínda que, nun principio, polo menos eu, non vía moito por onde saír. Porén, despois, coa información que todos os profesores nos foron achegando, e a que nós tamén fomos buscando, tiña posibilidades de saír por moitos sitios e elaborar moitas conclusións.

Manuel: Ben, a verdade é que, se non pensas previamente, nunca te cuestionas unha postura entre seguridade pública e liberdades individuais. Pero, unha vez que te achegas ao tema en si, é certo que hai moitos argumentos e moitas cuestións sobre as que se pode debater.

David: Ademais, o principal problema que tivemos alí é que tiveras que defender a postura que che tocase, e era moi difícil defender unha postura sen acabar inevitablemente no termo medio; polo tanto, ao final, os dous equipos estabamos nunha liña moi parecida. Por iso era moi complicado, porque non podíamos ser demasiado extremistas.

Lidia: Eu penso que era un tema do que se podían buscar moitos argumentos. E o que dicía David, que moitas

EQUIPO DE DEBATE DO IES DE MELIDE

veces a un argumento dábaslle a volta e servíache para defender a postura contraria. Pero ben, foi interesante a búsqueda de todos os argumentos.

Pregunta: Cal era a vosa primeira postura?

Uxía: Tocounos defender que a seguridade pública debía primar sobre as liberdades individuais. Debateron David e Manuel, que o fixeron moi ben, e gañamos a uns de 1º de BAC.

Lidia: Ben, realmente todas as veces saíu esa postura menos unha. De todos os debates nos que participamos, que foron cinco, en catro saíu defender a seguridade pública, ou sexa que lles tocou a eles defender a súa postura.

Pregunta: E cal era a vosa postura?

David: Neutral, neste caso. Realmente os argumentos de peso de calquera das dúas posturas... A verdade é que calquera dos catro, dos cinco incluíndo a capitá, somos moi extremistas nese aspecto, pois realmente non tiñamos unha postura moi definida. O que si é certo é que, unha vez ves moitos argumentos dunha postura concreta, quizais, inevitablemente, acabas entendéndoa moito máis. Pero, claro, tamén ves os argumentos da outra postura e xa te dá conta de que ningunha das dúas é perfecta.

Pregunta: Condicionou o voso pensamento a realización desta actividade?

Manuel: A min en particular non. Eu creo que niso reside a técnica do debate, en saber defender calquera cousa aínda que non a penses realmente. O importante é saber



dicir algo oportuno no momento oportuno aínda que realmente non o penses.

Pregunta: Considerades oportuna a elección da postura mediante sorteo?

Sandra: Si, porque así, non noso caso, por exemplo, levabamos repartidas as posturas: a postura a favor era defendida por David e Manuel e a postura en contra por Uxía e mais eu. Porén, algúns equipos tiñan para cada debate preparados dous ao azar, independentemente da postura que tocasse; e así era máis inesperado e improvisado, e máis interesante.

Manuel: Ben, con iso resulta que, se levaban só dous oradores, tiñano máis complicado, porque tiñan que cambiar moi rapidamente dun tema ao outro e igual se facían máis lío. A nós resultábanos máis fácil que cada un tivese a súa postura asignada.

Uxía: A min tamén me pareceu ben a elección da postura mediante sorteo, xa que así non hai problemas e para nós era mellor.

Pregunta: Parecéronvos adecuadas as normas con respecto á vestimenta?

David: Ben, si, no sentido de que, á fin e ao cabo, era un acto público e estaba ben levar unha certa imaxe, minimamente arranxada. Tamén é certo que, nalgúns aspectos, estas normas eran demasiado restritivas, ou , chegado o caso, discriminatorias, porque, por exemplo, estaba prohibido o uso de camisetas. Creo que é posible levar unha imaxe minimamente arranxada sen necesidade de prohibir certo tipo de vestimenta. Pasáronse un pouco nese sentido.

Pregunta: Ti que opinas, Sandra?

Sandra: Pois o mesmo que o meu compañeiro, aínda que, a final de contas, visto que algúns participantes non fixeron moito caso das regras que ao principio deron, o uso de camisetas pasárono moito por alto. Pero ben, eu creo que tamén valoraron un

ENTREVISTA AOS MEMBROS DO



pouco a vestimenta.

Pregunta: Mantivestes relación con outros participantes na Liga de Debate?

Manuel: Si, a verdade é que, ben, eu estou moi contento da xente que acudiu alí; eu tiven relación con varios equipos e realmente era unha xente moi preparada e era moi amena a conversación con eles. E ben, divertínme durante a Liga de Debate, paseino ben coa xente, aínda que creo que os meus compañeiros non fixeron tantas relacións; con algúns aínda seguimos en contacto.

David: Tamén hai que dicir que era difícil seguirte; porque todos falamos máis ou menos con todos os da Liga de Debate, pero Manuel era case o relacións públicas do equipo, era o que ía «negociando» cos institutos de toda Galiza. Pero estivo moi ben, eran moi boas persoas todos.

Manuel: Ben, teño que dicir na miña defensa que o facía un pouco pola beleza das contrincantes.

Pregunta: Entón, seguides mantendo contacto con eles?

Manuel: Si, de certo modo, si.

Pregunta: O tempo de debate, considerásteo oportuno?

un pouco longos; porén, despois vas saíndo e, unha vez alí, a verdade é que pasan rápido os cinco minutos das refutacións e os tres da conclusión.

Pregunta: Considerades que vos prexudicou o cambio de lugar na semifinal?

David: Non especialmente, porque o resultado non deixa de ser decidido por un tribunal, ou sexa que é posible que perdésemos no mesmo escenario. Porén, si que é certo que, con respecto aos outros debates, quizais tivemos unha dificultade engadida, que era que nós eramos os que máis saíamos do atril e a chuvia que caía con forza amortecía moito o son e non se nos escoitaba; nese sentido si que puido prexudicarnos un pouco.

Manuel: Claro, é que tiñamos que manter unha «estreita relación» cos micros do atril porque, senón, non se escoitaba realmente o que querías transmitir, aínda que perdésemos o ítem de dominio do espazo.

Pregunta: Considerades que é xusto que, nun principio, se vos recomendase abandonar o atril e despois se vos dixese o contrario debido a un problema de son?

Sandra: Si, bastante oportuno, porque ás veces levas moito preparado, moitos argumentos, moitas respostas ás preguntas que che poden facer, pero os cinco minutos, polos nervios e a tensión, fanse

Manuel: É ao que nos estabamos referindo agora. Non o consideramos xusto porque, efectivamente, limitounos no sentido de que nós tiñamos un pouco dominado ese ítem. Ao meu parecer saíanos ben, e en todos os outros debates foi unha axudda para nós, pero neste foi unha limitación.

Pregunta: Que vos pareceu o resultado final?

Sandra: Pois, en certo modo, inxusto, porque, como dixemos até agora, un dos ítems era o do dominio do espazo, e ao final do debate comentáronnos que, por problemas de son, non se escoitara realmente parte das nosas argumentacións. Isto foi algo que xogou en contra nosa e non o tiveron en conta, porque, pode que sexa unha opinión subxectiva, pero realmente fixérono mellor os meus compañeiros.

Pregunta: E ti que opinas, Uxía?

Uxía: Igual cá miña compañeira Sandra, penso que foi bastante inxusto xa que os meus compañeiros o fixeron mellor có outro equipo. De feito, todo o mundo pensaba que íamos gañar nós, xa que eles dominaban o espazo e o equipo contrincante non, e eles levaban as refutacións escritas e aprendidas, mentres que os meus compañeiros refutaban de maneira improvisada, como estaba estipulado nas normas da competición.

Pregunta: Ti que opinas, Lidia?

Lidia: Eu penso o mesmo que os meus compañeiros. Penso que as condicións acústicas non eran as adecuadas, e,

EQUIPO DE DEBATE DO IES DE MELIDE

como eles saían moito do atril, as súas intervencións quedaban totalmente deslucidas. E dos grupos que vin nos sucesivos debates, e arriscándome a pecar de demasiado subxectiva, eles foron os mellores e merecían estar na final clarísimamente.

Pregunta: Parcévos xusto que a opinión persoal dun dos xuíces valesse máis cá dos outros?

Manuel: A ver, era unha medida en certo modo necesaria, pero tamén se podería facer un tribunal que fose impar, así xa se decidiría. Desafortunadamente, o que pasaba era que recaía demasiado a responsabilidade sobre unha persoa, e esa persoa pode ser parcial ou imparcial; e eu creo que todo o mundo somos parciais en favor do equipo que nos chama un pouco máis a atención aínda que non o fixese mellor. Con isto non quero dicir que estivese mal a súa opinión, pois cada un ten a súa.

Pregunta: Pódesnos dicir algo máis, David?

David: A ver, nós queríamos gañar, evidentemente, pero desde o meu punto de vista non era demasiado negativo porque ese tribunal era o mesmo para todos. Quizais era un pouco inxusto porque quedaba o resultado en mans dunha persoa, pero como foron as mesmas normas para todos, tampouco foi especialmente negativo.

Pregunta: Repetiríades a experiencia? Por que?

Sandra: Si, porque, nun principio, estivemos nerviosísimos, especialmente Uxía e eu, porque os meus compañeiros tiñan unha facilidade de palabra que pa-



recían expertos no tema. Pero, sinceramente, foron uns días en que o pasamos xenial, tanto na habitación, preparando os debates, como nos debates, a pesar dos nervios previos pola elección da postura a defender; isto ademais de que, aínda que non coñecemos tanta xente como Manuel, non fixemos tantas relacións, a xente que coñecemos pareceunos fantástica.

Manuel: Eu estou de acordo coa miña compañeira, e eu repetiría sen dúbida. Para min foi unha experiencia nova e logrou que o pasase ben durante unha fin de semana; e tamén que coñecese a moita xente interesante, cousa que, ás veces, é un pouco difícil. A mecánica dos debates, para min, estivo bastante ben, é unha especie de proba para a túa sultura falando. Resultoume entretido e, ao mesmo tempo, foi como un pequeno reto que me impuxen; e, aínda que non chegamos á final, non nos foi de todo mal: iso tamén axuda a que queiramos repetir.

David: Eu repetiría, pero dentro dun tempo, agora mesmo

quizais estea demasiado cerca. Pero, ben, é unha experiencia boa, facendo balance, porque gañas moita confianza en ti mesmo ao falar diante de tanta xente ao longo de tantos debates.

Uxía: Eu repetiría, non agora, igual que David. Eu pasei moitos nervios, paseino bastante mal, pero a experiencia foi moi boa e apréndese moito.

Lidia: Eu tamén repetiría porque todo o que sexan actividades deste tipo, que fomentan o espírito crítico, me parece moi interesante, pero cambiaría algunha cousa, como, por exemplo, o escenario final, que o faría máis axustado ao debate.

Moitas grazas polo voso tempo, grazas por estardes aquí e contardes a vosa experiencia, que nos pareceu moi boa.

REALIZARON ESTA ENTREVISTA CRISTINA EXPOSITO GARCÍA, CRISTINA RÚA CASTRO, CARMÉ MONTERROSO GÓMEZ, SANDRA ABAD GARCÍA, OLALLA VÁZQUEZ VARELA E VANESSA TABOADA VÁZQUEZ COA AXUDA DE MABEL, PACO E OUTROS MOITOS PROFES. MOITAS GRAZAS E ADEUS.



ADEUS



Ben, aquí estou, escribindo unha despedida na que non sei que poñer. Levo tanto tempo desexando facer isto... e agora non sei por onde comezar, nin sequera sei se de verdade quero facelo. Parece mentira o rápido que pasou o tempo, se aínda foi onte cando entrei no IES e en poucos días vou estar fora... vou botar tantas cousas de menos, tanta xente, tantos recunchos deste lugar. Fai seis anos cheguei aquí cargada de ilusións e de desexos, agora marcho cargada de bos momentos e amig@s. Chegamos aquí sendo un grupo de tres que pensabamos que estaríamos xuntas toda a vida, porén, iso non pasou; aínda así, marcho de aquí con esas persoas que me axudaron en todo, que nunca me deixaron e que me axudaron a mellorar

como persoa, quérovos infinito TANIA, IRIA, MERY, LÚ, SONIA, NATY, CRIS, DIEGO, CRISTINA... GRAZAS!!

O outro día, nunha clase de inglés, alguén me preguntou a que profesores botaría de menos, o primeiro que me veu á cabeza foi Paco (e as súas clases de literatura do XX), el axudoume en todo o que puido, dicir que non é un mestre calquera, é un gran amigo. Tamén lle teño que dar as grazas a moitos outros mestres dos que aprendín que renderse non era o mellor camiño, que tiña que loitar se quería ser algo neste mundo, eses que me mostraron que despois disto ven unha vida na que papá e mamá non te van quitar de todas as leas, eses que nos aprenderon a ter as nosas propias ideas; Susana Losada, Ana Bicos, Isa, Marga Quintela, Lidia...

Delas e de moitos máis espero seguir aprendendo estes catro anos que me esperan lonxe de aquí.

Nestes seis anos no IES tamén atopei mestres que fixeron todo moito máis difícil, eses que fixeron que nalgún momento quixera marchar e abandonar o meu soño; a eles tamén (relativamente) lle teño que dar as grazas por facerme ver que na vida non todo son boas persoas (e xa se pode ir dando por aludida algunha...).

E a vos dicirvos que non vos asustedes, que o noso instituto non é tan malo; eu tamén o pensaba ao principio pero agora vexo que non, non vos rendades nunca, loitade polo que queredes e polo que credes xusto e sobre todo, desfrutade de todos os momentos aquí porque este lugar é único. Podo dicir que marcho contenta, porque se xiro a vista atrás vexo todos os bos amigos e momentos que me levo de aquí. Nestes últimos días houbo unha persoa que me aprendeu algo que espero poñer en práctica a partir de agora, esa persoa díxome que tiña que pensar, crer, soñar e atreverme; prometinlle facelo e vou manter a miña promesa, prometo voltar aquí convertida nunha gran actriz e non defraudar nunca aos que tanto me axudaron, tanto aquí como fora. ATÉ PRONTO!!!!